
COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

*APROPIACIÓN CULTURAL E
CONTRADISCURSO HISTÓRICO*

A MATERIA ARTÚRICA NA LITERATURA GALEGA

MARÍA XESÚS LAMA LÓPEZ

EDICIÓN DE
MARÍA JESÚS BOTANA VILAR E CLAUDIA MARIÑO GÓMEZ

VOLUME I

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DO ALGARVE

FARO 2022

*APROPIACIÓN CULTURAL E
CONTRADISCURSO HISTÓRICO*

COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

*APROPIACIÓN CULTURAL E
CONTRADISCURSO HISTÓRICO*

A MATERIA ARTÚRICA NA LITERATURA GALEGA

MARÍA XESÚS LAMA LÓPEZ

EDICIÓN DE
MARÍA JESÚS BOTANA VILAR E CLAUDIA MARIÑO GÓMEZ

VOLUME I

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DO ALGARVE

FARO 2022

COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

DIRECTORES **Pere Ferré** e **María Jesús Botana Vilar**

SECRETARIADO CIENTÍFICO **Claudia Mariño Gómez**

MAQUETAXE E DISEÑO EDITORIAL **Juan Manuel Escribano Loza**

DOI [10.34623/m8h6-q916](https://doi.org/10.34623/m8h6-q916)

Índice xeral

AGRADECEMENTOS	9
ABREVIATURAS EMPREGADAS.....	11
I. INTRODUCCIÓN	15
II. A INVENCIÓN DA NACIÓN E A FABRICACIÓN DUN SISTEMA LITERARIO NACIONAL.....	29
III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX.....	53
BIBLIOGRAFÍA	135

*Para Xavier Lama, o mellor contador de
historias da miña infancia,
e para Ricardo Lama, que me pasou
a forza silenciosa dos Penedos.*

AGRADECEMENTOS

Este traballo ten a súa base nunha tese de doutoramento que defendín hai xa dúas décadas na Universitat de Barcelona, merecendo o premio extraordinario. Daquela estaba eu tan fascinada pola simbología medieval albiscada na base dalgunhas obras contemporáneas que escollín a figura da árbore con toda a súa complexa significación, como imaxe da vida inesgotable e *axis-mundi* onde conflúen os diferentes niveis cósmicos, para representar a axuda dalgunhas persoas que foran fundamentais para chegar a bo porto na experiencia iniciática que é sempre o traballo dunha tese. Por algunha estraña intuición asociara o profesor Basilio Losada coas raíces nutricias que alimentaban a árbore da que brotaran as follas do meu traballo, e velaí que hoxe escribo estas liñas xustamente ao saír da cerimonia en que despedimos o seu corpo mortal que volverá á terra, coa seguridade de saber que a súa vida foi feliz e fecunda e que algunhas das súas ensinanzas seguirán fertilizando o meu traballo e o de tantos. El foi tamén un eixo de conexión coa ilusión e o esforzo das xeracións que nos precederon abrindo camiños para crear e estudar unha literatura galega que para eles era inda pouco máis ca un proxecto e que por eles é hoxe unha realidade fecunda. Para el queredría que estas follas fosen hoxe barco, para acompañalo na travesía con rumbo incerto, quizais ata algunha recendente illa de maceiras.

A miña gratitude para os que formaron os aneis do tronco que me sostivo, aqueles que dun xeito ou outro me apoiaron e inspiraron neste traballo, e que en moitos casos seguen sendo mestres e amigos, e tamén para a miña familia porque eles tiveron que soportar daquela as miñas ausencias e son quen dá sentido a todo. Grazas a Xesús Alonso Montero, Victoria Ciriot, Helena González, Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xavier Lama, Rosa Bello e Antoni Rossell.

Por último corresponde recoñecer o traballo e o entusiasmo do equipo de Estudos Galegos da Universidade do Algarve: Pere Ferré, María Xesús Botana Vilar e Claudia Mariño Gómez, e a axuda inestimable de Juan Manuel Escribano Loza, que rescatou as palabras e lles deu forma en páxinas ben formadas. Eles fixeron posible este libro.

ABREVIATURAS EMPREGADAS

AC	Cunqueiro, Á. (1990) [1974]. <i>El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes</i> . Barcelona: Ediciones Destino.
AdC	<i>Álbum de la Caridad</i> . A Coruña: Imprenta del Hospicio provincial (Cit. por edición facsimilar de Ediciones Giner, 1989).
AdA	Méndez Ferrín, X. L. (1984) [1982]. <i>Amor de Artur</i> . Vigo: Xerais.
Ael	Méndez Ferrín, X. L. (1989) [1976]. <i>Antón e os inocentes</i> . Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
ArAr	Méndez Ferrín, X. L. (1990) [1985]. <i>Arnoia, Arnoia</i> . Vigo: Edicións Xerais.
AmT	Curros Enríquez, M. (1985). <i>Aires da miña terra</i> . Vigo: Galaxia.
ANT	<i>A Nosa Terra</i> . Volumes I-IX 1916-1936. (ed. facs., Vigo, Nova Galicia Edicións, 1995).
BB	Bouza-Brey, F. (1981). <i>Obra literaria completa</i> . Vigo: Edicións Xerais.
BrE	Méndez Ferrín, X. L. (1987). <i>Bretaña, Esmeraldina</i> . Vigo: Edicións Xerais.
CC	Pondal, E. (1961). <i>Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal</i> (R. Carballo Calero, Ed.). Vigo: Galaxia.
CG	Riquer, M. (Trad. e Ed.) (1985). <i>Li contes del Graal/El cuento del Grial de Chrétien de Troyes</i> . Barcelona: Quaderns Crema.
CS	Cunqueiro, Á. (1994) [1956]. <i>As crónicas do sochantre</i> . Vigo: Galaxia.

- CSG O cabaleiro do Sant Grial. En R. Cabanillas (1988). *Na noite estrelecida*. Vigo: Xerais [Edición e introdución de X. R. Pena].
- DRSG Risco, V. (1998). *Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia e Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades [Estudo crítico de J. Ventura].
- EE A espada Escalibor. En R. Cabanillas (1988). *Na noite estrelecida*. Vigo: Xerais [Edición e introdución de X. R. Pena].
- EP Ricón Virulegio, A. (1981) *Eduardo Pondal* (Limiar e escolma de Amado Ricón Virulegio). Vigo: Galaxia.
- EPP Pondal, E. (1989). *Poesía* (Manuel Forcadela, Ed.). Vigo: Xerais.
- GRU *Galicia: revista universal de este reino*. A Coruña, 1860-1864.
- HBL Riquer, I.; Losada, E. e González, H. (Coords.) (2000). *Profesor Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco*. Barcelona: Universitat de Barcelona.
- HG Vereas y Aguiar, J. (1838). *Historia de Galicia: Primera parte que comprende los orígenes y estados de los pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de su conquista por los romanos*. Ferrol: Nicasio Taxonera.
- HXAM Álvarez, R. e Vilavedra, D. (Coords.) (1999). *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- MdA Méndez Ferrín, X. L (1992). *Morte de Amadís*. Barcelona: Antón Agra editor.
- MF Cunqueiro, Á. (1995) [1955]. *Merlín e familia*. Vigo: Galaxia.
- MyF Cunqueiro, Á. (1986) [1957]. *Merlín y familia*. Barcelona: Destino libro.

MU	Cunqueiro, Á (1989) [1960]. <i>Las mocedades de Ulises</i> . Barcelona: Ediciones Destino.
OC-I, II	Cabanillas, R. (1979). <i>Obra Completa</i> (Vols. I e II). Madrid: Akal [Edición e limiar de Xesús Alonso Montero].
OC-III	Cabanillas, R. (1980). <i>Obra Completa</i> (Vol. III). Madrid: Akal [Edición e limiar de Xesús Alonso Montero].
OGC-I a III	Cunqueiro, Á (1980-84). <i>Obra en galego completa</i> (Vols. I-III). Vigo: Galaxia.
OGC-IV	Cunqueiro, Á (1991). <i>Obra en galego completa. IV. Ensaíos</i> . Vigo: Galaxia.
PGC-I	Pondal, E. (1995) <i>Poesía Galega Completa I. Queixumes dos pinos</i> . (Manuel Ferreiro) Santiago: Sotelo Blanco.
PGC-II	Pondal, E. (2001). <i>Poesía Galega Completa II. Poemas impresos</i> . (Edición de Manuel Ferreiro, Ed.). Santiago: Sotelo Blanco.
PreR	García Negro, M. P. e Gómez Sánchez, A. (Eds.) (1996). <i>A literatura galega do pre-renacemento (1808-1863)</i> . Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
POH	Méndez Ferrín, X. L. (1985) [1958]. <i>Percival e outras historias</i> . Vigo: Galaxia.
RC	<i>El Recreo Compostelano</i> (1842-1843). Santiago de Compostela: Establecemento tipográfico/litográfico de J. Núñez Castaño.
RTA	Méndez Ferrín, X. L. (1996). <i>Retorno a Tagen Ata</i> . Vigo: Xerais.
SRA	O soño do rei Artur. En R. Cabanillas, (1988). <i>Na noite estrelecida</i> . Vigo: Xerais [Edición e introdución de X. R. Pena].
VFF	Cunqueiro, Á. (1983) [1972]. <i>Vida y fugas de Fanto Fantini de la Gherardesca</i> . Barcelona: Ediciones Destino.

XS

Pondal, E. (1985). *Queixumes dos pinos e outros poemas*. (X. Senín, Ed.). Vigo: Galaxia.

I. INTRODUCCIÓN

A literatura galega comeza o seu renacer no século XIX nun contexto de reivindicacións nacionalistas que é un eco do movemento que percorre toda Europa dende mediados do século XVIII. Ante a necesidade de xustificar a defensa dunha identidade colectiva diferenciada, imponse o proxecto de recuperar unha historia silenciada e terxiversada dende a cultura hexemónica con intención asimiladora e uniformizadora. Xorde así a través do discurso histórico a postulación da orixe celta do pobo galego, unha idea que funcionará como *mythomoteur*¹ no que se fundamenta a formación discursiva nacionalitaria e que, dende o eido da ideoloxía, se transfire inmediatamente á creación literaria adquirindo unha dimensión estética fundamental. Este mito ten unha eficacia interna extraordinaria para a formación do imaxinario colectivo galego e para a formación discursiva nacionalista, xa que serve para proporcionar unha etnia de identificación —a dos pobos celtas— e, ao mesmo tempo, unha etnia de exclusión fronte á cal pode afirmarse o novo grupo, pois a Galicia celta érguese fronte ao resto da Península de orixe ibera.

Seguindo a análise semiolóxica do mito que propón Barthes nas súas *Mythologies*, no caso do mito celta o "significante" —a reivindicación da orixe celta de Galicia— preséntase unido de maneira natural ao "concepto" —a nacionalidade galega—. A relación que une o concepto do mito á forma é, basicamente, unha relación de deformación (Barthes, 1957: 207) que, neste caso, transmuta a historia en natureza; así pois, o referente parece dar lugar ao significado —a orixe celta xustifica a existencia da nación—, cando en realidade o mecanismo que funciona para crear o mito é o contrario: a necesidade de demostrar a existencia da nación esixe a crenza nun pasado común dende as orixes máis remotas. Para que o mito funcione como tal debe ser percibido polos seus receptores como un todo indisoluble de senso e forma, que establece unha relación de carácter natural co significado, como un sistema indutivo e non semiolóxico e, alí onde en realidade se está establecendo unha equivalencia ideoloxicamente motivada, o consumidor inocente do mito só percibe unha especie de proceso causal nun sistema de feitos indiscutibles (Barthes, 1957: 217). O mito funciona a partir do momento en que a nacionalidade galega adquire o estado de existencia natural, e non de construción ideolóxica. Esta foi a recepción predominante na fase inicial da fundamentación

1 Máiz utiliza este concepto tomándoo do J. Armstrong (*Nations before Nationalism*, Chapel Hill, UNCP, 1982) para referirse ao mito heroico de fundación dunha nación.

teórica da nación, o que permitiu establecer e perpetuar o mito celtista como elemento central na definición da nación galega. Pero a partir dos anos cincuenta comézase a cuestionar cada vez con máis intensidade a orixe celta de Galicia con argumentos científicos e dende o ámbito académico², o que progresivamente fará imposible esa recepción inocente do mito, que entón pasa a considerarse criticamente como un símbolo, de xeito que o significante queda desacreditado, despojado da categoría de realidade, e devén instrumento. O cambio na recepción do mito ten unha repercusión inmediata na súa representación literaria e provocará que a partir dos anos cincuenta se formule dende discursos dialóxicos que cuestionan permanentemente a súa significación ou que exploran a súa dimensión simbólica.

A creación do mito da orixe celta de Galicia parte do traballo dos primeiros historiadores que, no século XIX, comezaron a elaborar un discurso histórico partindo da premisa da existencia dunha comunidade cohesionada e diferenciada no territorio galego. O labor destes historiadores potenciárono os publicistas, que difunden as súas obras na prensa e en traballos de divulgación, e só no último cuarto do século, cando o celtismo defendido por Verey e Aguiar en 1838 está plenamente aceptado nos estudos históricos, esta idea encontra eco no discurso literario dun xeito decidido. Por este motivo considerouse necesario prestar atención nun capítulo inicial aos estudos históricos que ían servir de base e inspiración aos literatos e que nalgúns casos permiten entender as causas ou as orixes de determinados tópicos que señorearon durante décadas na representación da identidade colectiva de Galicia.

Será a obra de Eduardo Pondal (1835-1917) a que inaugure a representación literaria do mito celtista cunha evocación lírica dos tempos primitivos na que se recrea un sistema ideolóxico que recolle os postulados dos primeiros teóricos do galeguismo: o pobo galego debe tomar conciencia da existencia dun período de esplendor no pasado e só así será capaz de ganar a confianza no propio destino que lle permita actuar reivindicando os seus dereitos históricos. Despois do intento de xustificar cientificamente nas obras históricas a orixe étnica diferenciada, o discurso literario achega unha maior capacidade de difusión, ensaiada xa previamente a través das novelas en castelán de Benito Vicetto (1824-1878). A través da apropiación dun repertorio externo iníciase un proceso de heteroxeneización,

2 Ver Armada Pita (1999).

I. INTRODUCCIÓN

dominado polo modelo de inspiración popular que instaurara o texto fundacional dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro (1837-1885). Ao incorporar a tradición dos países celtas créase un novo modelo estético de alento épico, que aspira á elaboración dunha literatura culta e elitista en galego (Méndez Ferrín, 1984; 26 e ss.).

Vencellado ao tema do celtismo xorde, nunha segunda fase que se sitúa xa no século XX, o tema da materia de Bretaña como un intento de continuar coa ampliación do repertorio pola vía culta e, polo tanto, tomando como fontes os primeiros produtos escritos da cultura europea moderna, que se entenden dende o galeguismo como unha nova forma de desenvolvemento da tradición celta. A relativamente escasa conservación de textos medievais da Materia de Bretaña no ámbito galego-portugués, que se limita a traducións da *Post-Vulgata* e un fragmento do *Libro de Tristán*, ofrece un contraste considerable co éxito acadado por esta temática no seu rexurdir contemporáneo dentro do ámbito literario galego. Por iso, deixando á marxe as contadas testemuñas da prosa galego-portuguesa, de difícil acceso para a maioría dos escritores modernos que se interesaron polo tema ata mediados do século XX³, este estudo vaise centrar nas apropiacións e reinterpretacións deste corpus temático realizadas dende a literatura galega moderna que se inician coa obra que Ramón Cabanillas comeza a publicar en 1921. A proposta contida no título deste libro, co uso da epígrafe "literatura galega", remite a unha fase contemporánea da nosa cultura, fronte á "literatura galego-portuguesa" medieval, pois é comunmente aceptado que xa está consolidado o proceso de diferenciación das dúas culturas nacionais —galega e portuguesa— iniciado coa decadencia da cultura medieval e intensificado polo distanciamento de Portugal respecto ás terras do norte debido á súa autonomía política e á súa expansión territorial cara ao sur.

O obxectivo deste estudo é dilucidar os modos de utilización da tradición celta e artúrica, así como o desenvolvemento deste novo modelo consoante a evolución do papel que ten a literatura na definición da

3 O fragmento do *Libro de Tristán* foi editado por D. Manuel Serrano Sanz no *Boletín da Real Academia Galega* en 1928, pero a historia tristaniana resulta marxinada no interese dos escritores galegos modernos pola materia de Bretaña. En canto aos textos artúricos, comezan a editarse en 1944 coa primeira versión censurada da *Demanda do Santo Graal* de Augusto Magne, reeditada completa en 1955, e complétanse coa edición de Henry Carter do *Libro de José de Arimatea* en 1967 e o fragmento da *Suite du Merlin* encontrada por A.-J. Soberanas e publicada en 1979 (Pena, 1986: I, 383-390).

identidade e tamén das necesidades de renovación do repertorio. Para afrontar estas cuestións resultan especialmente interesantes as propostas formuladas dende a etnopoética en canto á consideración do discurso literario como espazo conflitivo, de resistencia simbólica fronte á hexemonía dos valores das sociedades dominantes. A tradición cultural que se inicia en Galicia cos poetas do Rexurdimento e se consolida a comezos do século XX coas Irmandades da Fala e a Xeración Nós asigna á literatura un papel fundacional na produción e configuración da conciencia colectiva, así como na reivindicación dunha identidade marxinada e en proceso de desintegración a causa da presión dun sistema hexemónico homoxeneizador. A reapropiación da memoria histórica será o tema central do discurso étnico, partindo dunha relación dialéctica entre pasado e futuro dende a que se afirma a necesidade dun imaxinario social alternativo.

Tal como sinala González-Millán (1991: 29-50), o discurso literario participa nesta resistencia simbólica xunto con outros discursos sociais e en cada un dos espazos textuais individuais reflíctense múltiples contradicións como consecuencia da súa orixe conflitiva e das tensións ideolóxicas existentes no espazo representacional do que xorden, no noso caso a sociedade galega. Estas tensións maniféstanse especialmente na discursividade narrativa a través dunha serie de marcas de inestabilidade: no texto conflúen diferentes codificacións literarias como a fantástica, a mitolóxica, a realista e a utópica, e establécese como principio de ordenación sémica unha dialéctica da heteroxeneidade que subverte a distinción entre ilusión e realidade, ficción e historia, falso e verdadeiro, insignificante e fundamental. Esta subversión soe ir acompañada dunha serie de trazos característicos dun texto aberto e conflitivo, como son a inestabilidade da voz narrativa (predomina o cuestionamento da autoridade do narrador e o discurso polifónico e plurisignificativo), a renuncia a modalidades discursivas miméticas (incorpóranse sistemas de codificación que se afastan da representación realista), ou a obsesión espacial (o espazo novelístico preséntase como *imago* da memoria colectiva e incluso pode chegar a concibirse como alegoría totalizadora dunha Galicia fragmentada). No entanto, esta produtiva capacidade representacional do discurso narrativo manifestarase na súa plenitude só despois dunha primeira fase caracterizada polo protagonismo do xénero poético e pola subalteridade do discurso literario respecto ao discurso político-ideolóxico polo obxectivo común de construír a suficiente cohesión social para fundamentar a existencia da nación e consecuentemente dun sistema literario autónomo.

I. INTRODUCCIÓN

Partindo da idea de "polisistema" literario desenvolvida por Even-Zohar (1990)⁴, que encerra unha concepción do sistema como dinámico e heteroxéneo, estudíase a evolución literaria do mito celtista e a súa derivación artúrica ao longo dun período en que se conforma o sistema literario galego a partir dunha existencia negada dentro do sistema da cultura española para pasar da periferia ao centro dentro dun sistema autodefinido. Téñense en conta ademais as consideracións desenvolvidas por este estudioso en canto ás leis de interferencia literaria en polisistemas dependentes. Despois dos longos séculos de silencio impostos polas circunstancias históricas e políticas que favorecen a expansión dunha cultura castelá dominante, os recursos do repertorio literario galego⁵ están bloqueados e a debilidade que o caracteriza determina a súa accesibilidade nunha situación de contacto permanente con outro sistema fortemente establecido. Cando un sistema está debilitado deste xeito non pode funcionar limitándose exclusivamente ao seu propio repertorio e soe adoptar solucións diferentes. Nos casos máis graves a insuficiencia do sistema pode levar a adoptar outro sistema alleo, e así é como xorden os sistemas bilingües ou multilingües, que se

4 O termo "polisistema" proposto por Even-Zohar substituírase habitualmente aquí polo máis sinxelo e familiar de "sistema", tendo en conta a observación feita polo mesmo crítico en canto á utilización de ambos termos:

It cannot be stressed enough that there is no property relatadle to the "polisystem" which could not, as such, be related to the "system". If by "system" one is prepared to understand both the idea of a closed set-of-relations, in which the members receive their valúes through their respective oppositions, and the idea of an open structure consisting of several such concurrent nets-of-relations, then the term "system" is appropriate and quite adequate. The trouble is that stablished terms tend to preserve older notions. New terms must therefore be coined to make the concepts behind them conspicuous, even when oíd terms would in principie suffice. (Even-Zohar, 1990: 12)

5 Seguimos aquí tamén a terminoloxía de Even-Zohar, quen define o concepto de "repertorio" como segue:

"Repertoire" designates the aggregate of rules and materials which govern both the making and use of any given product. [...] If, on the other hand, manifestations of "literature" are considered to exist on various levels, the "literary repertoire" may be conceived of as an aggregate of specific repertoires for those various levels. Therefore, a "repertoire" may be the shared knowledge necessary for producing (and understanding) a "text", as well as producing (and understanding) various other producís of the literary system. There may be a repertoire for being a "writer", another for being a "reader", and yet another for "behaving as one should expect from a literary agent" and so on. (Even-Zohar, 1990: 39-40)

desbotan en canto se pode pola súa escasa economía fronte aos sistemas unilingües⁶. O galego, por suposto, está entre estes casos graves. Pero esta carreira cara á asimilación que culmina na adopción dun sistema alleo comezouse a frear a mediados do século XIX⁷, cando escritores, historia-dores, políticos, juristas, economistas, xeógrafos, lingüistas e xornalistas, entre outros, deron en traballar cunha orientación ideolóxica clara para desenvolveren un repertorio propio, ata entón silenciado e atrofiado. Iníciase así un longo camiño cara á creación dunha literatura de resistencia, que aspira a liberarse de interferencias determinantes e vai configurando progresivamente a súa potencialidade subversiva fronte ao sistema dominante co cal está en confrontación permanente e tamén fronte aos valores culturais hexemónicos transmitidos por ese sistema. O celtismo e a tradición do *roman* medieval serven como mecanismo de choque na resistencia activa á interferencia co sistema cultural castelán, introducindo outra interferencia, mais esta escollida coa intención de buscar outro modelo nunha cultura de prestixio e ideoloxicamente significativa, pero que non representa unha ameaza de substitución.

6 A decisión de producir literatura en galego por parte dos escritores do Rexurdimiento constitúe de seu unha actitude de resistencia á asimilación e soe ser un paso decisivo para a elaboración dun contradiscurso cultural, incluso con independencia do contido dos textos, como se observa aínda na actualidade. Pero a importancia da escolla lingüística non só afecta á construción do discurso, senón á totalidade do fenómeno literario, tal como explica Barbara Harlow:

The very choice of the language in which to compose is itself a political statement on the part of the writer [...] The debate on language is crucial to a discussion of resistance literatura, involving as it does questions of writer and background as well as issues of readership and audience. (Harlow, 1987: XVIII)

Sobre as consecuencias da escolla lingüística sobre as diferentes instancias comunicativas en situacións de conflito véxase Figueroa (1988).

7 Este proceso é común a moitas culturas minoritarias que, neste momento histórico, ou ben son definitivamente asimiladas, ou ben comezan a expresar a súa identidade diferenciada:

Rising nationalism since the eighteenth century has encouraged rejection of alien systems while democratization processes have enlarged the social range of high culture consumera, thus making lingual diversiy undesirable. (Unless, of course, there is no agreement about the kind of nationalism through which the collective sense of identity can be expressed. In such cases, diversity will not be neutralized, but rather maintained and encouraged). (Even-Zohar, 1990: 81)

I. INTRODUCCIÓN

Xunto cos mecanismos de interferencia que poden contribuír a absorber ou a reforzar un repertorio, interesan outros fenómenos que adquiren unha significación especial no proceso de formación e consolidación dun sistema literario autónomo, como son os procesos de canonización ou os métodos e a influencia das accións de planificación cultural. Neste senso interesa analizar a posición das obras estudadas dentro do sistema e a súa posible produtividade como modelos de canonicidade dinámica, así como a posible influencia das actividades de planificación cultural no proceso de produción e de recepción.

As recreacións literarias do celtismo e da materia artúrica serven para ilustrar este proceso en varias fases diferentes a través dalgunhas obras especialmente significativas que centran este estudo. Non é o propósito deste traballo facer un inventario exhaustivo das obras que recrean a temática escollida na totalidade do repertorio textual galego, senón cuestionar as razóns da frecuencia crecente dunha escolla temática na produción de textos e analizar o seu tratamento en diferentes momentos clave do desenvolvemento do sistema e o diálogo que se vai tecendo entre eles. As diferentes fases que se consideran aquí comezan coa intensa actividade de planificación cultural que sae das mans da xeración do Rexurdimento decimonónico, para continuar co esplendor literario que acompaña a organización política do nacionalismo nos anos vinte, máis adiante coa recuperación cultural baixo a ditadura nos anos cincuenta e culminar co proceso de normalización cultural posibilitado pola chegada da democracia e que comeza a activarse nos anos oitenta. Catro escritores ilustran coa súa obra cada unha destas fases: Eduardo Pondal (1837-1917) coa súa obra *Queixumes dos pinos* (1886), Ramón Cabanillas (1876-1959) co seu poema narrativo *Na noite estrelecida* (1926) e diversos textos da súa produción lírica, Alvaro Cunqueiro (1911-1981) coa súa obra narrativa de posguerra e especialmente *Merlín e familia* (1955), a primeira das súas novelas, e Xosé Luís Méndez Ferrín (1938) con parte da súa obra narrativa dende *Pervival e outras historias* (1958) á novela *Breña, Esmeraldina* (1987). Nestas diferentes fases, parece observarse unha progresión de actitudes: a mímese do discurso monolítico hexemónico adaptado aos propios fins en Pondal e Cabanillas, a deconstrución dese discurso a través da desmitificación, que pode chegar a ser paródica en Cunqueiro, e a elaboración dun discurso utópico alternativo en Méndez Ferrín. A variedade das obras analizadas impón a necesidade de botar man de diferentes métodos de análise, dende o achegamento historicista ao simbólico ou narratolóxico, se ben todos

eles se unifican en función do obxectivo final que consiste en dilucidar a posible repercusión da obra de cada un dos autores estudados na ampliación e consolidación dun repertorio literario galego.

A partir da reivindicación esencial dunha orixe étnica diferenciada, a mediados do século XIX o galeguismo asume a defensa da lingua propia como elemento fundamental para a creación dunha literatura nacional, xa que a lingua comeza a ser considerada un aspecto esencial na definición da nación⁸. Este é un paso decisivo para a configuración dun sistema literario nacional independente que, co tempo, vai identificar os seus produtos a partir do criterio lingüístico, aínda que o debate sobre a pertinencia deste criterio se mantén aberto ata datas recentes e de feito pode cuestionarse en calquera momento. Os autores estudados tamén reflicten na súa traxectoria a importancia da opción lingüística na configuración do sistema literario nacional e os problemas que comporta, provocando a exclusión dese sistema de autores como Benito Vicetto, que escribiu as súas novelas cunha clara intencionalidade de construír un pasado lendario e reivindicar a identidade diferenciada de Galicia, pero utilizando a lingua castelá, nunha época en que a reivindicación da lingua aínda non se consideraba un elemento prioritario.

A recreación dun universo celta primitivo deriva a primeiros do século XX, como xa se dixo, na apropiación da materia de Bretaña, especialmente do ciclo artúrico, que se converte en obxecto de interese para os escritores galegos pola súa vinculación con esa mitoloxía celta da que o nacionalismo pretendía apropiarse como patrimonio cultural común dos pobos atlánticos. A temática artúrica permite a representación dun mundo mítico determinado a través do cal se suxire ao lector unha visión antioficialista do pasado histórico, creando un espazo textual alternativo e heterotópico⁹, que xorde a través dunha transformación da propia tradición artúrica,

8 A formación da identidade nacional é condición indispensable para a consolidación dunha lingua como tal, a súa fixación por escrito e a conseguinte elaboración dunha norma unificadora e dignificadora. A tardía consolidación do rumano pola interferencia coas culturas eslavas máis próximas, especialmente o esloveno, é un bo exemplo (ver Windisch, 1993). González-Millán (1988: 6-7) comenta as obxeccións expostas por diferentes teóricos fronte aos defensores do nacionalismo filolóxico, argumentando que a idea de nación é previa á súa articulación filolóxica e baséase sobre todo nunha experiencia étnica. O caso galego é un bo exemplo, como teremos ocasión de comentar máis adiante.

9 Termo utilizado por Foucault para designar, dentro do espazo externo, certos lugares nos que están simultaneamente representados, refutados e invertidos todos os espazos reais que conforman a cultura. Fronte ás "utopías", que se caracterizan por unha relación de

I. INTRODUCCIÓN

en busca sempre da harmonía e resolvendo por diferentes métodos os elementos de conflito que desencadean a traxedia final coa destrución do mundo cabaleiresco no ciclo medieval. Ademais a materia de Bretaña interésalles aos escritores galegos para reforzar a idea da esperanza nun futuro de recuperación nacional a través da figura do líder mesiánico encarnada polo rei Artur, que se utiliza subliñando o seu paralelismo coa figura de Dom Sebastião, o rei Esperado portugués.

Ao mesmo tempo debemos ter en conta a importancia da Idade Media como referente cultural e ideolóxico para a cultura galega, sobre todo cando comeza a difundirse a existencia dos *Cancioneiros*, ao facerse a finais do século XIX as primeiras edicións que facilitan un acceso maioritario¹⁰. A conciencia dunha Idade de Ouro cultural que proporciona o coñecemento deste patrimonio literario vén substituír a conciencia de carencia e marxinalidade existente ata entón e por iso comezan a tomarse en conta novos referentes na construción do discurso literario. Os fragmentos en prosa conservados da materia de Bretaña en galego-portugués, porén, non se darán a coñecer ata a segunda metade deste século¹¹, polo cal é moi improbable a súa influencia nas obras

analogía co espazo real da sociedade, pero son espazos irrealis, as "heterotopías" teñen unha concreción real e poden presentar diversas características e funcións:

"Either their role is to create a space of illusion that exposes every real space, all the sites inside of which human life is partitioned, as still more illusory [...]. Or else, on the contrary, their role is to create a space that is other, another real space, as perfect, as meticulous, as well arranged as ours is messy, ill constructed and jumbled". (Foucault, 1986: 27)

10 Xesús Alonso Montero destaca a ausencia de tradición literaria no Rexurdimento decimonónico pola tardía publicación do corpus lírico medieval, mentres os escritores de primeiros deste século xa tiveron doado acceso a el:

Cuando Rosalía de Castro empieza a escribir sólo un número muy escaso de textos antiguos son conocidos por los más eruditos. [...] El primero en imprimirse completo fue el Cancionero de la Vaticana en 1875, le siguen el Colocci Brancuti (hoy de la Biblioteca Nacional de Lisboa), editado en 1880, y el de Alfonso X en 1889. El último será el de Ajuda, impreso en 1904. (Alonso Montero, 1970: 16-17)

Sobre este tema ver Teresa López (1991), que demostra que se coñecía a existencia da tradición medieval, aínda que non fose cun coñecemento directo dos textos, dende a xeración dos primeiros provincialistas, e rexistra referencias á lírica medieval xa referencias á lírica medieval xa nos artigos de Neira de Mosquera en *El recreo compostelano*.

11 A *Demanda do Santo Grial* foi publicada en 1955 por Augusto Magne, o *José de Arimatea* en 1967 por Henry Cáster, e o fragmento do Merlín editouno en 1979 Amadeo J.

producidas con anterioridade á súa publicación. Pero as resonancias do mundo cabaleiresco estaban presentes nos *Cancioneiros* e as versións castelás do ciclo artúrico eran ben coñecidas dende a súa publicación en 1907 polo catedrático Adolfo Bonilla y San Martín no volume 1 de *Libros de Caballerías*. Alén diso, a crecente moda desta temática na literatura anglosaxona permítenos supoñer que para os escritores galegos non eran descoñecidas obras como os *Idylls of the King*, de Alfred Lord Tennyson, publicados entre 1842 e 1885, a parodia cómica realizada por Mark Twain en *A Connecticut Yankee in Kings Arthur's Court* (1889) ou os poemas inspirados no tema do Graal de T. S. Eliot en *The Waste Land* (1922), por non falar da exitosa ópera que Richard Wagner dá a coñecer en 1882 co título de *Parsifal*, inspirada no mesmo tema.

A alteridade da literatura medieval fai que sexa un material idóneo para a súa apropiación de cara á construción dun discurso diferenciado do hexemónico. As bases desa alteridade, que Hans Robert Jauss (1989) encontra en parte na diferente posición do home medieval ante o mundo, eran familiares para os escritores galegos. A carencia de tradición, o afastamento tanto dos modos de vida primitivos —e os seus mitos e rituais— como do sistema e os roles da sociedade industrial, e tanto da elemental ignorancia como da ciencia moderna baseada no coñecemento experimental, son trazos aínda perfectamente detectables na sociedade rural galega de principios de século¹². A indistinción entre realidade poética e realidade histórica, que Jauss (1989: 15) sinala como trazo común entre a literatura medieval e outros moitos contextos de estadios arcaicos da literatura, será en certa medida cultivada conscientemente polos literatos galegos no seu afán de recuperar a historia negada pola única vía posible, o código subalterno da literatura¹³.

Soberanas. En canto ás pegadas da materia de Bretaña nos *Cancioneiros* ver Entwistle (1975: 155-156).

12 Téñase en conta que só a primeiros dos anos vinte se consegue a redención dos foros reivindicada polos sindicatos agraristas, o que permite o acceso dos campesiños á propiedade da terra e a superación dun sistema de produción aínda medieval. Sobre este tema ver Villares (1989: 139 e ss.).

13 Jauss estuda a xénese histórica da separación entre ficción e realidade (1989: 269-178) e destaca que a indistinción entre verdade histórica e poética na Idade Media permite que nos *exempla* morais da *Divina Comedia* de Dante convivan temas e personaxes de orixe sacra, mítica, histórica ou ficcional, de maneira que Tristan ou Mordret aparecen ao lado de figuras históricas ou míticas como Cleopatra, Helena ou Aquiles. Este trazo da poética medieval parece perfectamente captado e recreado na obra de Álvaro Cunqueiro que, como veremos máis

I. INTRODUCCIÓN

Cómpre ter en conta ademais que, despois da obra lírica en que se desenvolve o celtismo de Pondal, a primeira obra galega de recreación artúrica, aínda que escrita en verso, coincide no tempo coa toma de conciencia da necesidade de cultivar o xénero narrativo, é dicir, co nacemento efectivo da novela galega. É evidente o paralelismo entre a situación das linguas románicas na Idade Media e o momento histórico que está a vivir a lingua e a cultura galega a comezos desta centuria: despois de séculos de supervivencia como lingua oral, o galego empeza agora a consolidarse como lingua escrita e lingua de cultura no cumio dun proceso iniciado por unha minoría intelectual contestataria no século XIX. Na terceira década do século XX prodúcese un segundo rexurdimento¹⁴ que se caracteriza por un empeño consciente no cultivo da prosa. Neste contexto Ramón Cabanillas, o poeta das Irmadades da Fala e do movemento agrarista, compón un longo poema narrativo e con el inicia o salto epistemolóxico cara a unha estética medievalizante que substitúe o valor contemporáneo da orixinalidade polo da transtextualidade ou, máis concretamente, a hipertextualidade¹⁵. Aínda que sen abandonar o verso, Cabanillas introdúcese no modo narrativo e abre o camiño para o que semella unha intencionada reprodución da evolución formal da materia artúrica na Idade Media co salto das versións iniciais en verso ás prosificacións, que encontrarán o seu correlato nas novelas e relatos que se publican despois da guerra.

Paralelamente a este salto do verso á prosa podemos observar o cambio dende un discurso tradicional monolóxico á plurisignificación e a heteroxeneidade de voces que caracterizan a novela moderna. Neste senso a obra de Cabanillas parece representar unha fase inicial no desenvolvemento dun repertorio literario propio, cunha clara intención de constituír a identidade nacional no tratamento dos contidos, pero a interferencia parece actuar sobre a súa proxección nunha voz narrativa categórica de *auctoritas*, mentres que as obras en prosa de Cunqueiro e Méndez Ferrín

adiante, sitúa os personaxes da súa fantasía ao lado doutros de probada existencia histórica, de orixe mítica ou consagrados pola tradición literaria. Esta tendencia á nivelación de diferentes mundos aparecerá tamén con certa insistencia na obra de X. L. Méndez Ferrín.

14 Os obxectivos normalizadores e modernizadores dos intelectuais galeguistas nestes anos concéntranse en diversas fronte, tal como sinala Mercedes Brea (1994: 91) nun denso resume: mentres van forxando a organización política do nacionalismo propician a elaboración de gramáticas e dicionarios, o cultivo da prosa ficcional, o teatro e o ensaio científico, elaboran plans para a galeguización do ensino, promoven a actividade editorial, etc.

15 Para o fenómeno da interferencia textual e as súas variantes adóptase a terminoloxía establecida por Genette. (1982: 7-16)

aproxímanse á creatividade dialóxica que Bajtin asociaba especialmente co xénero novelesco¹⁶. Non obstante, a interferencia non debe entenderse aquí como adopción da ideoloxía da literatura fonte, senón sinxelamente da actitude desde a cal se presenta o discurso. Unha actitude autoritaria que podería explicarse pola necesidade de afirmarse na diferenza coa mesma autoridade que a empregada polo sistema hexemónico para impoñer os seus códigos asimilando as culturas máis febles. Neste senso falamos tamén da creación mimética, que se estende ao campo da representación. Non se quere dicir con isto que a obra de Cabanillas se constrúa sobre unha representación mimética da realidade material, senón do mundo de ficción dos textos que toma como modelo (non se trata dun texto único, senón da materia de Bretaña coas súas múltiples concrecións textuais). Nos escritores posteriores, pola contra, observaremos que os motivos temáticos ou formais deste corpus se utilizan só como punto de partida para crear discursos persoais, sexan desmitificadores ou creadores de mitoloxías propias.

16 Iris M. Zavala recolle con acerto a significación do concepto de dialoxía utilizado por Bajtin, que ten consecuencias evidentes na organización discursiva:

"La creatividad dialógica se fundamenta en la resistencia (carnavalización), en el juego de voces (conciencia, posiciones dialógicas del sujeto) y en la inscripción de la otredad (palabra ajena) frente a la reproducción de las normas oficiales. Subraya la apertura en contraste con la estratificación ideológica y el dogmatismo de los sistemas sociales y discursivos (lo monológico)." (Zavala, 1991: 173-174)

II. A INVENCION DA NACION E A FABRICACION DUN SISTEMA LITERARIO NACIONAL

1. Os procedementos de *nation-building* e a literatura

O cultivo da temática celta e da materia artúrica na literatura galega está estreitamente vencellado coa intencionalidade de contribuír á fabricación e afianzamento dun imaxinario colectivo por parte dos escritores galegos, dentro dun proceso de construción da identidade nacional que se inicia cos predecesores do rexurdimento cultural decimonónico. O desenvolvemento desta macrometáfora nacional pode seguirse ao longo da historia da literatura galega dende os momentos fundacionais ata a actualidade, se ben experimenta cambios importantes na maneira de afrontala nos textos ao longo do tempo, do mesmo xeito que se transforma a propia idea da nación e a súa percepción social. A importancia da contribución da literatura na elaboración da idea de nación é un aspecto que se está tomando en consideración progresivamente dentro dos estudos de teoría e crítica literaria, como consecuencia das novas perspectivas de análise do nacionalismo que se abren camiño nas ciencias sociais, sobre todo dende os anos setenta do século XX, superando o organicismo das análises tradicionais.

No estudo e valoración dos movementos nacionalistas perpetuouse a vella concepción etnicista da nación, que dá por sentada a existencia dunha base "natural" das reivindicacións políticas nunha unidade étnica que presenta unha cultura, unha raza, unha lingua ou unha relixión definidoras e diferenciadoras. A nación sería, polo tanto, preexistente ao nacionalismo e este considérase como unha simple manifestación da toma de conciencia da propia existencia desa comunidade nun momento histórico determinado, que dá lugar a actividades de resistencia fronte ao poder político establecido. Esta concepción da nación como un ente de carácter obxectivo, de esencia inmutable, que nalgún momento se manifesta na historia, coincide case plenamente coa autorrepresentación do propio discurso nacionalista e rexéitase dende novos achegamentos teóricos con perspectiva construtivista, que coinciden en considerar a nación como un construto social, é dicir, un produto sociopolítico resultante de complexos procesos de *nation-building* (Máiz, 1997: 111 e ss.). Dende esta perspectiva, a nación non precede o nacionalismo, senón que é unha consecuencia del e dos procesos de transformación social que mobiliza. Máiz presenta unha panorámica das diferentes achegas teóricas dende as que se apuntan unha serie de factores que concorren no proceso de *nation-building*: a etnicidade; os procesos de modernización que xeran adhesión ou resistencia; a comunicación e a mobilización social, na que

poden intervir medios de comunicación e institucións como a escola, e o conflito de intereses que afecta a elite social¹⁷.

Os innumerables estudos sobre diferentes movementos nacionalistas veñen a confirmar que, para que se produza un proceso reivindicativo de signo nacional adoitan confluír unha serie de precondicións sociais como as citadas, ás que aínda se poderían engadir outras como, por exemplo, a crise do modelo político dominante; o trato discriminatorio dado a un grupo por parte do Estado; as expectativas frustradas da poboación, que xeran descontento; a desigualdade de oportunidades no acceso ao traballo, á educación e ao poder, etc. A partir da formulación das reivindicacións nacionalistas iníciase un proceso de construción nacional, no que Hroch (Máiz, 1997: 123) diferencia tres fases:

1. As minorías intelectuais "descobren" e formulan a identidade diferencial da nación e proceden a elaborar e difundir o correspondente repertorio cultural.
2. Pásase á axitación política e á procura do maior apoio social para a causa nacional.
3. A maioría da poboación asume a súa identidade nacional e maniféstao politicamente.

Independentemente do éxito acadado por un movemento nacionalista, o que lle permitirá chegar ou non á terceira fase deste proceso, dende o punto de vista da historia da cultura interézanos fundamentalmente a fase inicial. En Galicia, a primeira fase deste proceso de construción nacional púxose en marcha a mediados do século XIX, como consecuencia da confluencia dunha serie de circunstancias históricas que corresponden aos diversos factores que vimos de sinalar. En primeiro lugar, unha pequena minoría intelectual inicia o labor de definir os trazos que constitúen a peculiaridade étnica de Galicia, comeza a elaborarse unha historia propia e, en busca da necesaria lexitimación pola antigüidade das orixes, rei-

17 Máiz (1997: 125) remítenos á obra de Breuilly e de Tiryakian (confr. a contribución destes autores en Beramendi, Máiz e Nuñez Seixas, 1994) para as reflexións sobre a incidencia do conflito político na aparición das reivindicacións nacionalistas. Segundo os seus estudos, unha oposición forte ten menos necesidade de apelar á identidade nacional para obter apoio social ca unha oposición feble, por iso canto máis forte se manifesta o poder do Estado, máis probabilidades haberá de que os movementos de oposición interna recorran ao discurso nacionalista.

II. A INVENCIÓN DA NACIÓN E A FABRICACIÓN DUN SISTEMA LITERARIO NACIONAL

vindícase a base étnica celta, o que proporciona os alicerces necesarios tanto para a autoafirmación como para a diferenciación fronte ao outro. A partir desa suposta pertenza á raza celta, fabrícase unha historia que se remonta a un pasado primitivo en que as características da comunidade xa eran identificables, permanecendo dende entón esencialmente idénticas: a organización social, a experiencia relixiosa, a relación coa paisaxe, o carácter, as manifestacións festivas, a vivencia da morte, a vestimenta, etc.¹⁸ Pero, ademais, esta identificación racial proporciónalle ao nacente nacionalismo galego un sentimento de pertenza a unha comunidade supranacional, a dos pobos celtas europeos. Isto permítelle desvencellarse da tradición cultural hispánica e lexitima a nova autonomía cultural fronte ao sistema imposto polo Estado español, coa integración nun novo ámbito rico en tradicións e sustentado nun suxestivo complexo mítico-simbólico.

O conflito social que dá orixe a esta afirmación étnica foi xa abondo estudado, pois provocou un longo silencio na produción en lingua galega dende a brillante explosión cultural medieval galego-portuguesa até o Rexurdimento do século XIX (Brea, 1994).

Este proceso de autodefinición como comunidade diferenciada prodúcese nun momento en que o Estado español está experimentando unha transformación cara á modernización, a cal implica un reforzamento do poder central e comporta graves consecuencias económicas e sociais para unha Galicia inda moi afastada dos procesos de industrialización e que presenta unha anacrónica perpetuación da sociedade rural. Esta circunstancia provoca que as primeiras xeracións de galeguistas manifesten unha actitude favorable ao progreso pois, máis ca consideralo unha ameaza para a sociedade tradicional, a súa ausencia percíbese como unha carencia que afonda na marxinación do país. Así se reflicte tamén na literatura, a través de composicións como as entusiastas loas á locomotora de Eduardo Pondal (EP, 127-129) e de Curros Enríquez (AmT, 139-140). Esta actitude vaise inverter co paso do tempo, a medida que a identificación ideolóxica do galeguismo evolucione dende as posicións progresistas destas primeiras xeracións ata posicións ideoloxicamente conservadoras. Deste xeito, polos anos vinte do século seguinte encontramos as obras dos autores do "grupo Nós" (Vicente Risco, Otero Pedrayo) que, ao mesmo tempo que introducen

18 Aínda nos autores da xeración Nós seguen vixentes estas ideas. Quintana e Valcárcel (1988: 95) comentan as referencias ás características comúns ente a raza celta e o pobo galego na obra de Otero Pedrayo. Sobre o pensamento de Risco ver Beramendi (1981: 141-142).

conscientemente nos textos os ambientes urbanos en busca da normalización do repertorio cultural, transmiten unha visión ideal da sociedade rural, depositaria dos trazos identitarios nacionais, e demonizan a cidade como fonte de todos os males e símbolo dunha nova sociedade dominada por un principio uniformizador e aniquilador da individualidade.

O escaso peso da poboación urbana, xunto con outra serie de condicionantes típicos dunha sociedade que non experimentou o proceso de modernización derivado da Revolución Industrial, como o baixo índice de alfabetización, a deficiente rede de comunicacións e as dificultades de acceso á educación, parecen algunhas das causas que impiden dende o comezo que o movemento nacionalista galego adquira unha auténtica forza social e política. O peso da minoría intelectual galeguista é cativo e ten unha limitada capacidade de incidir, tanto no conxunto da poboación coma nos círculos de poder. Así e todo, o movemento xera as súas propias canles de difusión partindo da prensa liberal, que acolle as plumas máis sobranceiras na defensa de Galicia. De feito, moitos galeguistas foron activos publicistas e profesionais da prensa e mesmo fundaron ou dirixiron xornais e revistas, como é o caso de Antolín Faraldo, Benito Vicetto ou Manuel Murguía, por citar só tres figuras destacadas na conformación ideolóxica do nacente galeguismo. Dende 1861 convócanse os Xogos Florais, cunha compoñente festiva e de acto público publicitario en que se len discursos e se honra os escritores que puxeron a súa pluma ao servizo da comunidade, co obxectivo de incentivar a produción literaria¹⁹. Así, vaise conformando un crecente tecido de editores, xornalistas, historiadores, escritores, artistas, lingüistas, etnógrafos, e activistas diversos que colaboran no estudo e difusión dunha cultura galega diferenciada e con conciencia de si mesma.

Un dos paradoxos cos que se atopan os estudosos do nacionalismo é a obxectiva modernidade das nacións fronte á súa subxectiva antigüidade no sentir dos nacionalistas, pois conflúen a reivindicación dun pasado inmemorial e a proxección nun futuro utópico. Ademais, o nacionalismo, como di Benedict Anderson (1999: 12), produce un efecto máxico que consiste en converter a casualidade en destino. Estes trazos caracterizan tamén o nacionalismo galego e maniféstanse de xeito privilexiado na literatura, a

19 Os primeiros Xogos Florais da Coruña deron lugar á publicación, en 1962, do *Album de la Caridad* (AA.VV., 1980). O fenómeno dos Xogos Florais en Galicia é un capítulo aínda pendente de estudo na historiografía literaria galega e apenas se encontran máis ca algunhas breves referencias nas historias da literatura, sobre todo en función da importancia da publicación do *Album* citado.

II. A INVENCIÓN DA NACIÓN E A FABRICACIÓN DUN SISTEMA LITERARIO NACIONAL

través do tratamento do celtismo e a súa posterior hibridación cos materiais artúricos de tradición medieval, que inciden na xustificación das orixes remotas da nación e na proclamación dun futuro rexurdir nacional.

Anderson (1999) sostén que todas as comunidades superiores á aldea, que permite o contacto directo entre os seus membros, son comunidades imaxinadas e engade que non se pode falar da existencia real dalgunhas comunidades fronte á invención doutras. Polo tanto, as comunidades non se distinguen pola súa autenticidade ou falsidade, senón pola maneira en que se imaxinaron, un proceso no que xoga un papel fundamental a *narrativa da identidade*. Igual ca unha persoa, que despois dos cambios psicolóxicos e emocionais da pubertade non pode lembrar a súa conciencia da infancia e precisa o testemuño dos pais, as fotografías, etc., para poder identificarse coa súa propia existencia nos primeiros meses e anos de vida e construír a súa personalidade a partir deste estrañamento, tamén as nacións precisan buscar os testemuños que lles permitan recoñecerse nas fases previas á súa madurez para construír a súa identidade. Este autorrecoñecemento, xa que non pode conseguirse a través da lembranza, debe ser narrado. É así que nacen as narrativas da identidade, isto é, a biografía ou autobiografía para o individuo e a historia ou a lenda para as comunidades.

As nacións sempre se imaxinan a si mesmas como "limitadas" por fronteiras, alén das cales hai outras nacións, e como soberanas, posto que soñan coa liberdade e teñen como emblema o Estado soberano. Mais, imaxínanse, sobre todo, como "comunidade" cohesionada por unha fonda camaradería horizontal, ignorando a desigualdade e a explotación que poida haber dentro de cada unha. Este sentimento da fraternidade é o que favorece o que Even-Zohar chama *dispoñibilidade* (*readiness* ou *proneness*) para actuar e facer os maiores sacrificios pola idea de patria, ao tempo que esta fraternidade é consecuencia dun proceso de creación de cohesión social a través da elaboración dun repertorio cultural compartido, que xera o propio grupo como entidade diferenciada e permite a súa supervivencia (Even-Zohar, 1998b: 9).

A función da literatura —e especialmente dos produtos literarios que se poden adscribir á narrativa da identidade— na fabricación dun repertorio cultural xerador da comunidade é fundamental, aínda en situacións de deficiente institucionalización. A experiencia de subalteridade, que se adoita traducir na dobre experiencia dunha memoria colectiva silenciada e dunhas limitadas expectativas de futuro (González-Millán, 1995: 72), parece provocar, no caso galego, unha necesidade de compensar estas experiencias a través da reescritura permanente da biografía colectiva dende o código subalterno da literatura. De feito,

a reformulación dos mitos celtista e artúrico baixo formas diferentes apunta cara a esta dirección.

2. POR UNHA INTERPRETACIÓN DO SISTEMA LITERARIO GALEGO DENDE O FUNCIONALISMO DINÁMICO

2.1. A literatura como sistema sociocultural

O sistema literario galego presenta as peculiaridades propias da súa condición subalterna, como corresponde a un sistema que xorde da resistencia ao sistema cultural imposto polo poder político dominante, neste caso o desenvolto dende o centralismo castelán. Por iso, é importante que a aproximación crítica supere o inmanentismo e tome en consideración todos os condicionantes que operan sobre os procesos de produción e recepción nun contexto social determinado. A máis axeitada comprensión dos seus produtos conseguirase só dende a consideración da literatura como un fenómeno social integrado nun marco máis amplo que non esqueza o seu carácter de comunicación, coa importancia que isto lle confire a factores como o referente, é dicir, o mundo representado na obra literaria, o contexto da súa produción e a necesidade dun principio de colaboración entre autor e lector que facilite a comprensión. Ao mesmo tempo o seguimento da evolución das imaxes sobre as que se constrúe unha macrometáfora como o celtismo e a materia de Bretaña, e a súa representación nunha serie de obras producidas en diferentes momentos históricos, enfróntanos coa existencia de cambios no sistema. Polo tanto, debemos ter en conta a súa existencia diacrónica e non concíbilo como unha rede de relacións estática e invariable, senón sometida a unha constante variación como resultado de posibles tensións internas e de múltiples procesos de interferencia.

Xa nas teorías de Bakhtin se concibe a linguaxe como un fenómeno social que nunca pode ser neutral nin estar libre de intencións e, polo tanto, caracterízase todo discurso como dialóxico, en canto non existe illado senón que sempre forma parte dun todo maior dentro do cal se interrelaciona²⁰. Dende 1924, o teórico ruso apuntou, tamén, a idea de

20 Esta idea xa comeza a esbozarse dende o comezo das teorías hermenéuticas, cando Friedrich Scheiermacher formula o concepto de "círculo hermenéutico", segundo o cal a parte de algo enténdese sempre en función do todo e viceversa. Así, o significado dunha palabra está determinado pola frase da que forma parte e a frase só pode entenderse a través das palabras. Do mesmo xeito, poderíamos dicir que un texto literario só pode ser entendido dentro da cultura e o contexto xeral en que se produce e ao mesmo tempo, segundo o postulado de Dilthey, para

que a ciencia literaria debía aspirar a estudar a cultura e a produción cultural considerando a complexidade do obxecto na súa interacción coa dinámica que caracteriza cada estado da sociedade (Zavala, 1992b: 14).

A concepción da literatura como institución social e como medio de comunicación desenvólvese nunha serie de tendencias teóricas que tratan de superar as teorías do estruturalismo francés dos anos setenta, que se cinguían á análise da obra en si como sintaxe de significantes, cunha visión atemporal. Estas teorías foron definidas por Tötösi de Zepetnek (1992) baixo a epígrafe común de "sistémicas", dado que consideran prioritaria a noción de sistema fronte ao protagonismo do texto e este, á súa vez, concíbese como un produto dun sistema complexo que só pode ser comprendido en función das relacións que se establecen no seu interior. Interesa estudar o funcionamento dos textos na sociedade atendendo aos condicionantes da súa produción, distribución, consumo ou institucionalización e, sen limitarse á interpretación dalgunhas obras canónicas, descubrir os mecanismos que rexen a configuración e os cambios da canonicidade. Nesta liña inscríbense os traballos de diferentes escolas, como a Semiótica da Cultura de Iuri Lotman²¹, os estudos sobre o campo literario de Pierre Bourdieu²², a Teoría Empírica de Siegfried Schmidt e a Teoría dos Polisistemas de Itamar Even-Zohar²³, mentres que no ámbito

entender os seres humanos cómpre entender as súas expresións culturais e non só os textos, senón as diferentes formas de arte e accións (Makaryk, 1997: 90-94).

21 En 1963, Lotman é nomeado xefe do Departamento de Literatura Rusa na Universidade Estatal de Tartu, en Estonia, e dende entón empeza a organizar unha serie de seminarios sobre diferentes temas que dan lugar a diversas publicacións sobre semiótica. O seu enfoque semiótico estrutural da literatura segue o maxisterio dos formalistas rusos, especialmente Tynianov e Jakobson, e a Escola de Praga. É o fundador da Escola de Tartu, á que se suman semióticos de Moscova como Boris Uspenski.

22 Sociólogo e director de estudos da École Pratique des Hautes Études de París dende 1964, publica a partir desta data as súas obras máis renovadoras e polémicas, destacando a súa tese de que a actividade artística e intelectual é inseparable das loitas pola lexitimidade entre diferentes grupos sociais.

23 A Ciencia Empírica da Literatura, ou Teoría Construtivista artículase na obra de Schmidt a comezos dos anos oitenta a partir dos traballos do pensador Otto Dingler e a súa metodoloxía está en relación con outras teorías sistémicas. En canto á Teoría dos Polisistemas, desenvolveuna Even-Zohar dende finais dos anos sesenta, seguindo os traballos previos dos formalistas rusos, a Escola de Praga e algúns especialistas en semiótica soviéticos como Lotman. Máis tarde sumáronse os seus colaboradores no Porter Institute for Poetics and Semiotics da Universidade de Tel Aviv, como Gideon Toury, Zohar Shavit e Shelly Yahalom, e encontrará resón en países como Canadá, India e Bélxica, que destaca cos traballos de José Lambert (ver Iglesias Santos, 1994).

norteamericano o New Historicism²⁴ e os Cultural Studies²⁵ seguen pre-supostos similares e conciben, tamén, a literatura como unha actividade sociocultural.

Seguindo en parte principios establecidos dende a lingüística, estas teorías poñen de relevo a dimensión pragmática da comunicación literaria. Se o significado dos signos se define en función dun contexto ultrasignico (frase, oración, entoación, contexto extralingüístico...) e, polo tanto, só se pode comprender no uso concreto de cada secuencia, o texto como signo literario non pode ser interpretado como un elemento illado do sistema literario a que pertence e do sistema cultural en que este se inscribe, ao tempo que as circunstancias da súa recepción en cada momento histórico son especialmente relevantes. No caso da literatura galega, a procura dun receptor e o intento de crear un contexto sociocultural axeitado para a comprensión e a valoración de produtos literarios identitarios condiciona determinadas características do propio texto, como por exemplo a insistencia no tratamento de determinados temas como o celtismo e a materia artúrica.

2.2. O sistema dinámico ou polisistema

Tanto a Teoría Empírica de Sigmund Schmidt como a Teoría dos Polisistemas de Itamar Even-Zohar conciben o sistema literario integrado nun sistema máis complexo. Para Even-Zohar (1990), a concepción estática do sistema que se difunde a través da Escola de Xenebra é resultado dunha interpretación errónea do enfoque sincronístico. Pola contra, a "teoría de sistemas dinámicos" parte de que o estado diacrónico (dinámico) do sistema revela unha tensión permanente entre os varios estratos que o compoñen e a vitoria dun estrato sobre outro é o que constitúe o cambio no eixo diacrónico. Por tanto, é a propia heteroxeneidade do sistema a que propicia a súa evolución, e se non hai loita entre estratos non se produce

24 Este termo foi utilizado en 1972 por Wesley Morris para designar unha moda de crítica literaria derivada da obra de historicistas alemáns como Leopold von Ranke e Wilhelm Dilthey, así como dalgúns historiadores americanos. O máximo representante desta escola é Stephen Greenblatt, xunto cos seus asociados da University of California, en Berkeley.

25 Esta nova perspectiva de análise literaria iniciouse en Inglaterra a finais dos anos setenta, a partir dos escritos teóricos de Raymond Williams. Sublíñase a interacción entre as creacións culturais coma a literatura e o seu contexto histórico, con atención aos condicionantes sociais, políticos e económicos.

cambio ningún, o que provoca que os repertorios se pechen cada vez máis e caian no estereotipo.

Para afrontar o estudo do tratamento de determinados temas ideoloxicamente condicionados na literatura galega interésannos especialmente as consideracións que a Teoría dos Polisistemas achega arredor do produtor, do produto e do repertorio. No caso galego, interesa a función do produtor como creador de modelos de realidade, o que explica a súa esencial contribución á configuración da idea de nación, pois o seu discurso parte dunha actitude de resistencia ao poder coa aspiración de lexitimar un repertorio alternativo. Canto máis rico e completo sexa o repertorio, maior será a liberdade de actuación tanto do produtor coma do consumidor, mentres que as limitacións do repertorio favorecen as interferencias con outros sistemas dispoñibles dos cales aquela cultura que ten un repertorio deficitario pode importar diferentes elementos.

2.3. A creación dun sistema literario nacional. A fabricación dun repertorio

Un concepto que interesa particularmente para comprender a importancia de determinadas estratexias de produción no proceso de formación dunha literatura nacional é o de "repertorio", que vimos de comentar e que ten un especial desenvolvemento na Teoría dos Polisistemas. O repertorio literario proporciona a través dos textos, e de todos os axentes do sistema que interveñen para facelos efectivos, un conxunto de ferramentas que axudan a entender o mundo e e permiten extraer instrucións prácticas para actuar nel (Even-Zohar, 1997b), podendo, ademais, ser modificadas polos desexos e as aspiracións dos individuos. No proceso de formación dunha literatura nacional prodúcese unha actuación deliberada orientada a modificar o repertorio con intención identificadora dun novo grupo que se está definindo, por iso se observa a utilización de determinados materiais (temas, opcións estéticas, etc.) que responden a unha busca de diferenciación fronte ao "outro" hexemónico e pretenden fornecer unha nova maneira de entender o mundo e actuar nel.

A selección de certos elementos destacados dun repertorio para identificar un grupo como unha entidade definida é un procedemento común das comunidades humanas para crear "identidade colectiva". Os elementos que se seleccionan para a construción desa autodefinición poden proceder de calquera ámbito. No caso galego, nun primeiro momento xogou un papel

II. A INVENCIÓN DA NACIÓN E A FABRICACIÓN DUN SISTEMA LITERARIO NACIONAL

fundamental a tradición popular, pero a necesidade de ampliar a tradición propia en busca dunha diversificación de rexistros discursivos e de referentes cultos recolleu a teoría dunha orixe racial común, o que permitiu tentar unha definición do "ser galego" segundo unha serie de características que se identificaban como definidoras do pobo celta (costumes, relixión, organización social, etc.) incluso antes da reivindicación da lingua. Pero pronto ambos elementos irían unidos, a partir da intervención decisiva de Manuel Murguía na teorización sobre as características diferenciais de Galicia (Máiz, 1984: 280-283), pois el introduce a consideración da lingua galega como un aspecto esencial da definición identitaria²⁶.

A apropiación da tradición céltica e medieval artúrica activará no repertorio galego unha serie de elementos e modelos que permiten ampliar o repertorio con recursos alternativos á cultura hexemónica da que o sistema literario galego quere desvencellarse. Se a selección de elementos xa existentes no repertorio é o primeiro paso para construír unha identidade, este proceso complétase coa ampliación do repertorio a través da adquisición de novos elementos. Os procedementos que se utilizan para fabricar o repertorio son a *invención* e a *importación* (Even-Zohar, 1997). A invención está relacionada coa importación cando non se coñecen as fontes desta e acostuma estar baseada en analoxías e oposicións, de feito, a importación desempeña un papel fundamental funcionando, segundo as leis de interferencia literaria, cando un sistema é deficitario. Neste caso, non se trata dunha interferencia entre sistemas provocada polo dominio dun sistema sobre o outro, senón dunha interferencia deliberada e propiciada dende unha actitude de resistencia á cultura dominante, que leva a

26 A significación da lingua como elemento identitario é valorada tamén por Even-Zohar, quen chama á atención sobre o seu carácter de vehículo de valores simbólicos, de xeito que a escolla lingüística implica unha decisión sobre a identidade que o grupo quere asumir ante si mesmo e mostrar ao exterior. Mediante o estudo de diversos casos en que conviven nun mesmo territorio linguas diferentes demostrase que a diversidade lingüística non xera conflito por si mesma, senón só cando existe un conflito ideolóxico que activa a confrontación lingüística:

It is not actual language diversity that generates conflict. Whether the diversity becomes activated through language conflicts or remains a peacefully accepted fact of cultural reality depends on whether higher-level semiotic organizers of culture enter into a State of conflict. Such higher-organizers are ideologies that determine the goals of a society through its conception of itself. In modern times, at least since the eighteenth century, nationhood and national identity have become the most powerful such ideology. (Even-Zohar, 1986: 1)

importar novos elementos dun sistema alternativo escollido como modelo de identificación. As tradicións celta e artúrica constitúen elementos que se poden considerar correspondentes á tradición europea e, en principio, calquera cultura nacional moderna pode reutilizar recursos do seu repertorio sen que por iso teña que falarse necesariamente de importación. Porén, no século XIX o contacto da literatura galega con literaturas como a irlandesa, a galesa, a escocesa ou a bretoa esixe un esforzo específico, mesmo os poemas de Ossian, tan estendidos por Europa, chegan á literatura galega a través das primeiras traducións fragmentarias realizadas en castelán e dunha tradución francesa utilizada por Pondal, como se comentará máis adiante. Algo semellante pódese considerar en relación co Corpus artúrico, pois a difusión das fontes francesas medievais vese relegada a ámbitos académicos e accesible, sobre todo, a través do *revival* que se experimenta no mundo anglosaxón. En ambos casos trátase de importacións que responden a unha previa planificación por identificación e que pretenden cubrir unha importante deficiencia do repertorio receptor.

Como veremos, os historiadores galegos do século XIX realizaron, en primeiro lugar, un labor de selección de elementos do repertorio cultural xa existentes, como a espiritualidade, a distribución da poboación en pequenas unidades dispersas, costumes como a loita ou o aturuxo nas celebracións festivas, o traxe tradicional, etc. e, mediante a invención da orixe racial celta, configuraron unha nova opción para asumir como diferenciais unha serie de características que ata entón podían ser consideradas integrantes da heteroxeneidade dun repertorio cultural hispánico unitario. A partir de analogías baseadas sobre todo en algo tan incuestionable como o mundo natural (a paisaxe, a climatoloxía...), reivindicaron a identidade racial e, por tanto, a irmandade espiritual co conxunto de países celtas atlánticos. Partindo desta base, o sistema literario inicia o proceso de importación dunha serie de elementos que veñen a encher unha carencia básica para unha comunidade emerxente: unha historia propia coa conseguente tradición de mitos e lendas. Polo tanto, escóllense como fontes, por unha banda, a literatura considerada celta ou reivindicada como celta e, por outra, a literatura medieval, mais só un certo repertorio desta literatura no que se cría recoñecer un desenvolvemento culto da tradición celta oral. Trátase, xa que logo, dunha selección da literatura fonte que responde a condicións de prestixio e en ningún caso de dominio, pero, así e todo, máis aínda có prestixio inflúe o desexo de integración nunha tradición cultural que posibilite a diferenciación fronte á cultura hexemónica. Esta sería a función que veñen a desempeñar os novos elementos do reperto-

II. A INVENCIÓN DA NACIÓN E A FABRICACIÓN DUN SISTEMA LITERARIO NACIONAL

rio importados, unha función diferenciadora que reforza a selección de elementos identificadores e que xa se puxera en marcha no interior do propio repertorio coa aposta pola tradición popular²⁷.

Cando uns produtos importados teñen éxito no mercado receptor e van integrándose progresivamente no seu repertorio pódese falar de que se producen *transferencias* (*transfer*). Un factor esencial para acadar a aceptación das importacións é que exista unha predisposición dos receptores para o consumo de novos produtos, por iso é importante ter en conta as achegas de historiadores e publicistas que preparan o camiño para que unha obra como a de Eduardo Pondal poida ser concibida e comprendida. O éxito das importacións realizadas na cultura galega a partir da tradición celta e medieval artúrica e as súas consecuencias confírmase a través do seu cultivo continuado ao longo do tempo, dando lugar a produtos moi diversos, de maneira que os elementos transvasados nun primeiro momento son continuamente activados despois dentro do repertorio.

Neste proceso tamén cumpren unha función fundamental as persoas concretas que actúan como fabricantes do repertorio e que, no caso específico da transmisión con éxito, se consideran "axentes da transferencia". Even-Zohar estima que a imaxe que estes axentes proxectan na colectividade tamén pode producir unha predisposición a asimilar os repertorios que eles representan, de maneira que mesmo as persoas que non leron os seus textos poden, en certa maneira, aceptar aqueles produtos a través do recoñecemento ás persoas que están implicadas na produción de determinadas mensaxes. Porén, ao mesmo tempo a figura do escritor pode facerlle sombra á súa obra:

In the case of many makers of new repertoires, their personality, the story about them, often shadows the concrete products they have proposed. In other words, the products, the goods, the items of repertoire have become they themselves. (Even-Zohar, 1997: 377)

27 Even-Zohar (1997: 3) sinala que a importación se produce cando na cultura receptora non existen os produtos para desempeñar unha determinada función. No proceso de desenvolvemento dun sistema literario galego autónomo, os recursos propios conducen ao cultivo dunha estética de inspiración popular e o baleiro de tradición culta condenábo a unha permanente dependencia da cultura castelá da que quere independizarse. A adscrición á tradición do mundo céltico ofrece unha alternativa que mesmo facilita a reapropiación de determinados produtos da tradición hispánica dende unha posición diferente, como sucede cos libros de cabalarías renacentistas e o propio *Quijote*.

Neste senso resulta significativo a transcendencia social da figura dos escritores que tratamos, especialmente no caso de Eduardo Pondal, coñecido como "o bardo" e en boa medida considerado o bardo da Galicia do seu tempo, así como no de Cabanillas, alcumado "o poeta da raza"²⁸. A opción nova engadida pola obra de Cunqueiro ten tamén unha clara proxección a través da súa personalidade de home fantasioso e imaxinativo, mentres que o activismo político de Méndez Ferrín puido favorecer a proxección de determinadas achegas da súa obra moito máis aló do restrinxido círculo dos seus lectores. A natureza e o volume de actividade dos axentes pode influír na adopción ou no rexeitamento da transferencia, aínda que a súa obra abarque un espectro máis amplo que o dos elementos transvasados.

2.4. O cambio diacrónico. Canonicidade estática e dinámica

Na literatura conviven elementos canonizados con outros non-canonizados e quen determina a canonicidade de certo repertorio son os círculos dominantes dunha cultura.

Even-Zohar (1990: 19) apunta a necesidade de distinguir entre dous tipos de canonicidade: unha no nivel dos textos e outra no nivel dos modelos. A primeira, denominada canonicidade estática, prodúcese cando un texto é aceptado como produto concluído e, polo tanto, pasa a formar parte do conxunto de textos escollidos que unha literatura ou unha cultura quere preservar e transmitir como patrimonio dese sistema. O segundo nivel, relativo aos modelos, denomínase canonicidade dinámica e prodúcese cando un certo modelo literario consegue establecerse como principio produtivo dende o repertorio dun sistema.

Aos escritores interésalles que os seus textos sexan aceptados polo grupo dominante entre ese conxunto de textos recoñecidos como parte dos bens culturais da comunidade, pero aínda lles interesa máis que sexan acollidos como modelos produtivos que inspiren novos produtos, pois desta maneira maniféstase a súa capacidade de influencia e a efectividade da

28 Sobre a teoría do vate na obra de Antón Vilar Ponte e outros autores da xeración das Irmandades da Fala que reflicte a importancia que se concedía á literatura na creación da consciencia nacional, ver Monteagudo (1996: 79-80).

súa mensaxe ou da súa proposta estética. O escritor non adquire unha posición no sistema literario só polos seus textos, senón polos efectos que eses textos poden provocar no repertorio.

Entre as obras que cultivan o celtismo e a materia artúrica en diferentes momentos da historia da literatura galega non sempre se pode falar de continuidade dos modelos, senón que encontraremos momentos de cambio en que podería considerarse que as obras anteriores son rexeitadas como prototipos, pese a que se acepte o modelo básico da transferencia inicial e mesmo se acuda á fonte orixinaria para ampliálo. Noutros casos, en cambio, sucede ao contrario e o autor, a pesar de ter acceso a diferentes fontes, opta por cingirse ás referencias dos modelos que atopa dentro da propia tradición, coa intención de fabricar un discurso autoreferencial dentro do propio sistema que o receptor poida percibir como unha rede de relacións internas.

2.5. A planificación cultural e a creación de enerxía

Se a cultura é entendida como unha forza organizadora da vida social²⁹, tanto nun nivel individual coma colectivo, non se pode concibir a existencia dun grupo ben delimitado sen dispor dunha cultura determinada, é dicir, sen un repertorio distintivo e identificable. Pero tampouco se pode pensar na existencia de repertorios homoxéneos, pois só a multiplicidade de repertorios concorrentes, e por tanto a acumulación de capital cultural, garante o éxito e a posibilidade de supervivencia da nación.

A planificación cultural é un método para crear novas opcións nun repertorio e mesmo de crear todo un conxunto de novas opcións que pode chegar a constituír un repertorio independente que evolucionará gañando progresivamente en heteroxeneidade. O obxectivo dos promotores da planificación cultural dende posicións subalternas é sempre mellorar a situación da comunidade destinataria, pero non por iso se pode dicir que as súas estratexias se dirixen a buscar a prosperidade material, senón máis ben a salvar o grupo da humillación e, mesmo, da extinción, poñéndoo en situación de igualdade con outros grupos autónomos (Even-Zohar, 2000: 5). Por iso, nos repertorios resultantes adóitanse utilizar ferramentas como a restauración da grandeza do grupo no pasado, ao tempo que poden

29 Even-Zohar propón a definición de cultura como "un agregado ou un repertorio de opcións que organizan as interaccións sociais". (Even-Zohar, 1995: 182)

aparecer outras como o uso dun idioma sen reputación. Este é o caso, evidentemente, na cultura galega do século XIX e boa parte do XX. Tendo en conta que o celtismo foi un dos elementos fundamentais na fabricación do novo repertorio que se constrúe no século XIX en busca da cohesión da comunidade galega, parece que o seu éxito foi considerable e que non só se mantivo como un trazo reiterado polos produtores de repertorio durante un longo período, senón que se estendeu ao conxunto da sociedade:

Que a raza celta constitúe o soporte étnico e cultural da comunidade galega é unha tese incontrovertida en todo o século XIX e da que participan tódolos historiadores galegos, aínda que aparezan matices que estudiaremos máis adiante. Cando no ano 1901 Murguía publica a segunda edición do tomo primeiro da Historia de Galicia, proseguída no ano 1905 co tomo segundo, a tese do celtismo convírtese nunha especie de dogma para a meirande parte dos historiadores, aínda que xustamente agora aparece a primeira contestación que apenas ten eco en Galicia.

O control da Real Academia Galega por Murguía e o sector afín, despreciativamente calificado polos enemigos de "Cova Céltiga", permítelle oficializar o celtismo por medio do himno galego. Desta maneira unha tese discutible convídese en símbolo e bandeira de Galicia. (Barreiro, 1993: 187)

Efectivamente, no século XX esta teoría comeza a cuestionarse cada vez máis no ámbito científico, empezando nos anos vinte cos estudos etnográficos que se realizan dende o Seminario de Estudos Galegos. Na obra dalgúns ideólogos, como Castelao, apóstase polo desprazamento do significativo "raza", que adquirira protagonismo con Murguía e fora recollido dende unha perspectiva máis conservadora por Risco, en favor da "etnia", que apoia unha formulación cultural-espiritual superadora do puro bioloxismo (Máiz, 1997: 290). Na segunda metade do século sucédense unha serie de estudos que relativizan a importancia do pasado celta (Armada Pita, 1999), mentres van gañando protagonismo na definición da nación outros elementos como a lingua. Paralelamente, na literatura o tratamento do celtismo vai deixando de ter un papel central para trasladarse á periferia como un elemento máis que aparece de maneira episódica na obra dalgúns autores, dentro dun repertorio cada vez máis heteroxéneo. Trátase, pois, dun elemento central na definición inicial do repertorio, que vai perdendo relevancia debido á prolongación no tempo do proceso de consolidación da nova cultura.

A superación da centralidade do elemento racial na definición nacional non implica o rexeitamento de todo o capital cultural xerado arredor da idea da orixe celta, senón que a súa consolidación no imaxinario colectivo da comunidade permite a constante reutilización dende perspectivas diferentes, se ben a actitude monolóxica —case poderíamos dicir doutrinaria— inicial dá paso a posicións dialóxicas que introducen a carnavalización, a heteroxeneidade de voces e a plurisignificación do texto. Deste xeito, pódese considerar que, aínda que a planificación fracase finalmente na introdución dun determinado elemento como base da diferenciación dun novo repertorio, esta actividade xera unha enerxía sociocultural que redundará na mellora da situación do grupo (cohesión social, senso de autoestima, etc.) e finalmente na creación de novas opcións dentro do propio sistema literario.

2.6. A supervivencia do repertorio

Unha vez que se pon en marcha a creación dun novo repertorio cultural e a conseguinte configuración dun grupo para ese repertorio, algúns elementos precisan dun consenso para adquirir unha forma unitaria que forneza unha forma de identificación para a comunidade. Así sucede, por exemplo, coa decisión sobre a lingua escollida, que no caso galego foi un aspecto discutido ata tempos recentes: dende a opción inicial polo castelán, utilizado polos historiadores e os primeiros escritores que planificaron a súa obra dende unha estratexia de resistencia, como Benito Vicetto, pasouse á reivindicación da lingua galega como trazo esencial na definición da comunidade introducida por Manuel Murguía que contribuirá decisivamente a forxar o Rexurdimento literario³⁰, pero a disputa continúa

30 Aínda en 1886, na súa introdución á antoloxía de poetas, fai Leandro Saralegui y Medina a seguinte afirmación, subliñando a importancia da lingua como trazo diferencial pero, ao mesmo tempo, non imprescindible:

No creemos nosotros ni remotamente que la literatura gallega dejase en absoluto de afirmar su sentido provincial por el solo hecho de preferir a la lengua propia de la majestuosa y grave Castilla. [...] Pero al mismo tiempo [...] no dudamos un momento en asegurar que cuantos más elementos provinciales, genuinos, nativos, contribuyan a constituir y determinar una individualidad literaria, más se afirman su espíritu local y su expresión sustantiva, completándose su carácter propio y acentuándose su peculiar concepto. (Saralegui y Medina, 1886: 21)

vixente con maior ou menor forza no século seguinte para derivar máis tarde nunha disputa sobre as opcións normativas do galego.

O postulado da identidade comunitaria de Galicia con base nunha suposta orixe racial única e distinta parece que non foi, nin de lonxe, tan problemático para a súa aceptación como a definición lingüística e, aínda que apareceron voces discrepantes (Barreiro Fernández, 1993), o feito de que procedesen de ámbitos ideolóxicos contrarios ao galeguismo parece que contribuíu a reforzar o acordo interno dentro do nacionalismo en favor desa teoría³¹. Quizais por iso, na literatura esas posturas contrarias non teñen repercusión e a penas se pode considerar a existencia de textos que transmitan unha visión da historia contraria á que se difundirá oficialmente. Así, cando o cuestionamento desta visión comeza a tomar corpo dende o interior do propio galeguismo, a polémica non implica a desaparición dese elemento do repertorio, senón a súa transformación e a reformulación do seu tratamento na ficción, optando por un discurso dialóxico e pola utilización de rexistros en que domina a parodia, a ironía e o fraxil estatuto da realidade en que se sitúa a acción.

31 O principal representante da oposición ás teorías do celtismo foi Celso García de la Riega (1844-1914), xornalista e historiador autodidacta, de ideoloxía liberal como a maioría dos galeguistas das primeiras xeracións, pero contrario ás reivindicacións diferencialistas destes.

3. CONSIDERACIÓNS SOBRE A CREACIÓN DUNHA LITERATURA NACIONAL EN GALICIA

O propio concepto de literatura nacional esixe unha serie de consideracións teóricas para afrontar a súa aplicabilidade ao caso galego. Compre lembrar que na definición de literatura que se propón dende o funcionalismo dinámico esta abrangue un conxunto de prácticas sociais nas que interveñen unha serie de factores que condicionan a produción, difusión e recepción do discurso literario, e polo tanto o desenvolvemento dalgún destes factores non garante que non haxa deficiencias importantes noutros. No caso galego o desenvolvemento progresivo do repertorio non pode agochar as peculiares características dunha dificultosísima institucionalización dende a total desvinculación dos ámbitos de poder nas súas primeiras fases, ata que nos anos oitenta do pasado século esta situación comeza a paliarse relativamente coa aparición dun goberno autonómico. Por iso a dimensión nacional que se lle atribúe ao corpus literario baséase "nun acto de autodefinición utópica e na proxección dun espacio colectivo inexistente como institución social pero efectivo como un imaxinario desexado" (González-Millán, 1995: 68). Só baixo este presuposto se pode concibir a existencia dun sistema literario nacional carente de estado.

González-Millán no seu artigo "Do nacionalismo literario a unha literatura nacional. Hipóteses de taballo para un estudio institucional da literatura galega" (1995: 71) establece as características que deben considerarse para definir un determinado sistema literario como nacional en catro puntos:

- Débense identificar unha serie de aspectos comúns a un corpus textual. No caso da literatura galega son relevantes algúns trazos esenciais e intemporais cos que se asocia a identidade colectiva como o humor, a ironía, o lirismo ou un impreciso realismo máxico, recollidos por algúns autores que se perciben como a voz dun espírito colectivo.
- Esta produción literaria dótase dunha autodeterminación delimitada dentro dos parámetros sociopolíticos do espazo nacional. Para eso dende a crítica postúlase a especificidade dos diversos procesos que constitúen o sistema literario como a evolución cronolóxica, movementos, xéneros, etc. Así propónse para o sistema literario galego unha evolución específica ignorando as relacións eos sistemas cos que está en contacto problemático.

- A unha literatura nacional supónselle un mínimo nivel de institucionalización que implica a progresiva autonomía social do discurso literario.
- A imaxe da produción literaria está dotada dunha certa corporeidade funcional e dispón dun canon que reflicte os principios básicos que rexen o sistema literario nacional ao tempo que permite o intercambio con outros sistemas.
- As dificultades para recoñecer cando un sistema literario reúne uns mínimos niveis de complexidade e estabilidade para considerar a súa existencia independente obríganos a considerar os anos aurorais dunha literatura só como inicios do proceso de configuración do sistema, e en boa medida será a autopercepción da comunidade a que pode decidir sobre o nivel de sistematicidade. Neste senso é significativo o lamento pola ausencia dunha auténtica literatura nacional na introdución do primeiro tratado de historiografía literaria galega debido a Leandro Saralegui y Medina, tanto na primeira edición de 1867 como na de 1886, e por tanto cando xa se publicaran case todas as obras maiores do Rexurdimento hoxe canonizadas:

Ni nos han faltado poetas, ni nos ha faltado nada de lo que constituye el elemento interno de una poesía indígena digna de este nombre; y sin embargo, ni tenemos ni hemos tenido nunca literatura provincial, propiamente dicha como la de los bardos de Escocia o la de los trabadores lemosines. [...] Hemos tenido y existen todavía —quizás hoy e mayor número que en ninguna otra época de nuestra historia— rasgos de unha poesía propia y genuinamente gallega, de esa poesía trasluminada en Chan de Piedrafita y perfectamente concebida por Camino, Pondal y Rosalía de Castro; [...] pero —lo repetimos— esos cantos aislados y dispersos, esos destellos de nuestro genio provincial respectivo, distan muchísimo de constituir una literatura propia y característica (Saralegui y Medina, 1886 13-14).

Unha vez admitida a existencia dun sistema literario que se pode cualificar de nacional, compre delimitar os produtos que se consideran parte dese sistema e entón pódense considerar dous niveis: o primeiro comprendería todos os textos que reúnen os criterios establecidos pola comunidade, e o segundo limitárase ós textos canonizados a través dunha especial lexitimación social e estética. O recoñecemento da existencia

II. A INVENCIÓN DA NACIÓN E A FABRICACIÓN DUN SISTEMA LITERARIO NACIONAL

dun sistema literario autónomo esixe a identificación dun canon e esta configuración dun Corpus privilexiado dentro do conxunto da produción suxire que, ademais dos criterios aplicados para considerar un texto como nacional, hai outros criterios que deben participar na canonización. Pero o peso que impoñen as condicións de subalteridade en que se desenvolve unha cultura coma a galega confírelle unha influencia decisiva ao nacionalismo literario para a elaboración do canon, de maneira que a selección de textos e autores xira en torno ao principio de representación dunha identidade nacional e consagra algunhas estratexias de nacionalización do discurso, como sinala González-Millán percibindo a súa influencia aínda na produción máis recente:

Un repaso pola produción literaria máis recente permite sinalar a persistencia dalgunhas das estratexias de nacionalización: a apropiación dunha determinada representación da realidade galega, a utilización da alegoría nacional como estratexia discursiva, a articulación literaria dunha identidade colectiva, o cultivo intensificador dunha intencionalidade reivindicativa ou contestataria, a nacionalización, é dicir galeguización, de formas ou xéneros inéditos no sistema, a estruturación do mundo de ficción en torno a unha serie de imaxes consideradas nacionais e a instalación do texto nunha determinada tradición literaria que, por razóns varias, é definida como nacional. (González-Millán, 1995: 74)

O celtismo é unha das macrometáforas nacionais máis poderosas que permite a textualización dunha esencia galega e o desenvolvemento de diferentes estratexias de nacionalización. A rápida lexitimación do discurso literario nutrido por este corpus de metáforas revela a influencia doutros discursos sociais como o político ou o histórico na nacionalización do sistema literario, a pesar da súa feble institucionalización. Por outra banda, é 'precisamente a feble institucionalización que afecta aínda máis radicalmente a outros discursos sociais, especialmente o político, o que favorece a rápida configuración literaria do imaxinario nacional posto que a produción literaria funciona como único espazo simbólico posible³². Esta situación imponlle ao discurso literario unha multifuncionalidade que

32 O funcionamento do discurso literario como representante vicario do discurso político explica que se encontre con frecuencia unha dobre función dos escritores galegos

se manifesta na rixidez do canon, marcado pola necesidade de lexitimar unha identidade colectiva uniforme e constante. Así, máis ca de literatura nacional, habería que falar de nacionalismo literario, posto que a autonomía discursiva está limitada polo vigor das propostas galeguistas (González-Millán, 1995: 75).

Sen embargo a prolongación do proceso de consolidación do sistema pode provocar que a definición monolóxica da identidade ente en crise e que xurdan novas formulacións que rompen coa uniformidade dun imaxinario colectivo galego construído baixo unha articulación nacional. Ademáis o discurso literario que nunha primeira fase se presenta dominado pola proliferación de textos alegóricos pode evolucionar cara a unha subversión das súas propias representacións e apropiacións e xerar deste xeito unha dinámica de renovación e heteroxeneización. Os diferentes produtos que xorden da utilización da macrometáfora celtista e medieval artúrica ofrecen un corpus ideal para estudar esta evolución.

como creadores literarios e como ideólogos do galeguismo. Casos, especialmente significativos son os de Manuel Murguía, Vicente Risco ou Afonso D. R. Castelao.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

1. APROXIMACIÓN AO CELTISMO NOS HISTORIADORES DO SÉCULO XIX

1.1. Verea y Aguiar, iniciador do celtismo

A fundamentación histórico-cultural do feito diferencial galego comeza a forxarse na década dos trinta do século XIX, cadrando coa morte de Fernando VII (1833) e o comezo das quendas de poder entre moderados e liberais. Artigos de diferentes autores na prensa de ideoloxía liberal reivindicaban a necesidade de chamar a atención sobre os problemas específicos de Galicia³³ e as inquedanzas deste pequeno grupo de intelectuais, que se manifestan a través da prensa, consolídase nunha obra fundacional publicada en 1938: a *Historia de Galicia* de José Verea y Aguiar (1775-1843)³⁴. Nela encontramos un esteo fundamental para o desenvolvemento posterior do movemento cos intelectuais da Xeración de 1846, que nos seus escritos recorrerán con frecuencia ao mito da orixe céltica de Galicia introducido por Verea. Ademais neste autor maniféstase xa unha concepción clara da necesidade de "crear" unha historia de Galicia como conxunto unitario, fronte aos autores de estudos históricos anteriores que se limitaban a enfoques locais ou centrados nas provincias, nun momento en que xa se consumara a división administrativa do territorio en provincias iniciada en 1812 e consolidada en 1833. Esta concepción da historia de Galicia ten

33 O grupo heterodoxo que se forma na universidade compostelá xa a finais do século XVIII arredor de don Francisco de Neira, catedrático de medicina e despois de física experimental, non poderá manifestar o seu pensamento en escritos por temor á Inquisición, que de feito consegue dispersalos en 1802 encarcerando varios dos seus membros. Só a partir de 1808 comezan a publicarse en Galicia diarios doutrinarios entre os que cómpre destacar no período de 1808-1815 o *Semanario Político, Histórico y Literario de La Coruña*, dirixido por Pardo de Andrade, *El Ciudadano por la Constitución*, que foi un dos xornais máis importantes de España na época, *La Gaceta Marcial y Política de Santiago*, dirixido por Juan Bautista Caamiña e *El Patriota Compostelano*. No período de 1820-1823 destacan o *Correo de la Diputación Provincial de Galicia* (1820-1822), *El Heráclito Español y Demócrito Gallego* (1820), que saía en Santiago dirixido por Antonio Benito Fandiño, ou o *Boletín Oficial* (1822) de Ourense. Sobre este tema véxase Barreiro Fernández (1982) e Molina (1989).

34 Desta obra o autor só chegou a publicar o primeiro volume co título de *Historia de Galicia. Primera parte que comprende los orígenes y estado de los pueblos septentrionales y occidentales de la España antes de su conquista por los romanos* (1838). Ferrol: Nicasio Taxonera. De aquí en diante citarase como HG. Aínda que foi publicada no 1838, en realidade a obra está datada en 1832, ano no que se asegura que foi aprobada pola Academia de la Historia, da que Verea era membro correspondente.

unha función unificadora e dignificadora, co obxectivo último de fundamentar reivindicacións de carácter político, tal como manifesta Vereá no "Prefacio" da súa HG ao afirmar que é a aspiración básica da súa obra "la vindicación de los derechos históricos de la respetable Galicia" (Vereá y Aguiar, 1838: 21).

Así e todo, nos estudos sobre o comezo das reivindicacións galeguistas no século XIX, esquécese con frecuencia a importancia e cronoloxía desta obra, situando sempre a aparición das ideas galeguistas co provincialismo, vencellado á Xeración de 1846 e por tanto protagonizado por un grupo de intelectuais que en realidade xa eran debedores do maxisterio da obra de Vereá y Aguiar, e quizais doutros intelectuais da súa xeración, produto coma el das ideas ilustradas e ao mesmo tempo das influencias do movemento romántico³⁵. Vereá formouse no ambiente ilustrado da universidade compostelá de finais do século XVIII e formou parte do grupo de "afrancesados" baixo a tutela do seu protector, o catedrático de dereito Bazán de Mendoza. O propio Vereá foi catedrático de filosofía moral na mesma universidade e colaborador asiduo na prensa da cidade desde 1811. Como decidido defensor das ideas constitucionais foi perseguido polos reaccionarios e ao regreso de Fernando VII tivo que exiliarse en Portugal, de onde volve poucos anos máis tarde para vivir clandestinamente en Madrid ata ser nomeado Secretario do Concello da Coruña en 1820. Os seus escritos mostran a constante preocupación pola precaria situación económica e social de Galicia con estudos que propoñen vías de solución para os problemas da agricultura, o ensino ou a industria³⁶.

O único volume da súa *Historia* constitúe unha obra fundacional para a cultura galega contemporánea por diversos conceptos. En primeiro lugar, polo estudo preliminar que a introduce, onde o autor explicita a

35 Por exemplo, J. L. Varela considera que "la primera generación se asoma a la vida pública en torno a la mayoría de edad de Isabel II [...] Los principales miembros son: Camino, Antolín Faraldo, Neira de Mosquera, Vicetto, Losada." (1958: 33). Tamén X. R. Barreiro Fernández cualifica a Xeración de 1846 como "a primeira xeración galeguista" (1991: 328) e sinala con maior precisión os seus membros, entre os que non inclúe a Vicetto, quizais porque, como indica Renales Cortés (1996, I: 385), o propio Vicetto fala deles como "precursores" da súa obra. Porén, cómpre non esquecer todo o grupo de intelectuais liberais que desenvolven a súa actividade pública a principios de século, cando xunto a Vereá encontramos personaxes como Antonio Benito Fandiño (1779-1830), Manuel Pardo de Andrade (1759-1823), Pedro Boado Sánchez (¿...?-¿1823?) e tantos outros que asinaron colaboracións na prensa da época.

36 As súas colaboracións aparecen en xornais como *Gaceta Marcial y Política*, *El Cartel* ou *Gaceta Política y Económica*, e el mesmo dirixiu o *Diario Cívico y Patriótico* (1812).

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

súa intención de elaborar unha obra que non se limite á mera exposición científica e declara os condicionamentos ideolóxicos dende os que escribe, iniciando así a historiografía romántica do século XIX³⁷. Pero a achega fundamental de Verea é a afirmación da orixe celta de Galicia, unha idea que tería un enorme éxito nas reivindicacións galeguistas e que, de feito, se convertería no eixe da proclamación dunha identidade nacional diferenciada fronte ao resto dos pobos da Península e da irmandade con outros pobos atlánticos³⁸.

A formulación das teorías celtistas non é orixinal, pois xa dende o século XVIII se producira un renacemento celtista en Gran Bretaña e Francia. Amado Ricón Virulegio sinala como precedente a obra de George Buchanan no século XVI, quen estudou a orixe e a lingua dos celtas e, ao escribir os anais de Escocia, preséntaos como primeiros poboadores do lugar fronte aos saxóns. Ademais, parece que a obra de Buchanan ofrecía xa unha base ás reivindicacións galegas sinalando o Noroeste de España como cabeza de ponte sobre a que pasaron os celtas ás Illas Británicas (Ricón Virulegio, 1973: 68)³⁹. Pero é a finais do século XVII cando a historia

37 A historiografía romántica caracterízase pola clara subordinación do discurso histórico a fins prácticos e neste caso á necesidade de fundamentar o feito diferencial galego

38 J. G. Beramendi (1986) estuda a importancia da etnicidade como factor constitutivo central na configuración dos referentes nacionais vencellados ao concepto de nación propia: o referente propio ou afirmativo que desenvolve os factores constitutivos de definición-diferenciación de Galicia; o de reintegración que evoca un ente nacional irmán arredado no curso da historia, como sucede no caso galego con Portugal; o de negación-oposición da nacionalidade que impón o seu dominio uniformizador, e o de analoxía cos entes nacionais que serven para establecer unha comparación positiva. Segundo o autor, estes referentes non se conforman plenamente no pensamento galego ata a segunda xeración de provincialistas e en concreto ata a obra de Murguía. Porén, coidamos que os predecesores de Murguía, coa introdución do celtismo, inician o camiño e, se ben, por exemplo, non encontran referentes de analoxía nas outras nacionalidades do Estado español, en cambio atoparanas noutros pobos do mundo celta.

39 Como xa vimos, no século XVIII aparecen tamén noticias da presenza celta en Galicia na obra do Padre Sarmiento. Pensado destaca que este autor, lonxe dos condicionamentos ideolóxicos posteriores, avanza a idea moderna da mestura de pobos con afirmacións como a que aparece na *Carta en resposta al Rvdmo. P. M. Esteban de Terreros*: "En tiempo de Plinio aún habitaban allí los celtas o célticos y contradistintos de los naturales, pues expresamente los contradistingue Plinio tratando de los pueblos de aquel terreno, y aún los contradistingue de los romanos, que ya le habitaban también. [...] De lo dicho se infiere que hubo tiempo en que habitaban *simul* en Galicia diferentes naciones" (Pensado, 1974: 24). Porén, Ricón Virulegio (1973: 74) sinala a Sarmiento como iniciador do celtismo galeguista porque nas súas *Memorias para la Historia de la poesía y poetas españoles* "identifica a los celtas con los gallegos, dando por cierto el origen celta de estos, con cuya afirmación iniciaba la teoría celtista gallega, asentada sobre el aspecto étnico y cultural de este pueblo". Pero máis adiante puntualiza que

erudita dá en preocuparse por identificar os pobos fundadores dos Estados modernos e só na segunda metade do século XVIII os celtas comezan a ser considerados un pobo con méritos de antigüidade e digno de ser reivindicado como devanceiro. En Inglaterra xorde toda unha xeración de eruditos que estudan a protohistoria do seu país, entre os que destaca o galés Edward Lhuyd, que inicia o renacemento celtista na Gran Bretaña. Ao mesmo tempo, en Francia, o celtismo vén abrir unha terceira vía na disputa sobre o predominio da influencia orixinaria romana ou xermánica e difúndese especialmente a partir da obra do abade Pablo Pezron, quen afirma que Francia é o berce dos celtas e que dende o territorio francés se expanden ao resto dos pobos europeos. Deste xeito, Pezron establece un "celtismo universal" polo que o elemento celta funciona como lazo de unión entre os pobos europeos e, ao mesmo tempo, impón a supremacía dos celtas franceses creando unha conciencia nacional-imperialista. As ideas de Pezron foron moi ben recibidas en Francia, pero alí mesmo xorde corenta anos máis tarde a obra de Simeón Pelleutier, que critica as teorías de Pezron. O punto que máis nos interesa desa crítica é o que se refire á chegada orixinaria dos celtas, que el sitúa no occidente da Península Ibérica, dende onde se estenden ao resto de Europa.

En España algúns intelectuais como os irmáns Rafael e Pedro Rodríguez Moedano ou Juan Francisco Masdeu defenderon que non foran nin as Illas Británicas nin Francia, senón a propia Iberia, o centro onde florecera a cultura celta e dende o cal se irradiaría cara aos outros países europeos. Esta polémica bota as súas raíces máis fondas en Galicia, debido á abundancia de vestixios arqueolóxicos vinculados á cultura celta, pero sobre todo pola súa pertinencia para as nacentes reivindicacións nacionalistas, segundo aclara Xosé Ramón Barreiro Fernández:

Verea i Aguiar, Martínez Paadín e Antolín Faraldo (por referirnos soio aos tres autores que iniciaron o estudo do celtismo en clave histórica) defenderon a antigüidade e a unicidade da nosa procedencia céltica para xustificar a nosa singularidade, para defender o dereito de Galicia a presentarse coas necesarias credenciais históricas ante as outras nacións e, no caso de Faraldo, para reclamar en razón da

os eruditos do Século das Luces non chegaron a confeccionar unha teoría celtista aplicada a Galicia exclusivamente e que en realidade se limitaron a descubrir materiais que ían adquirir auténtico significado nas mans dos autores progresistas do século XIX (Ricón Virulegio, 1973: 76).

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

propia historia o dereito a rexir os propios destinos. Porque dende que na Europa do século XVIII se impuxera o principio de Pezron (*L'antiquité de la nation e la langue des celtes*, 1703) de que a grandeza dunha nación se medía polo número de pobos sometidos, polo valor dos seus súbditos ou pola antigüidade da súa orixe, os intelectuais galegos comprenderon que, dada a pouquedade e a marxinación de Galicia da primeira metade do século XIX, que é cando escriben, soio cabía reclamar a diñidade da nosa orixe, valor inseparable do concepto de antigüidade. (Barreiro Fernández, 1986: 27)

As fontes nas que Verea y Aguiar busca a xustificación para establecer o carácter celta da primitiva poboación de Galicia son de diversos tipos: lingüísticas —analizando vestixios sobre todo na toponimia—, etnolóxicas e documentais, con referencias ao *Leabhar Ghabhála* irlandés e aos clásicos latinos como o *Bellum Gallicum* de César ou as descrições de Estrabón. Entre os argumentos principais que atopa pola vía lingüística está a orixe celta do propio nome da nación, "Galicia", que fai derivar dunha forma antiga **Kallatía* ou **Kalletía* (forma intermedia entre *Galaecia* e *Celtia*) co significado de "pobo celta". Por outra banda, a semellanza de costumes entre escoceses, galos, cántabros, galegos e lusitanos sêrvelle para insinuar a maior proximidade cultural de Galicia con estes pobos de Europa ca coa maioría dos outros pobos da Península aos que se ve xunguida por unha serie de avatares históricos que propiciaron a súa inclusión na unidade política do Estado español. Unha idea que tivo moito éxito entre os historiadores posteriores e que se mantivo dende entón ata o moderno nacionalismo.

Segundo todos os temas polémicos nos estudos célticos da época, Verea expón as súas teorías sobre a orixe do pobo celta, as características da súa civilización e os contactos con outros pobos invasores como fenicios, gregos e romanos. Considera os celtas como unha nación homoxénea, e unha das súas achegas máis interesantes é a imaxe social do pobo celta que desenvolve no undécimo discurso da súa *Historia de Galicia*, pois fronte á idea dos celtistas franceses do século anterior, defende que eran unha civilización avanzada, supostamente posuidora de elaboradas técnicas metalúrxicas e dotada dun alfabeto propio que usarían ao mesmo tempo có alfabeto grego. Verea quería presentar a primitiva sociedade galaica como unha civilización urbana e desenvolvida, por iso sostén que varias cidades tiñan cecas e que se organizaban nunha complexa estrutura política encabezada por un maxistrado á fronte de cada cidade. A división social tripartita en guerreiros, sacerdotes ou druídas e pobo daríalle un papel protagonista aos druídas,

que habitan nas fragas e se presentan como máximos responsables da sociedade civil nas súas funcións de sacerdotes, xuíces e transmisores de coñecementos nas escolas druídicas. Os bardos considéranse como unha especie de druídas subalternos e a eles corresponderíalles compor poemas sobre as fazañas dos heroes que logo serán cantados. Sobre a relixión opi-na, como a maioría dos celtistas anteriores, que é unha relixión filosófica, deísta ou panteísta e, por tanto, os druídas serían uns filósofos ou teólogos, pero defende, contra toda evidencia, que eran monoteístas e considera que non tiñan templos porque vían todo o universo como un santuario, se ben o lugar de culto máis característico serían os castros e construírían círculos megalíticos como monumentos funerarios.

Os historiadores galegos posteriores tomarán partido nestas diversas cuestións e tantas outras que se argumentan con detalle na obra, nuns casos concordando e noutros discrepando coas teorías de Vereja, pero aceptando maioritariamente a idea básica da orixe celta de Galicia como alicerce do feito diferencial e con función dignificadora para un pobo galego que pode así contar cun pasado remoto poboado de acontecementos heroicos en defensa da propia liberdade.

1.2. A Xeración de 1846 e a historia

A obra de Vereja y Aguiar encontrará os primeiros ecos nos homes da Xeración de 1846⁴⁰, especialmente nos artigos xornalísticos de Antolín Faraldo Asorey (1822-1853) e na obra histórica de Leopoldo Martínez Padín (1823-1850). Pero, en xeral, o labor publicista desempeñado por todo o grupo nestes anos da década dos corenta é fundamental para espallar as ideas rexeneracionistas e para crear unha conciencia reivindicativa ante a marxinación que padece Galicia por parte do Estado central, que se considera causa principal do subdesenvolvemento e da miseria que

40 Tamén será chamada Xeración do Partido Esparterista por Renales Cortés (1996, I: 384) porque comezan a participar na vida pública polos anos da rexencia de Espartero (1841-1843), ou Primeira Xeración por J. L. Varela, quen especifica os membros que a compoñen: "Los 'dioses mayores' de esta generación son Pastor Díaz, Juan Manuel Pintos y Añón. Los principales miembros son: Camino, Antolín Faraldo, Neira de Mosquera, Vicetto, Losada. Pastor Díaz y Pintos nacen en 1811; Añón un año después. Los otros son notoriamente más jóvenes" (1958: 33).

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

padece a maioría da súa poboación⁴¹. A influencia deste grupo na prensa da época é destacada por Barreiro Fernández:

No período que vai desde 1840 a 1846 toda a prensa galega estaba nas súas mans e proxectárona nun sentido máis formativo que informativo. Convertérona nun instrumento da grande idea da recuperación económica, social e política da súa terra. (Barreiro Fernández, 1991: 329)

Antolín Faraldo é un dos máis activos nesta campaña de opinión⁴². A pesar da súa curta vida e da súa breve participación no debate intelectual da vida pública galega, que se limita ao sexenio entre 1840 e 1846, eríxese como unha figura senlleira no que el mesmo denominou "a grande obra" da restauración nacional de Galicia, de maneira que cando Murguía fai o seu esbozo biográfico entre os precursores do Rexurdimento, refírese a el como "el primero y el mejor" (Martínez Murguía, 1885: 39). Fillo dun escribán de ideoloxía monárquica absolutista, Antolín comeza a participar dende moi novo nas asociacións públicas santiaguesas e na prensa de signo liberal. Foi membro fundador da Academia Literaria de Santiago⁴³ e da Diputación Arqueológica Gallega⁴⁴, e a súa obra fundamental encóntrase

41 Un amplo estudo sobre o labor desta xeración encóntrase en Ríos Panisse (2000), que distingue entre un primeiro provincialismo constituído polo grupo de 1846 e un segundo grupo provincialista (1854-1868) no que se inclúe a Vicetto e outros autores dos anos vinte, xunto coa xeración de autores do Rexurdimento que, aínda que moito máis novos, sumárianse ao movemento nas actividades que desenvolven neses anos.

42 Faraldo reclama tamén a creación dunha literatura nacional e reflexiona sobre as súas características necesarias. Ver Fernández del Riego (1978) e Ríos Panisse (1994).

43 Fundada en xaneiro de 1831 por un grupo de mozos que estudaban ou residían en Santiago, tivo a súa mellor etapa baixo a presidencia de Domingo Díaz de Robles, editor do xomal *El Idólatra de Galicia*; esta Academia tiña a función de dar a coñecer as obras literarias dos seus membros e promover discusións sobre temas filosóficos, históricos ou poéticos e nela integráronse a maioría dos representantes destacados do primeiro provincialismo (Ríos Panisse, 2000: 152-153). Cores Trasmonte (1974: 11, 92) suxire que a influencia de Díaz de Robles puido ser decisiva para que Faraldo comezase "a estudiar los problemas de Galicia, a sentirlos profundamente y a esbozarlos en un modelo intelectual de cierta cohesión interna, aunque de apariencia dispersa y circunstancial".

44 Fundada en maio de 1843, escolleu como presidente a José Vereá e Aguiar e como secretario a Neira de Mosquera, que fora corredactor con Faraldo do xornal *El Recreo Compostelano*. Convertida por decreto de 1844 en Academia Nacional Española, ao ano seguinte vólvense elixir os cargos da que sería xa a Diputación de Santiago da Academia Española de Arqueología e continúa como presidente Vereá e Aguiar mentres Faraldo sae elixido secreta-

nos artigos publicados en *El Recreo Compostelano* (1842-1843) e en *El Porvenir* (1845), este último fundado e dirixido polo propio Faraldo cunha clara orientación provincialista. A súa actividade de publicista da causa galega remata en 1846, cando pasa á acción sumándose á revolta militar iniciada por Solís en Lugo como membro da Xunta Revolucionaria e pouco máis tarde como secretario da Junta Superior Provincial de Gobierno de Galicia e redactor de *La Revolución*, o seu voceiro oficial. A consecuencia inmediata foi o seu exilio en Portugal ao ser sufocada a revolta poucos días máis tarde, pero tamén o seu silencio sobre as cuestións galegas de alí en diante ata a súa morte prematura.

A contribución máis significativa de Faraldo á recuperación da historia consiste na divulgación da obra de Verea y Aguiar, aceptando a teoría da orixe celta, e na súa concepción cíclica do devir histórico, que lle permite dar un paso máis valorando a historia non só como medio de dignificación pola recuperación do pasado, senón tamén como instrumento para a construción do porvir. Reclama unha "historia filosófica" que, mediante a busca da esencia identitaria de Galicia a través do estudo do seu pasado, sinale o camiño do porvir inspirando un programa de actuacións cara ao futuro⁴⁵. Por iso o historiador cumpriría un importante papel social, pois ha de revelarlle ao seu pobo á vez o seu oculto pasado e o seu destino.

O celtismo proclámase xa nun dos seus primeiros artigos de *El Recreo Compostelano* titulado "Galicia antes de la invasión romana" (RC, 5, 11-III-1842), que comeza recoñecendo as dificultades que encontra o historiador

rio. Esta circunstancia permítenos presumir o contacto directo de Faraldo, sendo un mozo de 23 anos, co autor da primeira *Historia de Galicia*, con quen comparte activamente intereses e proxectos. Ver Cores Trasmonte (1974: 11, 92).

45 Especialmente interesante neste senso é o seu artigo "Historia de Galicia" (RC, 1, 11-I-1842), onde fai a seguinte afirmación:

"Esta Galicia censurada sin decoro tiene elementos también para una historia filosófica [...] Nosotros historiando sus hechos, poetizando sus tradiciones i sus leyendas, pretendemos mostrar a sus compatriotas i principalmente a esa clase sencilla que trabaja, a ese pueblo oprimido, lo que han sido sus padres, cuantas glorias ha tenido, lo que ha sido y lo que puede ser: porque en la historia se aprende la libertad".

Implicitamente propóñense xa aquí dúas vías de recuperación da historia, unha científica e outra poética, coa finalidade última de mostrarlle ao pobo "o que foi" para que comprenda "o que pode volver ser".

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

ao intentar obter datos da nosa historia antiga para chegar á seguinte afirmación:

Los celtas, que llevaron su nombre i su saber á toda Europa i aun al Asia, ha sido el primer pueblo que gozó de las dulzuras de nuestro clima [...] Los estudios históricos, la multitud de voces célticas i monumentos que han pasado al traves de los siglos [...], hacen que los consideremos como nuestros padres: i que el principio de nuestra historia cuente muchos años antes de Jesucristo [...]. Su heroísmo é intelijencia los hizo una nación fuerte i valerosa, perpetuándose su glorioso recuerdo de siglo en siglo. (RC, 5)

Reivindícase polo tanto a antigüidade das orixes dos galegos ao mesmo tempo que se ponderan os valores modélicos dese pobo primixenio pola súa intelixencia e calidades guerreiras. Igual ca Vereas, sostén a persistencia das esencias raciais a pesar da mestura con outros pobos, presenta unha imaxe dos druídas como mestres, lexisladores, sacerdotes e filósofos, e destaca o amor á liberdade desa "nación céltica o gallega" que se resistiu como ningunha outra ás cadeas do imperio romano, sen esquecer a idea da irmandade con outros pobos atlánticos porque "Las costumbres de la Irlanda, de la Escocia i aún de Francia son hermanas de las nuestras" (RC, 5).

Asumido o celtismo con todas as súas implicacións, Faraldo constrúe o seu sistema ideolóxico sobre as bases da crenza nun glorioso pasado que cómpre recuperar e dedica algúns dos seus artigos á historia de Galicia dende a clara conciencia da súa importancia para preparar o pobo para loitar pola súa liberdade:

para anunciar lo que podemos ser, hemos intentado decir lo que hemos sido. Nosotros al porvenir lo hemos hecho nacer de lo pasado, porque esa cadena invisible cuyos extremos se anudan en la mano de la providencia, no está cortada para nosotros (RC, 24)

No RC, 18 (2-IX-1842) baixo o título "Estudios de Galicia" encontramos unha literaria descrición da situación de Galicia e da actitude dos que traballan pola súa rexeneración que é consecuencia directa do bardismo céltico. Nela recóllense ideas e mesmo expresións que se converterían no centro do imaxinario poético desenvolvido, décadas máis tarde, na obra lírica de Eduardo Pondal:

Hondas y profundas meditaciones embargan el pensamiento del que inflamado por un destello de virtud que resplandece en su alma, mira a Galicia como su madre i como su patria. El que elevándose en alas del pensamiento a los siglos, mide el espacio que ha corrido este pueblo, donde el sol se duerme blandamente en los brazos del Oceano como cantaba la lira de Tiber, radiante de gozo contempla un pasado heroico, rodeado de combates i de batallas, engrandecido con arranques de patriotismo i de virtud; **un pasado de cultura i nacionalidad, en que las grandes palabras de patria e independencia se asociaban al nombre gallego**⁴⁶. Mas, triste, muy triste, se abate el ánimo observando un presente de desgracias que enluta el alma i que hace caer la melancolía gota a gota sobre la frente, porque en vano se han amontonado acontecimientos sobre acontecimientos i el jenio i la filosofía despues de un combate de siglos triunfaron de lo pasado, i levantaron de sus ruínas un presente lleno de juventud i de libertad. Las ideas del siglo XIX no han hallado culto en la tierra donde el sol se pone i los hombres que bajo su cielo respiran atraviesan el día de la vida sin levantar la vista a lo alto, sin ajitarse con los recuerdos de sus padres i sin divisar algo de majestuoso i de grande en ese porvenir que se cierne sobre las cabezas de los que creen i esperan... [...] Nosotros [...] intentamos contribuir con nuestros esfuerzos a la *grande obra* de estos nuevos i jenerosos artífices, estudiando los elementos que tiene Galicia, i haciendo siempre aplicaciones a la *idea primordial* con la cual armonizaremos todos los elementos *sociales, políticos, literarios, comerciales, industriales e instintivos* de las cuatro provincias unidas que forman en EL ANTI-GUO REINO DE GALICIA. (RC, 18)

A clara idea da unidade territorial e cultural do "antigo Reino de Galicia" fronte á división en provincias que se impuxera dende a administración

46 A grosa é nosa, mentres as cursivas e maiúsculas son do orixinal. Beramendi (1986: 387) sinala que para Faraldo e a súa xeración a idea de independencia vai unida ao pasado, mentres que, para o futuro, aspírase sinxelamente a unha rexeneración social e á unidade moral e política dos galegos, "pero sen que esa unidade implique independencia verbo do estado español e nin sequera unha cota expresa de autogoberno, aínda que si un maior peso de Galicia no concerto peninsular". Esta idea imponse na maioría dos estudos historiográficos galegos actuais, marcados polo protagonismo que se lle concede á Xeración do Rexurdimento e á figura central de Murguía, pero os estudos cada vez máis rigorosos sobre estas xeracións precedentes obrigan á súa reconsideración.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

centralista inspira o traballo deses "nuevos i jenerosos artífices" entre os que se inclúe e que, como máis tarde os "bos e xenerosos" de Pondal, cren nun porvir en que renaza ese "pasado de cultura i nacionalidad" que eles coñecen, non a través da documentación exhaustiva, senón elevándose aos séculos "en alas del pensamiento". A indeterminación e poder evocativo destas expresións mostran a comunión de Faraldo cos principios da historiografía romántica que pon a historia ao servizo duns obxectivos ideolóxicos e desbota as pretensións de obxectividade positivista. Pero ademais a oposición entre o esplendoroso pasado e a decadencia e sometemento presente dese pobo en que os seus homes "atravesan el día de la vida sin levantar la vista a lo alto" causan a melancolía deses novos bardos que traballan polo futuro loitando coa incompreensión máis absoluta ao seu arredor. Unha idea na que insiste na continuación deste artigo no nº 19 con imaxes contundentes que encontraremos de novo reiteradas na obra de Pondal:

Abatidos como el esclavo que arrastra la cadena, tristemente delinea nuestra pluma, lo que concebimos de grande y reformador para el heroico pueblo [...] Y porque mil obstáculos se levantan en medio de nuestra carrera, por eso valiente i fuerte haremos que suene nuestra voz, aunque condenada a perderse entre esa multitud inocente que nada la conmueve i que tampoco nos escuchará. Engrandecidos con convicciones profundas, ningún temor atajará nuestro intento, i el porvenir ansiado será la estrella que despejará la senda a la que nos arrojamnos llenos de confianza. (RC, 19)

Quizais por esta lúcida conciencia da modernidade da súa proposta e da escasa repercusión popular a que estaba destinada caracterízao así Manuel Murguía:

Fué Antolín Faraldo uno de esos hombres que, ni a su hora encontraron empleo para sus facultades nativas, ni la gente preparada para su predicación. Vino al mundo antes de tiempo y vivió por lo mismo fuera de su centro: él, que merecía por tantos títulos vivir en ocasión propicia, y tener sus discípulos. (Martínez Murguía, 1885: 23)

Ao mesmo tempo Faraldo analiza nos seus artigos as causas da situación presente e sinala como lacra fundamental o illamento das poboacións e a inexistencia dun gran centro urbano e, polo tanto, ve a necesidade dunha

rede de comunicacións e dunha capital indiscutible como elementos imprescindibles para fomentar a unión, a centralización e o espírito nacional que cómpren para afrontar a rexeneración nacional. A estas circunstancias externas engádese unha cuestión ideolóxica: a poboación de Galicia non se ve a si mesma como galega e por iso di que "en Galicia no hay patria porque tampoco hai ciudadanos" (RC, 19). A conciencia dunha existencia como colectividade diferenciada é o que Faraldo denomina "espírito nacional" ou "espírito do pobo"⁴⁷, e será unha das súas principais achegas ao pensamento nacionalista, pois sobre o elemento determinista da raza engade un elemento voluntarista que pon a existencia da nación en mans da propia colectividade.

Nos artigos do xornal *El Porvenir* consolídase o seu sistema ideolóxico. Na "Introducción" do primeiro número fai unha relación dos feitos diferenciais de Galicia seguindo a Verey y Aguiar: a orixe celta é fundamental, pero ademais sinala a existencia dunha civilización prerromana avanzada, a resistencia á invasión de Roma, a visión do reinado suevo como un período en que Galicia foi independente, a escasísima presenza árabe e a descentralización feudal que deixaba unha práctica independencia aos territorios feudais fronte ao poder monárquico castelán-leonés; nos seguintes artigos insiste na importancia dignificadora da historia e a estreita conexión entre discurso histórico e rexeneración nacional para que algún día "los gallegos sean nada más que gallegos"⁴⁸.

Pero quizais a clave que xustifica o lugar destacado en que se proxecta a figura de Faraldo entre os membros da súa xeración é a conxunción da teoría coa acción pola súa participación directa na Revolución de 1846. Como secretario da Junta Superior de Gobierno de Galicia é autor da proclama do 15 de abril, onde se inicia a teoría do colonialismo interior e se manifesta a intención de combatelo con estas palabras:

47 Este termo deriva da forma alemá "Nationalgeist", un concepto introducido por Friedrich Karl von Moser no seu folleto *Do espírito nacional alemán (Von dem deutschen Nationalgeist, 1765)* e que máis tarde se asumirá tamén coa forma de "Volkgeist", como unha sublimación mística do carácter nacional.

48 *El Porvenir. Revista de la juventud gallega*, 8 (1845). Renales Cortés (1996, I: 384) sinala a claridade con que se manifesta o independentismo de Faraldo nestes artigos en oposición á afirmación de José Luís Varela (1958: 88) de que "(Faraldo) estima imposible unha historia de Galicia separada o aparte de la de España" e tamén a opinión de Beramendi que vimos de comentar. Xustificando a interpretación de Varela polo seu descoñecemento dos artigos de *El Porvenir*, Renales Cortés observa que, polo contrario, Faraldo proclama aquí as súas ideas independentistas "con unha audacia rayana en la temeridad" (Renales Cortés, 1996, I: 384).

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

Galicia, arrastrando hasta aquí una existencia oprobiosa, convertida en verdadera colonia de la corte, va a levantarse de su humillación y abatimiento. Esta junta, amiga sincera del país, se consagrará constantemente a engrandecer el antiguo reino de Galicia, dando provechosa dirección a los numerosos elementos que atesora en su seno, levantando los cimientos de un porvenir de gloria. Para conseguirlo se esforzará constantemente en fomentar intereses materiales, crear costumbres públicas, abrir las fuentes naturales de su riqueza, la agricultura y el comercio, y poner en armonía con la época los hábitos y las ideas que dejó una sociedad decrepita fundada sobre la ignorancia. Despertando el poderoso sentimiento del provincialismo, y encaminando a un solo fin todos los talentos y todos los esfuerzos, llegará a conquistar Galicia la influencia de que es merecedora, colocándose en el alto lugar a que está llamado el antiguo reino de los *Suevos* (Faraldo, 1846).

Porén, estes proxectos quedaron rapidamente truncados ao fracasar a revolución e convertéronse nun mito para as seguintes xeracións, que intentarán constantemente continuar esa "grande obra" que tan ben deseñara Faraldo.

Compañeiro de xeración de Faraldo foi Leopoldo Martínez Padín (1823-1850), o único da súa promoción que acometeu unha obra *histórica*, a *Historia política, relixiosa y descriptiva de Galicia* (1849)⁴⁹, que quedaría tamén inacabada pola súa prematura morte aos 27 anos. Foi membro da Academia Literaria, fundou e dirixiu o semanario santiagués *La Armonía* (1845) e colaborou noutros medios como *El Cínife* ou *El Liceo*. Tamén en 1845 publicou unha miscelánea de poesía, narrativa e discurso histórico baixo o título *Suspiros del corazón*, que inclúe a breve historia novelada "La tea de la discordia", habitualmente considerada como un antecedente do método que máis tarde utilizará Vicetto na súa *Historia de Galicia*. Pero tamén nalgunhas poesías se inclúen xa reflexións sobre a historia,

49 Talvez non é allea a este título a idea da importancia da relixión na configuración da identidade galega que expuxera Faraldo xa no 1842: "La unidad relijiosa hará nacer esa gran unidad política que anhelamos, i la fuerza política i moral del pueblo gallego sólida base hallará en sus instintos i en sus creencias" (RC, 19), pero tamén na vida política e social: "Enlazada la historia religiosa de Galicia con la política y social, esplicándose una por otra, i produciendo el influjo relijioso costumbres i aun instituciones [...] Nosotros creemos que la historia de Galicia debe empezar por la de su relijión i de su iglesia" (RC, 20).

como nestes versos que establecen unha clara vinculación entre esta e a emancipación nacional.

así en nuestra memoria
la dilatada historia
fijará de Galicia
la prez que oculta artera la malicia
y a nuestra patria, el yugo sacudiendo
de extranjera nación, alzar la frente
veremos imponente [...] (Martínez Padín, 1845: 70)

No seu poema "A Galicia", que figura a modo de introdución da súa *Historia política...*, exprésase de maneira aínda máis clara a aspiración á independencia⁵⁰:

Allá en el porvenir yo te contemplo
cual luminoso faro en noche oscura
dando a los siglos eternal ejemplo
de independencia y de sin par bravura. (AdC, 346)

Pero ademais o historiador asume o papel de bardo referíndose a si mesmo como "el bardo humilde, solitario y triste" (AdC, 343), o que vai máis alá da identificación romántica do bardo co poeta e, como indica Renales Cortés (1996, I: 392), ten un significado moi preciso para quen coma el é discípulo de Vereá e compañeiro de xeración de Faraldo, e polo tanto cómpre supoñer que se fará unha idea detallada do que eran os bardos e a función que desempeñaban na sociedade celta da que, como poeta galego, se debe sentir continuador. Renales Cortés (1996, I: 392) sinala que este ton profético é semellante ao dalgúns poemas de Pondal, aínda que Martínez Padín é máis explícito sobre a forma política a que se asocian esas glorias futuras, como demostra o poema anteriormente citado. Pondal, en cambio, mantén os seus vaticinios no ámbito da vaguidade: "raza de

50 Cando trata o tema lingüístico sostén a necesidade da existencia dun Estado como condición indispensable para o desenvolvemento dun idioma, baseándose no exemplo do portugués que sería a demostración do que chegaría a ser o galego se o respaldase un Estado (1849: 91).

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

Breogán / teus gloriosos destinos / certo, é doce agoirar" (PGC, 104) ou "A luz virá para a caduca Iberia / dos fillos de Breogán" (XS, 92).

Martínez Padín identifica Galicia coa Céltica hispánica, como xa fixera Faraldo, resaltando a semellanza da paisaxe e dunha serie de trazos antropolóxicos con outros países do norte onde se asentaron os celtas: a poboación rural, a sociabilidade campesiña, o traxe típico, etc.⁵¹, pero introduce unha novidade a través da caracterización da poboación galega dividida en dúas razas: a costeira e a montañesa, sendo aquela a que se mestura cos diferentes pobos invasores mentres esta conserva as auténticas esencias da ascendencia céltica (Martínez Padín, 1849: 236)⁵². De novo segue todas as propostas de Vereá presentando unha Galicia celta independente ata a invasión romana, e que experimenta unha escasa romanización, o que permite a fusión da poboación indíxena cos invasores suevos e xustifica a visión deste período como unha nova etapa de independencia. Tamén a Reconquista se presenta como un fenómeno que parte do territorio galego, quizais como unha mostra máis da guerra relixiosa que se manifestara xa na loita contra os romanos, pois seguindo a teoría do monoteísmo celta de Vereá, a resistencia á invasión romana interprétase tamén como a defensa do druidismo patriarcal fronte ao politeísmo pagán. Son ideas que se expoñen ao longo do primeiro e único volume da súa *Historia de Galicia*, aínda que non chega á romanización e remata, polo tanto, coa destrución do primeiro Estado galego independente ao caer baixo o poder de Roma. Pero Martínez Padín é o primeiro historiador galego que anuncia a orixe indoeuropea do pobo celta, supoñendo unha invasión indoescítica cara ao occidente, e polo tanto considera tamén a orixe indoeuropea das linguas celtas. Porén, non dubida de que Irlanda e a Gran Bretaña foron colonizadas polos celtas dende Galicia, dando creto ás fontes citadas por Vereá.

Na valoración da obra de Martínez Padín adóitase destacar a fidelidade ao ideario liberal-progresista denunciando constantemente os

51 Dálle moita importancia ás crenzas e lendas populares e, entre outras cousas, ao falar dos lagos de Galicia refírese ás cidades mergulladas e á lenda do lago da Limia que di que os mosquitos que voan nas súas beiras son os exércitos de Arturo (Martínez Padín, 1849: 38), da que tamén dará noticia Murguía en *Galicia*.

52 A mesma idea aplicárala Latour d'Auvergne á Bretaña nos seus *Origines gauloises* (1801), considerando tamén que eran os habitantes da montaña os que conservaban a pureza da raza céltica, e encóntrase nas novelas de Walter Scott, que con frecuencia fai referencia aos *highlanders* ou os *lowlanders* de Escocia.

problemas da sociedade galega da súa época e analizando as causas do seu atraso, inda que sen achegar solucións concretas. A súa obra, truncada por unha morte prematura, tería continuidade en múltiples artigos de prensa doutros autores da súa xeración sobre cuestións históricas e sobre o traballo do historiador. Así Vázquez de Parga na *Revista de Galicia* (1850), que dirixía, Neira de Mosquera nos artigos de prensa e nas súas *Monografías de Santiago* (1850), José Rúa Figueroa nas súas colaboracións no *Semanario pintoresco español* (1851-52), José Puente Brañas nos seus artigos e no poema "A Galicia" (1855) ou Abelardo Carballo García nuns "Apuntes para la historia de Galicia" publicados en *El Astro de Galicia* (1853)⁵³. O interese pola historia seguía estando vivo, pero a pesar da unánime conciencia da necesidade de elaborar unha historia nacional non se encontraría unha pluma disposta a acometer a empresa ata a década dos anos sesenta, con Benito Vicetto e Manuel Murguía.

1.3. Benito Vicetto, entre a ficción e a historia

Aínda que cronoloxicamente podería adscribirse á Xeración de 1846, Benito Vicetto (1824-1878) debe considerarse máis ben como unha figura de transición entre esta e a dos escritores do Rexurdimento, tanto pola súa propia autovaloración como continuador do labor que quedou truncado a causa das represalias contra os revolucionarios, como polas datas de publicación da súa obra, que se inicia coa novela *El caballero verde* en 1844 e se prolonga ata o ano da súa morte, incluíndo a súa *Historia de Galicia*, da cal presenta as primeiras entregas en 1861⁵⁴.

O seu traballo como escritor e historiador é froito dunha formación autodidacta e allea á súa vida profesional⁵⁵. Dende que se estreara moi mozo escribindo en *El Recreo Compostelano* non deixa de colaborar na

53 Sobre todos estes autores e os seus continuadores na seguinte xeración véxase Renales Cortés (1996, I: 411-457).

54 Para un estudo exhaustivo da obra de Vicetto e o seu contexto véxase Renales Cortés (1996).

55 Estudou no Colexio de Gardamariñas e Pilotos do Ferrol e fixo carreira no exército ata 1850, en que o abandonou para exercer de oficial de prisións en penais de diferentes cidades españolas. Co triunfo da Revolución de 1868 será nomeado superintendente da fábrica da moeda de Xubia e cando esta pecha vai para A Coruña como xefe dun negociado no Goberno Civil (ver Mato Domínguez, 1974).

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

prensa progresista, dirixindo el mesmo algunhas publicacións como *El Clamor de Galicia* (1854-56) e a *Revista Galaica* (1875). Con vinte anos inicia a súa carreira literaria publicando unha novela que abre unha prolixa obra narrativa clasificada polo propio autor en tres grupos: novelas históricas, relatos breves de carácter lendario, e novelas sociais e de costumes⁵⁶. Esta abundante produción complétase con algunha contribución ao xénero teatral e á poesía, pero vese drasticamente reducida na década dos sesenta, cando decide dedicar todos os seus esforzos a unha obra histórica que lle valería moitas críticas e embazaría o seu prestixio de literato.

Benito Vicetto recolle a tradición do bardismo que xa vimos en Faraldo e Martínez Padín e asume esa función de guía programando a súa obra en dúas fronte: a histórica e a literaria⁵⁷. El é o primeiro que considera e afronta a importancia da literatura no proceso de restitución do pasado que a Galicia lle fora negado, un pasado ignorado e perdido. Sabendo que debía empezar o seu labor polos alicerces, creando os seus propios lectores, busca os medios máis atractivos para transmitir a súa mensaxe a un público o máis amplo posible e non se achica ante a falta de datos e de documentación para reconstruír a historia de Galicia, recorrendo á imaxinación alí onde falla o saber científico. No último volume da súa *Historia de Galicia* di claramente que "lo principal para escribir la historia de un pueblo no son los datos: lo principal es la imaginación" (Vicetto, 1873: 202) e reivindica o *método histórico intuitivo* atribuíndolle ao historiador a capacidade de intuición que Hölderlin asignaba ao poeta⁵⁸, ao mesmo tempo que recoñece que a historia non pode ser escrita por un autor neutral, nin pode ser recibida por un público que careza de *espírito nacional*, un concepto que toma de Faraldo e que se entende como a conciencia dun pasado que serve de base para a aspiración a un futuro determinado. O resultado é unha obra histórica de escaso valor científico na que o autor asume abertamente a falta de rigor en favor da necesidade de seducir o lector. Deste xeito en Vicetto confúndense as fronteiras entre obra histórica e obra literaria, pois coas súas novelas históricas pretendía crear

56 Entre as súas novelas históricas de tema galego destacan títulos como *Los hidalgos de Monforte* (1851), *Rojín Rojal o el paje de los cabellos de oro* (1855), *El último Roade* (1857) o *El lago de la Limia* (1861).

57 Ver Renales Cortés (1996, I: 177-301).

58 Na súa novela *Rojín Rojal* (1855), o historiador, e á vez poeta, fai "investigacións intuitivas do pasado" entre as ruínas, escoitando a súa voz para despois transformala en Historia. Estas consideracións metodolóxicas aparecen tamén en *Los hidalgos de Monforte* (1851) e desembocan na "historia narrativa" da que fala no prólogo da *Historia de Galicia*. Ver Renales Cortés (1996, I: 472-476).

as condicións axeitadas para a recepción da historia⁵⁹. Consciente da necesidade de crear un público que puidera interesarse polas ideas galeguistas, elabora a súa obra dende os principios idealistas e románticos, prescindindo de calquera pretensión de cientifismo, xa que o importante para el non é a veracidade dos datos históricos que han de axudar a reconstruír o pasado esquecido, senón a creación dun pasado mítico que sirva de base para as reivindicacións políticas presentes e futuras, e para a construción dese *espírito nacional* que achegase os galegos nun proxecto común e posibilitase a realización dos ideais que fracasaran coa Xeración de 1846.

Vicetto fai unha achega fundamental coa súa idea de que o mito pode suplir a historia alí onde esta non pode falar por falta de documentos, e empeza o seu proxecto escribindo novelas que, segundo el mesmo di, teñen a función de substituír o discurso histórico inexistente sobre Galicia⁶⁰. Nelas é característica a tensión entre o narrativo e o discursivo, a ambigüidade entre a ficción e a historia, pois desta última adoptan os obxectivos e tamén algunhas características formais como as notas ou as citas eruditas. Vicetto segue o gusto pola novela histórica imposto polo Romanticismo e nel déixase sentir especialmente a influencia de Walter Scott, un dos seus escritores favoritos. Pero o escritor galego vai máis alá da utilización de motivos históricos nas súas creacións, pois pretende suplantar con elas a propia historia. En 1865 comeza a edición da *Historia de Galicia*⁶¹, deixando nun segundo plano a creación de obra narrativa e obsérvase que, así como as novelas históricas estaban ateigadas de marcas de historicidade, a obra histórica aspira a unha reconstrución histórico-mitolóxica na que desempeñan un importante papel a inspiración e a ficción. A súa despreocupación polo traballo científico rigoroso ten como consecuencia que a súa obra ignora non só os traballos da indoeuropeística dos anos sesenta, senón tamén as achegas dos historiadores ilustrados do século XVIII, e busca os seus referentes na historiografía española do Século de Ouro.

59 Este mesmo obxectivo de difusión ideolóxica é o que xustifica para o autor o uso do castelán na súa obra. A creación dunha literatura nacional na lingua propia do país xurdirá como obxectivo claro máis tarde, na obra de Manuel Murguía, que considera a diferenza lingüística como un elemento esencial para a consideración da nacionalidade.

60 Vicetto expón estas ideas en diversos textos, e faino con especial claridade na súa novela breve *Víctor Basben* (1860), presunto *alter ego* do escritor e autor da balada de tema lendario *Hiar-Treva*. Ver Renales Cortés (1996, I: 458-472).

61 En 1861 publicara os primeiros cadernos desta obra no xornal coruñés *El Diario*, editado por Castor Míguez, pero en 1865 publícase o primeiro volume e dende esta data a 1873 complétase a aparición do conxunto de sete volumes.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

Fronte á refinada sociedade celta que presentaba Vereia, Vicetto propón unha sociedade primitiva na que o home vive en comunión co medio natural ignorando as normas propias da civilización, incluídas as normas morais. Crea así o mito dunha edénica Idade Dourada celta na que a vinculación co espazo cobra unha importancia fundamental e o medio natural se converte nunha metáfora da ausencia de xerarquías⁶². É unha sociedade en estado precultural que recrea o mito do bo salvaxe dando forma á nostalxia occidental do Paraíso. As tribos organizaríanse dun xeito natural, dirixidas por un patriarca escollido por todos baseándose nas súas calidades físicas e morais, seguindo o modelo dos *highlanders* que aparecen nas novelas de Walter Scott. As esencias que caracterizan os primeiros poboadores celtas permanecen inalterables, polo tanto a poboación brigantina é igual a si mesma dende os primeiros poboadores a pesar da fusión con outros pobos (gregos, fenicios...), que só inflúen neles provocando cambios nalgúns aspectos superficiais. Mesmo a civilización romana afectaría unicamente a unha elite social e económica, mentres o pobo conservaría todos os trazos do seu carácter celta. En opinión de Vicetto, na actualidade conservaríanse na poboación labrega do interior, que segue sendo celta pura e debe manterse así. É esta unha visión que se pode encontrar na base dese galeguismo tradicionalista e bucólico que caracterizará algúns autores moi posteriores como Otero Pedrayo ou Vicente Risco, coa súa idealización dunha sociedade rural considerada depositaria das esencias da galegitude.

Segundo explica Renales Cortés (1996, II: 57 e ss.), o tempo e o espazo adquiren unha dimensión mítica no discurso histórico de Vicetto correspondente aos tempos anteriores á romanización. O tempo non sempre se presenta como un decurso, posto que se considera a existencia de esencias inalterables, que non acusan variacións provocadas polo paso do tempo. Pero ademais os acontecementos sucesivos adoitan aparecer ligados en redes de conexións que suxiren a idea de circularidade histórica, máis que de evolución lineal⁶³. Deste xeito o celtismo representa tamén unha

62 Nas súas novelas mostra Vicetto unha concepción romántica da oposición entre o mundo rural, natural e puro, fronte ao urbano que é niño de corrupción e fonte de conflitos. Esta idea perdura ata época recente na literatura galega de modo que se podería facer un seguimento da súa evolución cara á elaboración dun discurso literario autónomo a través da progresiva incorporación do espazo urbano inicialmente excluído ou contemplado con connotacións negativas a causa da identificación da vida rural coa persistencia dos sinais de identidade de Galicia.

63 Por exemplo, Vicetto interpreta a Revolución de 1846 como un reflexo do holocausto no monte Medulio, ou as cortes de Cádiz como un epílogo da Revolta irmandiña.

vitoria sobre o tempo histórico, porque as esencias do pobo permanecen por enriba das vicisitudes históricas. O espazo, Galicia, preséntase con características de espazo sagrado, concedéndolle gran importancia ao simbolismo do centro, de xeito que os grandes acontecementos históricos se producen en lugares simbólicos ou centros míticos⁶⁴. Do mesmo modo faise un uso mítico da linguaxe, establecendo relacións en virtude da simple similitude fónica, de maneira que os topónimos se explican pola relación cun personaxe (Brigo daría lugar a Braga, Bergantiños ou Vigo; Celt a Céltigos; Noé a Noia, etc.), cun obxecto (Dormeá viría de dolmen, Antas de anta, Arousa de ara solis) ou con algún suceso (Castro de Sexmil porque alí acamparon seis mil homes de Trajano ou A Mourela porque nese monte quedou encantado o exército mouro despois dunha batalla), e búscanse supostas orixes celtas ás máis diversas palabras.

Renales Cortés, (1996, II: 103-104) sinala que un aspecto curioso das teorías de Vicetto é a súa negación do druidismo entre os galaicos por entender que implicaba o recoñecemento do politeísmo. Como consecuencia nega tamén a existencia dos bardos, que segundo as fontes clásicas eran unha categoría de druídas, e dunha hipotética poesía indíxena que os seus predecesores defendían baseándose na testemuña de Silo Itálico de que os galaicos se dirixían ao combate ouveando cantos nas súas linguas. Ademais, sostén que os galegos teñen unha incapacidade racial para a poesía por ser a raza céltica, na súa opinión, máis filosófica polo calada e reflexiva. Segundo este estudoso, esta idea xa estaba presente en Martínez Padín, pero Vicetto puido collela de Walter Scott, quen en *Rob Roy* suxire o maior peso das capacidades intelectuais sobre as sentimentais nos escoceses.

Igual que Faraldo, considera que a relixión é fundamental como feito diferencial e que é o único elemento de cohesión nacional que perdurará sobre a acción unificadora do progreso (Vicetto, 1865-1873, II: 270-271). Outros elementos que definen a nación para Vicetto son a orixe, o idioma, os costumes, a raza e a historia, pero tamén o espírito nacional e o estado propio. Por iso a unidade entre pobo e nacionalidade só se pode aplicar a Galicia ata o período suevo, e a partir de aí falarase de "país" ou "territorio", mentres que o termo "nación" se reserva para os territorios

64 Algúns lugares destas características son o golfo de Betanzos e o porto de Brigantium, actual A Coruña, onde desembarcarían os fenicios e máis tarde Xulio César; Britonia ou Mondoñedo, onde renace a monarquía Galaica; Ferrol, onde se asentaron os primeiros brigantinos e nace a Revolta Irmandiña; o cabo de Fisterra, límite das terras de Brigo, sepulcro de Celt e lugar escollido polos gregos para levantar o ara Solis, etc.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

con Estado (Renales Cortés, 1996, II: 131 e ss.). Vicetto considera que Galicia era un reino con nacionalidade propia dende os celtas e que, a partir do período suevo, a evolución histórica o divide en organizacións políticas artificiais ou o inclúe con outros reinos nunha nacionalidade "heteroxénea, excéntrica e impura" coa división da Península nos Estados de Portugal e España. A escisión de Portugal considérase positivamente porque representa para el a vitoria da orixinaria poboación celti-sueva fronte aos godos, pero o que se lamenta é que a aristocracia lucense non seguisse á bracarense nese camiño liberador. A consideración de España como a evolución doutra escisión da primitiva *Gallaecia* romana, esta vez do convento asturicense, remite a un ideal de unión dos pobos ibéricos baixo o impulso nacional galego, unha idea que desenvolvería e difundiría Pondal na súa obra lírica, a pesar do profundo rexeitamento que adoita manifestar o poeta pola obra histórica de Vicetto⁶⁵.

En calquera caso, o que parece deducirse con claridade dos razoamentos de Vicetto é que, dado que a nación non pode subsistir sen Estado propio, para que Galicia sobrevivira como nación é imprescindible restituírlle o Estado que tivo nas mellores épocas do seu pasado. Esta conclusión conxúgase coa chamada que fai aos galegos, no último capítulo da súa *Historia de Galicia*, para que manteñan e reforcen o espírito nacional e coa visión providencialista da historia que manifestara previamente no prólogo da novela *El lago de la Limia* publicada en 1861 (Renales Cortés, 1996, I: 507-509), de maneira que as sucesivas dominacións teñen a función de contribuír ao engrandecemento final do país que as supera, porque o destino dos pobos é unha constante evolución cara ao progreso.

Por fin, observamos que a obra histórica de Vicetto, tan deostada polos que continuaron o camiño dos estudos históricos sobre Galicia, en realidade establece unha serie de principios do pensamento galeguista que serían adoptados e desenvolto posteriormente, se ben con métodos máis rigorosos. Así o sinala Renales Cortés, quen rebate a interpretación que fai Barreiro Fernández (1981: 298) ao situar o pensamento galeguista de Vicetto ao lado do federalismo democrático baseándose nalgúns afirmacións do esbozo programático que aparece ao final da *Historia de Galicia*, que "entra en radical contradicción con lo que viene afirmando Vicetto con insistencia

65 Véxase a carta a Murguía citada por Varela (1949: 83). En canto ás ideas de Vicetto sobre a evolución da historia de Galicia, encóntranse expostas ao longo do volume IV da súa *Historia de Galicia* (1865-1873).

desde el tomo I de esta obra" (Renales Cortés, 1996: 11, 137). Este estudioso tamén relativiza a achega que Máiz lle atribúe a Murguía na consideración da natureza nacional de Galicia, pois considera demostrado que a teorización de Galicia como nacionalidade xa estaba presente na obra de Vicetto, mesmo nas novelas do que el chama o "diorama dramático de Galicia", moito antes de iniciar a súa propia obra histórica e cando Murguía aínda era moi novo:

La visión histórica de Murguía, tal como queda analizada en el citado estudio de Máiz [1984], guarda numerosos e importantes puntos de contacto con la de Vicetto: el intento de demostrar que Galicia fue *ab initio* una, distinta y esencialmente igual a sí misma a través de los siglos; la idea de un estado céltico independiente; la de la pervivencia del sustrato celta a través de una romanización que fue poco más que la imposición de una estructura militar y administrativa a un pueblo galaico incólume; la del restablecimiento de la independencia con la monarquía sueva, que dota a Galicia de su primer gran estado; la de la formación de otro estado galaico independiente en los primeros tiempos de la Reconquista y la de la existencia de embriones de instituciones estatales —especialmente la Junta del Reino de Galicia— durante la dinastía de los Austrias; el juicio favorable de los adelantos industriales introducidos por los Borbones, aun lamentando su rígido centralismo, todo ello unido indica que los dos historiadores, por distintos que fuesen en su método, en su estilo y en su idiosincrasia, tenían una idea muy parecida del pasado gallego. (Renales Cortés, 1996, II: 139)

Pero se moitas son as coincidencias, tamén serán importantes as novas achegas de Murguía, que o converterán no "patriarca" do galeguismo.

1.4. Manuel Murguía, historiador e ideólogo do galeguismo

A abundante bibliografía producida recentemente sobre a personalidade e a obra de Manuel Murguía (1833-1933)⁶⁶ sitúa este autor nunha posición

⁶⁶ A dedicación do Día das Letras Galegas a este ilustre polígrafo no 2000 propiciou a reedición de parte da súa obra e a publicación de recompilacións de artigos, así como de estudos críticos, entre os que cómpre destacar a colección de estudos editada por A Nosa Terra baixo o

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

de privilexio con respecto aos seus predecesores que con frecuencia deriva na hipervaloración das súas achegas e o silenciamento ou minimización dos traballos anteriores, tal como denunciaba Renales Cortés en relación con Vicetto. Así e todo, a confluencia entre o traballo intelectual e o labor de publicista do movemento que desenvolveu Murguía durante toda a súa longa vida confírelle un innegable papel central no proceso de difusión e consolidación do galeguismo. En parte tamén debido a que ese mesmo labor de publicista lle permitiu actuar de filtro valorador do traballo dos seus predecesores e contemporáneos e transmitir a súa propia visión da importancia da súa obra.

Na súa primeira xuventude en Compostela foi asiduo do Liceo de la Juventud, institución continuadora da Academia Literaria, pero pronto abandona os estudos de Medicina e Farmacia para marchar a Madrid e dedicarse ao xornalismo. Sendo aínda moi novo, a súa sinatura adquire renome nos xornais liberais nos que escribe con frecuencia sobre temas galegos, pero nos anos sesenta asume o reto de elaborar unha *Historia de Galicia* que o obriga a reducir as súas colaboracións na prensa. Pouco despois de casar con Rosalía de Castro en 1858 a familia instálase en Galicia e dende entón dedícase a escribir só sobre Galicia e a desenvolver o seu labor de ideólogo do galeguismo. En 1865 e 1866 publícanse os dous primeiros volumes da súa *Historia de Galicia* que só continuará pasados máis de vinte anos cos dous seguintes (1888 e 1891) e ata 1913 non engade o quinto volume, que chega apenas á Idade Media, así que, polo tanto, deixa a obra inacabada. Tamén de 1888 é o seu libro *Galicia*, que recolle e afonda nas ideas que han de fundamentar a nacionalidade galega. Pero ademais son múltiples os artigos, discursos e conferencias nos que trata o tema da rexeneración de Galicia dende diversos puntos de vista⁶⁷.

Especial importancia para entender o seu pensamento téñena os tres textos introdutorios do primeiro volume da *Historia*: un "Prólogo", un "Discurso preliminar" e unhas "Consideraciones generales". Das súas reflexións sobre o método utilizado cómpre sinalar as descualificacións que dedica ás fabulacións dos seus predecesores referíndose a Vicetto (Martínez Murguía, 1865: XVII), e a valoración da importancia das fontes

título *Volverá Murguía* (1998) e as monografías dedicadas ao autor por Beramendi (1998), Máiz (1999) e Rabuñal Corgo (1999).

67 Xa en 1856 apuntaba algunhas ideas clave no seu artigo "De la historia de Galicia" publicado no diario *La Oliva* (16-VIII-1956). Ver en Durán (1998: 85-91).

documentais (Martínez Murguía, 1865: XXI), que o conduce cara á superación da historiografía romántica cunha tintura de positivismo. No entanto, confésase seguidor do método de Thierry, que concibe a historia como obra de arte e permite representar o pasado coas vividas cores e as poderosas imaxes dun relato animado, combinando erudición e imaxinación. A máxima de escribir unha obra que conquiste o lector coa súa amenidade e primor estilístico, que xa guiara a Vicetto, segue vixente e xustifica moitas licencias do subxectivismo ás que o autor non renuncia xamais.

Nos escritos de Murguía, o celtismo adquire un protagonismo indiscutible como mito fundador central da comunidade nacional galega, fronte ás historias xerais de España, e desenvolve coa máxima eficacia esa teoría da *Wunderursprung*, ou orixe fantástica da civilización, que introducira Verey e Aguiar na historiografía galega. Segundo comenta Máiz (1997: 145-167), o mito transmuta a historia en natureza, o continxente en eterno, e así para Murguía as esenciais da galeguidade, que residen na raza, son indisociables da propia existencia da poboación galega. O elemento étnico confírelle a Galicia a súa condición de pobo diferenciado e superior, de xeito que o "carácter nacional galego" e a conseguinte aspiración a recuperar a grandeza perdida é inherente á existencia mesma do pobo e substitúe o concepto de "espírito do pobo" que Faraldo e Vicetto consideraban necesario construír⁶⁸. O feito de pertencer á raza céltica é o que xustifica a esperanza dunha futura recuperación nacional, de novo nunha concepción determinista da historia⁶⁹:

La tradición, la poesía, la ley y la religión celta, sus recónditos misterios y especiales prácticas, surgen poderosas del olvido en que

68 Porén, nalgún momento parece que Murguía traíza a súa propia teoría e fala dos esforzos daqueles que traballaron para construír unha patria, na liña da construción do "espírito nacional" de que falaban Faraldo e Vicetto:

Empezó a entenderse que había que intentar en Galicia algo más noble y trascendental que proclamar una idea y levantar una clase, que había que formar una patria. [...] Había tenido un pasado y lo ignoraba, una lengua y empezaba a olvidarla, un gran instinto político y faltaba a el, un valor y lo desperdiciaba en pequeñas luchas. Si es necesario, se dijeron, abrir ante sus ojos otros horizontes, hablarle de otros ideales, prometerle nuevos destinos, eso haremos. (Martínez Murguía, 1885: 137-138)

69 Neste senso maniféstase xa no volume I da súa *Historia de Galicia*: "Camina la humanidad al cumplimiento de sus destinos y obedece la ley providencial que la rige, hasta en los momentos en que aparece más exenta de su influjo misterioso". (Martínez Murguía, 1865: 3)

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

han estado sumidas durante siglos y recobran su perdida dominación sobre los espíritus. "La antigua raza céltica encierra en sus entrañas un principio de vitalidad tal, que de la caducidad la devuelve a la juventud, no la permite morir y hace que dure desde las primeras edades". No, ni muerta, ni olvidada, ni del todo vencida, antes viva y pronta al nuevo triunfo, informa la sociedad moderna, le infiltra su savia, y dándole aquel vigor de los hombres de su raza hace que todo converja en un punto y tienda a construir aquel poderoso imperio céltico que el historiador haya establecido en Europa en el siglo IV antes de nuestra era. Porque... ¡vengadoras justicias del tiempo! en todos los labios se oye su alabanza y en todos los corazones se presiente su victoria. (Martínez Murguía, 1888: 108)⁷⁰

Por primeira vez a orixe celta de Galicia utilízase como proba da existencia dunha nación galega e como argumento lexitimador das súas reivindicacións autonomistas. Esta nación concíbese como unha unidade inmutable a través dos tempos⁷¹ e Murguía insiste na persistencia deste compoñente orixinario no pobo galego actual, que conservaría aínda evidentes trazos físicos, costumes, carácter e organización social de tan ilustres antepasados:

Las condiciones naturales de las razas de donde venimos no se pierden ni disminuyen, antes acrecen por movimiento progresivo, perpetuándose a través de nuestras diversas épocas históricas. [...] Muy pocos pueblos como el gallego han sabido conservar a través de los tiempos más pura, más constante, más indeclinable su fisonomía. No es posible dudarlo. Todo en él es tradicional y

70 Aínda con máis claridade manifesta esta idea algo máis tarde, nun artigo titulado "Orígenes y desarrollo del regionalismo en Galicia" publicado en *La España Regional*, 1890 citado por Máiz:

Se verá asimismo al recordar algo de nuestro pasado, como el sentimiento nacional fué y es permanente en Galicia y llega, a través de las Edades y a despecho de sus grandes infortunios, hasta nosotros. No hijo de la reflexión, sino de un movimiento interior jamás extinguido. (Cit. en Máiz, 1984: 250)

71 Esta concepción da comunidade como unidade con características permanentes no paso dos séculos, en realidade, estaba presente xa en Vereá: "Fué tan céltica toda Galicia, que aún en el día de hoy se conservan memorias vivas de aquel tiempo y de aquel pueblo que acaso no conservara ninguna otra provincia, incluida Francia". (Vereá y Aguiar, 1838: 26)

está en la costumbre mejor que en la ley escrita; en la literatura oral, que en la erudita; en su vida interna, que en la histórica; en su corazón, y no en las manifestaciones exteriores. Nada olvida. (Martínez Murguía, 1888: 13-14)

Este mito das orixes centrado no elemento étnico presenta unha eficacia e unha funcionalidade plurais que analiza Máiz (1984: 275-277), sinalando que fornece as bases para a evidencia ideolóxica da identidade nacional e favorece a fusión de identidade individual e identidade colectiva nunha comunidade que resulta así homoxeneizada en canto á súa ascendencia. Ademais, achega un elemento relacional negativo, ou un referente de negación-oposición, como lle chamaba Beramendi (1986: 383), cunha etnia de negación/exclusión que é Castela, e contribúe á decisión de nacionalidade pola crenza nun futuro despertar de Galicia que trae aparellados dous mitemas: a Idade de Ouro e a Fermosa Durminte, posto que a nación galega permanece durmida esperando o momento en que poida recuperar esa Idade de Ouro perdida. Pero ademais ten un efecto de modernización e europeización porque establece unha comunidade racial cos máis avanzados países europeos, o que lle confire ao pobo galego unha potencialidade de progreso cara ao futuro, ao mesmo tempo que fundamenta a impugnación da estrutura centralista do Estado español polas diferenzas de orixe e civilización das nacións interiores que o forman.

Para Murguía os pobos celtas caracterízanse por unha fortaleza identitaria que os fai resistentes ao cambio, fronte á febleza dos iberos que explicaría a mellor disposición destes para o progreso (Martínez Murguía, 1865: 417). Por iso, aínda que recoñece que a este pobo orixinario se lle superpoñen diferentes razas dos pobos invasores, sostén que as súas esenciais permanecen inmutables ata os nosos días, se ben opina, como Martínez Padín, que esas influencias foráneas se notarían máis nas costas, mentres a poboación do interior se mantén racialmente pura (Martínez Murguía, 1865: 209-211). Igual que fixera Martínez Padín, tamén establece o indoeuropeísmo dos celtas galegos e substitúe o mito das orixes bíblicas, que iniciara Pezron ao considerar o pobo celta descendente de Noé, polo mito romántico do arianismo⁷², situando o *Urzeit* ou tempo

⁷² Hai que ter en conta que o celtismo francés se converte nunha peza importante da ideoloxía nacional despois da Revolución, fronte á orixe xermana de que alardeaba a aristocracia,

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

orixinario no Paraíso das estepas de Asia Central. No referente ao seu carácter, o pobo celta, e polo tanto o galego, caracterizaríase pola súa belicosidade, a dozura, o amor á terra e o sentimento relixioso; en suma, polo seu espírito "dulce pero indomable" que tan ben retrata Pondal nos seus melancólicos e heroicos bardos.

Pero a pesar do que poida suxerir este protagonismo do elemento racial, o celtismo murguián insírese nun sistema ideolóxico liberal progresista e nunha definición do concepto de nación que parte das teorías de Pascuale Estanislao Mancini e toma, por tanto, como modelo o nacionalismo liberal italiano que desenvolve a idea de nación sobre bases voluntaristas. Fronte ao primeiro nacionalismo xacobino que asocia a idea de nación á existencia dun Estado e á soberanía nacional, érguese o nacionalismo xermánico arredor de elementos orgánico-historicistas en conexión con correntes ideolóxicas reaccionarias de oposición á Revolución Francesa. Mais superando esta dicotomía xorde o nacionalismo liberal-revolucionario italiano que, aínda partindo dunha fundamentación naturalística de reminiscencias xermánicas, salienta o factor determinante da conciencia nacional ou a vontade nacional⁷³. Esta é a escola que segue Murguía,

e por iso a *Académie Celtique* recibe un forte apoio do Estado napoleónico. Na historiografía galega a identificación entre mundo celta e xermánico aparece por primeira vez en Vicetto, que asocia a ambos pobos ao gusto polo fantástico e relaciona o folclore céltico cos *Heder* alemáns (Renales Cortés, 1996, II: 275). Para Murguía os celtas pertencen á "grande y nobilísima familia ariana" (1888: 117), o que lle fornece o argumento da nobreza e ata a superioridade fronte aos outros pobos de razas anarianas de España, e ao mesmo tempo permítelle interpretar a invasión sueva como unha achega revitalizadora do substrato étnico celta cunha nova achega aria e xermánica que explica a súa íntima unión coa poboación anterior e posibilita a reconstrución nacional de Galicia.

73 E. Mancini di que "a nacionalidade non é senón a explicación colectiva da liberdade". E Mazzini expresa a mesma idea de xeito inequívoco:

A Patria é, antes que nada, a Conciencia da Patria. [...] Mais se a alma da Patria non palpita naquel santuario da vosa vida denominado Conciencia, aquela forma remanece semellante a un cadávre, sen movemento nen alento de creación, e vós mesmos seredes turba sen nome, que non nación; xente, que non pobo... A Patria é ante todo a Fe na Patria. (Cit. por Máiz, 1984: 246-247)

Estas palabras non poden menos que remitirnos á idea faraldiana do "espírito do pobo" recollida por Vicetto, o que podería indicar que a pesar de non ter sido formulada sistematicamente, a idea da definición de nación en función do principio voluntarista estaba presente xanestes autores galegos, sequera de xeito intuitivo. Por outra banda, en Murguía semella asomar unha contradición entre a concepción da nación como resultado inapelable da esencia racial e a súa reivindicación de filiación do pensamento manciniانو.

como bo liberal, e así o manifesta no seu artigo de réplica ao discurso de ingreso de Sánchez Moguel na Academia da Historia publicado en 1889 co título "El regionalismo gallego":

Segundo Mancini, e é definición que aceptamos, nación é unha comunidade natural de homes que, unidos nunha vida común polo territorio, a orixe, os costumes e maila lingua, teñen conciencia desa comunidade. (Cit. por Máiz, 1984: 244)

Deste xeito, distánciase da definición de nación-estado que se asociaba co pensamento liberal e que, como vimos, recolle Vicetto. Isto permítelle desenvolver a súa teoría de que Galicia é unha "completa nacionalidade", tal como dicía xa no "Discurso preliminar" do primeiro volume da súa *Historia de Galicia* (1865: 222) cun territorio delimitado, unha orixe racial diferenciada, e historia e lingua propias. Galicia é, pois, unha nación, que tivo un Estado no pasado e polo tanto pode volvelo ter no futuro. Pero ao mesmo tempo, os elementos voluntaristas e liberais aparecen conxugados con outros de carácter orgánico, como a raza, que separa a Murguía de calquera das grandes correntes europeas. Así e todo a formulación celtista intégrase plenamente no seu proxecto liberal, pois ten a función de proxectar a Galicia cara á europeización e, por tanto, cara á modernización e o progreso. Deste xeito a teoría da raza de Murguía distánciase das versións máis xenófobas e discriminadoras da mesma, ata o punto de que, segundo Máiz (1984: 277), máis que de racismo en *stricto sensu* habería que falar dun etnocentrismo que reforza a "decisión de nacionalidade" e ten unha clara función dignificadora do pobo galego. A raza, a historia e a lingua posúen un status central operativo que se articula dende unha posición política irredutiblemente liberal impregnando todo o seu discurso histórico.

Aquí encontramos un elemento ao que cómpre prestar especial atención: a lingua. A expresión murguiana "lingua distinta, distinta nacionalidade" demostra a importancia que concedía ao factor lingüístico na propia definición da nación⁷⁴. Pero a defensa da lingua é unha teima que vén de moito tempo atrás, tal como mostra nos seus comentarios sobre o

74 A expresión de Murguía que se fixo tan popular encóntrase na súa resposta a Sánchez Moguel xa citada: "Lengua distinta, se ha dicho siempre, distinta nacionalidad. Sintiendo así Galicia se tuvo siempre por Nación de hecho" (cit. por Máiz, 1984: 281). Esta reivindicación, segundo explica Máiz, ten a súa orixe na obra de Herder:

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

Banquete de Conxo e os proxectos de acción que daquela se consideraban imprescindibles:

La [lucha] que creíamos más difícil y más necesaria, la del empleo serio, noble, apropiado de nuestro idioma en la obra literaria, para que así la voz tuviese eco, acento la canción, color el paisaje, alma la patria. (Martínez Murguía, 1885: 138-139)

En múltiples ocasións manifesta a súa consideración da importancia da lingua no proceso de construción nacional (Máiz, 1984: 281-282), como un dos elementos que expresan o seu carácter diferencial e valora o labor dos escritores en galego como contribucións fundamentais non só ao rexurdimento cultural, senón tamén ao renacer nacional de Galicia. Por tanto as súas chamadas ao cultivo da lingua e a literatura galegas non responden a un enfoque pasadista de desexo de recuperar a tradición, senón que teñen unha funcionalidade de cara á construción do futuro ideal cunha nación galega libre:

A contar de estos días, la lira de nuestros poetas tuvo una cuerda más; la de Galicia; nuestro país, una literatura; nuestra literatura, una lengua; y empezando a realizarse en el tiempo las esperanzas nacidas bajo otros cielos, renacen en los aires los primeros acentos de la nube gallega [...] El movimiento fue a la vez literario y político. Aunque distintas ambas tendencias, se completan. (Martínez Murguía, 1885: 140 e 142)

A pesar de que Murguía escribiu case toda a súa produción en castelán, a súa preocupación pola existencia ou a elaboración dunha literatura nacional é unha constante que se manifesta en varios artigos de prensa, así como na súa primeira obra de investigación, un *Diccionario de escritores gallegos* publicado en 1862. Non parece ser froito da casualidade a súa influencia en Rosalía de Castro e en Eduardo Pondal, dúas figuras clave do Rexurdimento que escriben a súa obra en galego contando co seu constante

A centralidade da lingua no seo das nacionalidades foi teoricamente formulado por primeira vez por Herder, para quen a propia lingua, condensación do *Volkgeist* do país de que se trate, representaba o principal sinal de identidade. Así, e por riba de todo desprestixio nos círculos intelectuais urbanos, a práctica e uso oficiais e normalizados das linguas populares pasaron a ser entendidos como un dos máis elementais dereitos nacionais. (Máiz, 1984: 280)

apoio e colaboración, e que desenvolven na práctica literaria dúas teimas teóricas de Murguía: a necesidade de construír unha literatura nacional baseándose no legado anónimo do pobo como única tradición autóctona viva, que toma corpo nos *Cantares Gallegos* (1863) de Rosalía de Castro, e a necesidade de trasladar ao imaxinario colectivo a conciencia dun pasado celta dignificador e portador dunha forza rexeneradora cara ao futuro, que informará a produción poética de Eduardo Pondal.

1.5. Outros autores do século XIX

Ao lado destas grandes figuras, creadoras do discurso histórico galego no século XIX, cumpriría mencionar outra serie de autores que representan diferentes posicións ideolóxicas e que, dende diferentes medios e discursos (artigos, prólogos, textos políticos, estudos literarios, etnográficos, etc.), manifestan a súa postura ante as reivindicacións galeguistas e a reivindicación das orixes celtas de Galicia como motor da restauración.

Un contemporáneo de Murguía que contribúe á instalación do mito celta é Leandro de Saralegui y Medina (1839-1910). Mariño de profesión e de ideoloxía rexionalista liberal, dividiu a súa abundante produción entre os estudos especializados en temas navais e as obras dedicadas a Galicia dende diversos campos como a historia, a arqueoloxía e a literatura. Asiduo colaborador na prensa dende finais dos anos cincuenta, foi un dos primeiros en facer análises da literatura provincialista en artigos publicados en *El álbum de El Miño* (1858-59) que desembocarían no libro *Galicia y sus poetas* (1867)⁷⁵, onde se reúne unha antoloxía precedida dun extenso prólogo que constitúe un dos primeiros estudos xerais sobre a literatura galega. Nel o autor lamentase da inexistencia dunha literatura propia, limitada a produción da súa época a escintileos illados e dispersos do xenio provincial, mentres os talentos de Galicia producen os seus froitos para a cultura dominante:

Nuestros poetas no sólo se inspiraban en sentimientos extraños a los infortunios y las aflicciones del pueblo gallego, sino que enriquecían con los dones de su inspirada fantasía el tesoro de las letras

75 É un libro de xuventude que vai ampliando co paso do tempo, ata a versión final de 1886, pero quizais as súas reflexións sobre a inexistencia de poesía celta, xa presentes na primeira edición, inspiraron en parte a obra de Pondal.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

hispano-latinas, añadiendo a nuestra servidumbre política el yugo de la servidumbre literaria. (Saralegui y Medina, 1886: 4)

A inexplicable ausencia do que el chama unha literatura provincial permítelle facer unha exposición da súa visión da situación sociohistórica de Galicia en busca das posibles causas desta carencia: na súa opinión non se xustifica "por falta de condiciones de provincialismo o de sentimento local" (Saralegui y Medina, 1886: 5-6) —condicións que glosa facendo un percorrido histórico dende os celtas ata o seu tempo como unha sucesión de intentos de dominación que Galicia resistiu sempre heroicamente—, nin tampouco se pode apoiar nas deficiencias da lingua, para o que argumenta especialmente co esplendor literario acadado na Idade Media. Por outra banda, desenvolve a súa teoría de como debiera ser esa literatura e sostén que había de reflectir a especial personalidade de Galicia que el defende baseándose en aspectos históricos e concedéndolle especial importancia á formación racial do pobo, da que deriva un peculiar xenio poético. Nel predominan o espiritualismo, o sobrenatural e o fantástico, a tendencia á abstracción e o conseguinte desapego das cuestións materiais, un vago misticismo, o amor á terra e a todo o relacionado co niño materno orixinario (costumes, tradicións, crenzas, etc.), o sentimento da natureza e un eco de amargura provocado polo irremediable infortunio.

Na súa antoloxía, Saralegui y Medina recolle un abundante número de autores galegos de expresión castelá, pois opina como Vicetto que é posible unha literatura galega en castelán. Acepta o druidismo e a existencia dos bardos⁷⁶, a pesar de que encontra un grave inconveniente no feito de que en Galicia non se conservase nin un só canto que recree episodios da época celta, como sucede en Escocia ou na Bretaña. Lamenta que Galicia non tivese

76 Orixinalmente, o bardo é o poeta celta, compositor de panexíricos e sátiras, que xeralmente tiña a dobre función de poeta e cantor e adoitaba cantar os feitos heroicos dos guerreiros. No século I a. C. Lucano refírese aos bardos como os poetas nacionais da Galia e a Bretaña. Na Galia a institución desapareceu gradualmente, pero en Irlanda e Gales sobreviviu, aínda que experimentou un importante declinio a finais da Idade Media. Escolmas representativas da poesía bárdica encóntranse en Camille Le Mercier D'Erm, *Les Bardes et poètes nationaux de la Bretagne armoricaine: anthologie contemporaine des XIXe-XXe siècles* (1919, reeditada en 1977); Derick S. Thomson (ed.), *Bards and Makars: Scottish Language and Literature: Medieval and Renaissance* (1977); A. Maclean Sinclair, *The Gaelic Bards, 1411-1765*, 2 vols. (1890-92), e *The Gaelic Bards from 1825 to 1875* (1904); Alexander Cameron, *Reliquiae Celticae: Texts, Papers and Studies in Gaelic Literature and Philology*, 2 vols. (1892-94); John Mackenzie (ed.), *Sar-obair nam Bard Gaelach; or, The Beauties of Gaelic Poetry, and Lives of the Highland Bards* (1904).

un poeta nacional semellante a Ossian en Escocia, Taliesin en Bretaña ou Ausias March en Cataluña, porque a supervivencia dunha poesía "propia e característica" é considerada "una gloriosa manifestación del espíritu de emancipación e independencia" (Saralegui y Medina, 1886: 16). Dado que non existe unha poesía céltica galaica, intenta buscar os seus vestixios a través da antiga poesía galega, e da actual poesía popular ou de autores modernos tanto en galego como en castelán. Entre estes últimos considera a Rosalía de Castro unha auténtica poeta nacional por utilizar unha forma poética como o cantar tradicional galego de tres versos que chegou, a través do folclore, dende a máis remota antigüidade celta. Este tipo de versificación considérao "continuación vivaz y palpitante del *tribanau* de la poesía bárdica, cuyos caracteres esenciales conserva y perpetúa" (Saralegui y Medina, 1886: 81)⁷⁷. Polo tanto non só rexeita a afirmación de Vicetto de que en Galicia non hai poesía popular, senón que ademais considera que esta poesía é un vehículo de transmisión privilexiado para coñecer as características dunha hipotética poesía antiga.

No mesmo ano de 1867 publica Saralegui y Medina os *Estudios sobre la época céltica en Galicia*, onde expresa con maior claridade as súas ideas históricas. Nesta obra trata os diferentes aspectos da historia e caracteriza a do pobo celta de Galicia, pero non fai achegas que poidan considerarse orixinais dous anos despois dos primeiros volumes das *Historias de Galicia* de Vicetto e Murguía, onde aparecen xa a maioría das súas ideas. Por iso pode considerarse como un libro de divulgación que quere contribuír a crear o mito das Orixes e da Idade Dourada sobre bases máis sólidas cá intuición de Vicetto, o que o fai inclinarse polo celtismo arianista de Murguía.

Dende perspectivas diferentes achéganse ao estudo da historia outros autores como Andrés Martínez Salazar (1846-1923) ou Antonio López Ferreiro (1837-1910). Rexionalista liberal o primeiro, foi fundador da revista *Galicia. Revista Rexional* e da editorial Biblioteca Gallega, e autor de publicacións de carácter erudito relacionadas coa historia ou cultura de Galicia, pero, a pesar

77 Renales Cortés sinala os autores nos que se puido basear Saralegui y Medina para valorar esta forma métrica:

Por influencia, sin duda, del *Barzaz Breiz*, Saralegui está asociando aquella forma métrica popular gallega con el género de las "triadas" (*trioedd*) frecuente en la Edad Media galesa, mencionado más de una vez por Scott en sus novelas y que Villemarqué relacionaba con estrofas de tres versos presentes en la literatura galesa, como el *englyn*, y en el folklore bretón. (Renales Cortés, 1996, II: 234)

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

de pertencer ao grupo do faladoiro da chamada Cova Céltica, non recolle o mito do celtismo na súa obra e decántase por un método máis positivista cunha clara vontade de investigar sobre a documentación e de distanciarse das posicións romántico-patrióticas dos celtistas. Un caso semellante é o de José Villaamil y Castro (1838-1910), arqueólogo e historiador formado na Escola Superior de Diplomática de Madrid, que se mostra crítico e reticente polo menos a aceptar completamente as teses celtistas. O rexeitamento de Villaamil á hexemonía celtista non se fundamenta na súa postura ideolóxica, senón nas súas propias investigacións arqueolóxicas, que lle fornecen datos sobre a diversidade de culturas que exercen a súa influencia en Galicia, de pobos protoceltas ou da forte pegada da romanización e a cristianización.

A atención ás fontes tamén é fundamental para Antonio López Ferreiro (1837-1910), pero a súa ideoloxía tradicionalista e reaccionaria católica reverte nunha constante nostalxia do Antigo Réxime, mentres que as súas novelas históricas se centran nas épocas medieval e moderna⁷⁸. Por último, Alfredo Brañas (1859-1900), máximo representante do rexionalismo católico-tradicionalista, substitúe o mito da orixe celta ao identificar a Idade de Ouro coa Idade Media, seguindo os mesmos argumentos dos opositores ao celtismo⁷⁹. O estudo de Máiz (1984: 327-331) sobre a contraposición entre o modelo ideal da sociedade medieval e a modernidade en Brañas lévaos á conclusión de que o obxectivo deste autor é crear un modelo teocrático que establece a relixión como punto de referencia central na organización da sociedade. Unha posición conservadora que en certo modo se recolle a primeiros do século XX propiciando o interese de Vicente Risco (1884-1963) pola tradición artúrica medieval, aínda que sen renunciar ao mito do celtismo murguiano. Risco efectúa unha lectura conservadora da teoría celtista de Murguía (Máiz,

78 A produción literaria de López Ferreiro é tardía e por iso, inda que pertence á xeración de Rosalía de Castro e Pondal, asóciase só coa fase rexionalista. Porén, dende que volve a Galicia en 1866 despois da súa fase de formación en Madrid, publica asiduamente na prensa os seus traballos como historiador. A súa contribución á literatura galega consiste en tres novelas históricas que publica integramente en galego e que son as primeiras escritas integramente en galego: *A tecedeira de Bonaval* (1894), *O castelo de Pambre* (1895) e *O niño de pombas* (1905).

79 Máiz destaca a función antitética que desempeña o mito da Idade de Ouro en Brañas con relación a Murguía:

Se o mito do celtismo [en Murguía] inducía unha inserción de Galicia na Europa liberal e capitalista contemporánea, o pasadismo mediavalizante de Brañas se centra na postulación dun antimodelo á sociedade do seu tempo através dunha peculiar idealización do feudalismo. (Máiz, 1984: 327)

1984: 278) e ao mesmo tempo, como veremos máis adiante, inspira a creación da obra de Ramón Cabanillas, que se achega á tradición artúrica na súa versión máis cristianizada.

Especial mención merece a obra de Florencio Vaamonde Lores, autor da primeira historia de Galicia escrita en galego co título *Resume da Historia de Galicia* (1989), que empezara a publicarse dous anos antes por capítulos na *Revista Gallega* de Galo Salinas. Como todas as obras historiográficas destes tempos amosa un ton reivindicativo da diferencialidade de Galicia, baseado principalmente na orixe racial celta.

Ata os anos vinte non hai ningún autor que cuestione as teorías de Murguía, e o paradigma que estableceran os historiadores románticos do XIX mantense vixente durante décadas. Así se comproba no discurso dos políticos e os literatos da preguerra e mesmo algunhas publicacións posteriores (Villares, 2000). Pero no século XX vaise iniciando lentamente a decadencia deste sistema, que se produce, segundo Villares (2000: 178), en dúas fases. A primeira corresponderíase coa época da Xeración Nós, cando os traballos de investigacións feitos dende o Seminario de Estudos Galegos establecen unha visión máis plural do pasado de Galicia que supera o carácter simplificador do celtismo murguiano. A segunda fase produciríase polos anos sesenta e daquela a decadencia das ideas celtistas acelérase por dous motivos básicos: por unha banda o anovamento da investigación histórica, e por outra o desprazamento de intereses do pensamento nacionalista, que relega a historia a un plano secundario na lexitimación dos seus principios ideolóxicos e reivindica como elementos diferenciais outros valores propios da comunidade nacional, como a lingua. Aínda así a polémica continúa viva no mundo académico, aínda que xa non poidamos falar máis ca dun celtismo enfeblecido (Villares, 2000: 180) que xa non ocupa un papel central na definición da identidade galega, se ben se mantén profundamente enraizado na mentalidade popular.

1.6. Importancia do celtismo na configuración do nacente ideario galeguista

A pesar dalgunhas voces discordantes con escasa repercusión⁸⁰, poderíase dicir que a obra dos historiadores galegos do século XIX

80 Villares (2000: 117) fala dunha numerosa reacción crítica contra as ideas celtistas e entre os seus representantes comenta a obra de Joaquín Costa, Antonio Sánchez Moguel —que

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

se ergue sobre o postulado dunha orixe celta de Galicia, unha teoría que se establece na obra de Verey y Aguiar, o primeiro historiador de Galicia que emprende a súa obra condicionado pola clara intención de demostrar o carácter unitario e diferenciado dun territorio que a primeiros daquel século se divide en catro provincias. Sobre esta teoría, aceptada e desenvolvida en diferentes direccións polos historiadores posteriores, constrúese unha definición de Galicia e do pobo galego con intención diferencial, creando unha serie de tópicos que se aceptan e se difunden ata a actualidade tanto no movemento galeguista como na produción cultural e, concretamente, na imaxe do país reflectida na creación literaria.

A pesar de que as institucións non se implicaron apenas na difusión das ideas celtistas, o seu éxito foi inapelable. Nin a escola nin as institucións culturais (academias, universidade, etc.) contribuíron a forxar esa imaxinería celta que representa o simbolismo étnico, pero o seu fondo como elemento de cohesión da sociedade transcendeu amplamente os pequenos círculos intelectuais dos que partiu e contribuíu notablemente a crear unha conciencia de identidade a nivel popular que se manifesta aínda hoxe, por exemplo, na vitalidade do movemento da música celta e na identificación con diversas formas e manifestacións implicadas no concepto "celta".

Por enriba de todo, o celtismo ten a función de crear un referente dun pasado histórico heroico que se proxecta cara ao futuro como fundamento da esperada recuperación nacional de Galicia. Pero arredor deste mito orixinario xorden unha serie de tópicos e de actitudes que se establecerán definitivamente no imaxinario colectivo.

- A importancia da paisaxe. Precisamente o medio natural constitúe un elemento imprescindible para fundamentar a teoría da orixe celta, pola semellanza coas paisaxes doutros pobos atlánticos onde se estableceron os celtas. Pero ademais unha das características atribuídas ao home galego dende Vico

provoca co seu discurso de entrada na Academia de Historia o opúsculo de Murguía titulado *El regionalismo gallego* (1889) — e o seu discípulo Leopoldo Pedreira, ou o propio Villaamil y Castro. As críticas doutros destacados anticeltistas como o historiador García de la Riega ou o xornalista Rigüera Montero resultan limitadas, segundo Villares, polo seu enfoque personalista nas críticas á figura de Murguía.

é o amor á súa terra e a especial unión co medio físico⁸¹. Este aspecto desenvólvese especialmente nos autores da Xeración Nós e sobre todo na obra de Otero Pedrayo a través do tópico do "sentimento da terra". Por outra banda, seguindo tamén a influencia do Romanticismo, na poesía o cultivo do paisaxismo dá lugar a unha corrente que se inicia xa coa actitude reivindicativa vencellada á paisaxe exposta por Rosalía de Castro no prólogo dos *Cantares Gallegos* (1863) e que ten unha liña de continuidade ao longo dos séculos XIX e XX ata un representante tan senlleiro como Uxío Novoneyra (1930-2000)⁸².

- O bardismo. En consonancia coa figura do bardo celta, desenvólvese unha imaxe tópica do escritor, e do intelectual en xeral, como unha figura que se debe á súa comunidade e cunha misión redentora⁸³. Esta idea está condicionada polo feito de que o autor produce a súa obra marcado pola condición subalterna do sistema, que esixe que o discurso literario asuma múltiples funcións en principio destinadas a outros discursos sociais que non existen (ou só existen dun xeito moi precario). Por iso dende a literatura débese recuperar a historia, crear conciencia de grupo diferenciado, dignificar as peculiaridades identitarias, etc., o que condiciona os contidos e as formas da produción textual. En certo modo, a través da imaxe mítica e idealizada do bardo, estas circunstancias, que veñen determinadas por unha

81 Véxase a colección de ensaios publicada baixo o título *Paisaxe e cultura*, onde figuran contribucións de Otero Pedrayo e Florentino L. Cuevillas, entre outros, incluíndo un estudo sobre o sentimento da paisaxe en Galicia asinado por Allue Andrade (AA.VV., 1955: 121-140).

82 A posición central da temática paisaxística na obra de moitos poetas do repertorio canonizado maniféstase no uso de apelativos, como Noriega Varela, "o poeta da montaña" (1869-1947); Manuel Antonio, "o poeta do mar" (1900-1930); Manuel María, "o poeta da Terra Chá" (1929-2004), ou o propio Novoneyra, coñecido como "o poeta do Courel".

83 Esta actitude do poeta vese potenciada por unha serie de circunstancias que conflúen no século XIX para subliñar a súa función social, tal como sinala Jean Molino:

Desde principios de século, el poeta, y de un modo más general el intelectual, se siente investido de una misión que se sitúa en el punto de convergencia de dos tradiciones: la tradición de los filósofos del siglo XVIII, que afirman luchar por las luces y el progreso, y la tradición de los profetas desconocidos, esos intérpretes oscuros de la historia que leen en los símbolos del mundo los caracteres de la lengua divina e interpretan la revelación (1998: 583).

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

situación externa, contéplanse como un ideal e despóxanse da condición de limitación imposta para pasar a ser percibidas como unha libre elección de compromiso coa comunidade.

- A importancia da relixión. Os autores máis destacados do grupo dominante dentro do pensamento nacionalista, ata época recente, coinciden en recoñecer a relixión como elemento de cohesión nacionalitario. Polo tanto os primeiros historiadores insisten en destacar como característica esencial da relixiosidade dos celtas a súa especial predisposición para asimilar o cristianismo.
- A Galicia rural fronte á Galicia urbana. No ideal reconstruído da primitiva civilización celta Verey e Aguilar considera a existencia de cidades bastante desenvolvidas como mostra dun estado avanzado de civilización, pero este ideal de progreso, co que tamén se identificou Faraldo lamentando a inexistencia dun gran centro urbano no seu tempo, pronto queda relegado. Fronte a esta idea xorde, con Benito Vicetto, unha imaxe dun pobo primitivo que vive nun mundo edénico en perfecta harmonía co mundo natural, e esta imaxe gozará dun éxito considerable nas xeracións posteriores, consagrando un repertorio ruralizante que responde a unha idealización do mundo rural como depositario das esencias identitarias e dificulta, ao tempo que retrasa extraordinariamente, unha efectiva incorporación do mundo urbano ao repertorio da literatura galega.
- Reivindicación da lingua. Os intelectuais da Xeración de 1846 traballan colectivamente pola reivindicación da singularidade de Galicia e polo tanto sentan as bases do espertar da conciencia idiomática (Hermida, 1992: 62-64), se ben non reivindicaron especificamente a lingua propia de Galicia e, como vemos, producen toda a súa obra en castelán. Aínda que os defensores da orixe celta de Galicia se ocupan sempre de cuestións lingüísticas, intentando demostrar a vinculación do galego cunha posible lingua celta prerromana, hai que esperar ata a xeración do Rexurdimento para encontrar unha decidida reivindicación da lingua, coa inmediata consecuencia do abrollar de autores e publicacións en lingua galega. Un dos principais responsables deste cambio é Manuel Murguía, que foi quen formulou o xa mencionado postulado "lingua distinta, distinta nacionalidade", e foi un incansable defensor do idioma

galego, concibindo o seu uso como un elemento central da reconstrución nacional de Galicia⁸⁴.

84 No seu libro *Los Precursores*, deféndese daqueles que valoraban negativamente as producións encamiñadas á emerxencia dunha literatura nacional galega dende o principio fundamental de reivindicación da lingua:

Y no solo hubo quienes rechazaron el empleo de nuestro idioma en la obra poética, sino que maltrataron de obra y de palabra la tendencia a crear y mantener una literatura puramente gallega, la cual, reflejando la vida, los sentimientos, las aspiraciones y desencantos de nuestro pueblo, nos lleva fatalmente a penetrar en su pasado, pensar en su porvenir, conocer, amar sus glorias y predisponerle para alcanzar otras nuevas... (Martínez Murguía, 1885: 141).

2. O CELTISMO REFLÍCTESE NA LITERATURA: OS ESCRITORES DO SÉCULO XIX E A SIGNIFICACIÓN DE EDUARDO PONDAL

2.1. Primeiras representacións do celtismo na literatura galega

A segunda metade do século XIX constitúe un momento clave para a consolidación da literatura galega como discurso nacional emerxente despois dos longos séculos de silencio que sucederon a brillante etapa medieval. A pesar da existencia dalgunhas publicacións illadas en galego dende primeiros do século⁸⁵, só cos escritores do chamado *Rexurdimento* empeza a producirse un discurso literario claramente orientado á creación dunha literatura nacional en canto expresión dunha identidade colectiva diferenciada. É este o momento en que se poñen as bases para a configuración dun determinado imaxinario colectivo mediante a construción de macrometáforas nacionais que aspiran a institucionalizarse como canons lexitimados social e esteticamente. O celtismo será un elemento fundamental dese imaxinario diferenciador pola súa produtividade, tanto como xerador dos alicerces lexitimadores da propia existencia da comunidade, como pola posibilidade que ofrece de manter as esperanzas de cara a unha recuperación cultural e política no futuro.

Durante a etapa previa ao *Rexurdimento*, arredor dos medios comprometidos coa restauración de Galicia, prodúcese unha literatura que reflicte esas ideas con carácter case militante, se ben utilizan como lingua vehicular sobre todo o castelán. Diversos son os argumentos que xustifican esta opción idiomática antes de que a lingua se erixise como un dos elementos centrais na reivindicación identitaria: primeiro porque é a lingua de uso entre as capas sociais con acceso á cultura e, polo tanto, a lingua en que os escritores se senten cómodos⁸⁶, pero tamén é a lingua na que se

85 Véxase Carballo Calero (1981: 31-126); Tarrío (1994: 97-120); Vilavedra (1999: 95-108); García Negro e Gómez Sánchez (1996) ou López (1991).

86 Benito Vicetto, por exemplo, ten un coñecemento do galego moi superficial tal como se percibe nos seus poemas galegos e no fragmento dialogado que inclúe en *El último Roade* (Renales Cortés, 1996, I: 281-297), cheos de faltas propias dunha persoa allea a ese sistema lingüístico: colocación incorrecta do pronome átono, confusión de *te* e *che*, apócope imposibles ("morro d'door", "vicos me deran n'frente"), confusións de *que* e *ca* en funcións non comparativas ("soño ca ó teu ollar"), etc.

poden encontrar lectores e considérase fundamental non perder a fluidez comunicativa cos posibles receptores para transmitir sen atrancos a carga ideolóxica. Ademais, convén transmitila precisamente ás capas sociais máis poderosas e polo tanto máis castelanizadas, aquelas con capacidade de acción dende as institucións ou capacidade de intervención pola súa influencia como modelos sociais. Así foi que dende mediados de século, en textos escritos en castelán, véñse configurando un imaxinario colectivo asentado sobre a idea das orixes celtas de Galicia, base dunha identidade unitaria e diferenciadora fronte aos outros pobos do Estado español⁸⁷. Xa en 1844 falaba Neira de Mosquera nos seus artigos de prensa dos costumes populares herdados dos celtas (Renales Cortés, 1996, I: 417) e nas súas *Monografía de Santiago* (1850) insiste na idea da similitude da paisaxe galega coa dos países celtas.

A grande contribución á difusión destas ideas nesta primeira fase, aínda en lingua castelá, corresponde sen dúbida á extensa produción de Benito Vicetto, quen mantén coa súa propia obra de creación a coherencia con aquel principio teórico seu tan oposto ao tópico de que o galego non é un pobo lírico, e será o autor dunha longa serie de narracións históricas e de ambiente contemporáneo. Vicetto parece considerar as súas obras como un todo cunha certa unidade, pois reaparecen personaxes e hai constantes referencias dunhas a outras; é por iso que poderíamos falar dun macro-texto marcado por unha intencionalidade unitaria que é a dignificación de Galicia, sexa a través da recreación do pasado histórico, sexa polo retrato de costumes e usos sociais. Renales Cortés (1996, II: 255-489) estudou en profundidade toda a obra de Vicetto dedicando unha atención demorada á representación do mito celtista como elemento literario nas súas novelas,

87 Neste momento a importancia da prensa é decisiva para crear un clima favorable ao despegue literario que se consolidaría na segunda metade do século, tal como explica Xosé María Dobarro:

A prensa xogou un importante papel na toma de conciencia de que a Galiza era unha comunidade diferenciada, polo que se dedicou a defender esa diferenza coa inserción de artigos que trataban de dar un aval histórico á existencia do país, que tiña un pasado e un presente e que, en consecuencia, non podía consentir o proceso de asimilación que se estaba xestando para o futuro. [...] A necesidade dunha literatura propia é obxecto de especial atención nas páxinas destes periódicos. (Dobarro Paz, 1988: 72)

Ríos Panisse (2000: 157-170) estudou máis demoradamente as achegas dalgunhas publicacións e das figuras máis destacadas no xornalismo da época.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

que se concreta en dous elementos fundamentais: o setentrionalismo e o gusto polo fantástico. Toda a obra de Vicetto está determinada polo condicionante ideolóxico de contribuír á rexeneración nacional de Galicia e el mesmo manifesta que a escolla dunha estética romántica, e supostamente tradicional, respondía a unha intención de buscar elementos diferenciais para crear unha literatura "galaica" en castelán, inspirándose en determinados autores e estilos considerados máis afíns⁸⁸. Estes modelos búscas no norte, en autores británicos e alemáns —e moi sinaladamente nas novelas históricas de Walter Scott—, para recrear esa particular visión da realidade que se quere ver como manifestación da identidade nacional diferenciada fronte ao meridional, e que se caracterizaría pola melancolía, o senso da paisaxe, a tendencia ao panteísmo e ao misticismo cósmico e, por riba de todo, a exaltación das paixóns, a fantasía, o gusto polo misterio e o horror (Renales Cortés, 1996, II: 256 e ss.).

Pero xa nos anos cincuenta o celtismo encontraba resón entre moitos outros escritores preocupados pola situación marxinal de Galicia. Na *Revista Galaica*, publicada en 1874 polo propio Vicetto, recóllense unha serie de textos datados nos anos cincuenta nos que xa está presente dun xeito ou doutro a referencia ao pasado celta de Galicia (Renales Cortés, 1996, I: 415 e ss.). Entre eles atópase un poema de José Gil Rey (1815-1853) datado en 1850 co título "A Galicia", onde se reflicten algunhas ideas de Vereya y Aguiar como a consideración da función relixiosa dos castros nos primitivos habitantes celtas de Galicia:

Descansaban tus celtas entre encinas
o tal vez cada tribu allá en sus castros

88 Segundo Renales Cortés (1996, II: 257), Vicetto lía case exclusivamente autores xermánicos e franceses. Pero ademais esta diferenza entre os pobos nórdicos e os meridionais estaba moi viva na época. Mme. de Stael no seu libro *De la littérature*, traducido ao castelán xa en 1829, fala de que os pobos nórdicos se ocupan menos dos praceres que da dor, e da forte influencia que neles ten a natureza, que adoita manifestarse na súa imaxinación coma nos seus climas, rodeada de sombras e nebulosa (Stael, 1991 [1800]: 296). O grande mestre de Vicetto, Walter Scott, tamén apunta ás peculiaridades da imaxinación celta en palabras dun personaxe da súa novela *Waverley*.

The seat of Celtic muse is in the mist of the secret and solitary hill, and her voice in the murmur of the mountain stream. He who woos her must love the barren rock more than the fertile valley, and the solitude of the desert better than the festivity of the hall. (Scott, 1986 [1814]: 106)

"¡Gloria a Teut!" decía en sus cantares... (Gil Rei, *Revista Galaica*, 12)

José Rúa Figuerola (1820-1855), que traducira o poema ossiánico *Carthon* en 1852, publicado no *Seminario Pintoresco Español*, polas mesmas datas escribe un poema titulado "Nostalgia" dedicado a Vicetto para animalo a regresar a Galicia, e nel establece un paralelismo claro entre Galicia e Irlanda, e refírese ao seu país como "esa Irlanda ignota y despreciada". Pero o máis significativo parece ser o poema "A Galicia" de José Puente y Brañas (1824-1857)⁸⁹, un autor que difundira as ideas celtistas nunha serie de artigos monográficos na prensa da Coruña e que neste poema de 1855 presenta un resumo das ideas históricas de Vereya y Aguiar, dende a orixe celta á resistencia aos romanos, pasando polos contactos con fenicios e cartaxineses:

Quien fue su poblador nadie lo sabe,
 Pero allá de su historia en los albores,
 Ya se vé el pueblo de los celtas grave
 De sus inmensos bosques moradores,
 A cuya sombra misteriosa y suave,
 De un Dios omnipotente adoradores,
 Sus religiosos ritos ejercían
 Y el muérdago sagrado recogían. (Saralegui y Medina, 1886: 92)

Durante a década dos sesenta unha das publicacións culturais máis importantes é sen dúbida *Galicia, Revista universal de este reino* (1860-1865)⁹⁰, onde tamén se publican varios artigos que tratan o tema do pasado celta asinados por Barros y Sibelo, Antonio de la Iglesia, José López de la Vega, Domingo Díaz Robles e tantos outros. Entre as colaboracións literarias encontramos poemas en castelán como o titulado "A Galicia" de Benigno

89 Este poema aparece parcialmente en *Galicia y sus poetas* de Leandro Saralegui y Medina. Puente y Brañas foi un dos grandes animadores do rexurdimento galego da Xeración do 1846, hoxe lamentablemente ignorado en enciclopedias e dicionarios da cultura galega. Colaborou en xornais como *El Porvenir* e *El País* e dirixiu *El Liceo* da Coruña, o *Boletín Mercantil e Industrial de Galicia* e *El Iris de Galicia*. Como creador escribiu varios dramas en verso, comedias e lendas, e polo ton romántico dos seus versos recibiu o alcume de "el Zorrilla gallego" (*Galicia Emigrante*, 30, agosto-setembro de 1957: 6 e 17).

90 De aquí en diante citárase como GRU.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

Iglesia González, cunha breve referencia á figura do bardo e á lamentable carencia dunha historia de Galicia, un tema repetido insistentemente en diferentes colaboracións:

Ni historia tienes: tus más bellos hechos
las de otras tierras falsamente adornan. (Iglesia González, GRU,
1862: 365)

Pero agora encontramos xa algunha colaboración en lingua galega como o poema "A Galicia" de Francisco de la Iglesia, director da revista, impregnado de ambiente celta e onde se establece unha clara vinculación entre o celtismo e o renacer nacional:

¡Ou arpas do druida, ¡Despertade!
Erguévos d'entre as cinzas dos meus castros! (De la Iglesia, GRU,
1861: 332)

O ambiente propiciado polo traballo de historiadores, xornalistas e políticos comeza, pois, a proxectarse no ámbito cultural, onde empezan a xurdir xunto a Vicetto outras individualidades destacadas como Francisco Añón (1812-1878) ou Juan Manuel Pintos (1811-1876)⁹¹, e encontra unha primeira manifestación colectiva a través da convocatoria dos Xogos Florais de 1861, na que participa activamente Benito Vicetto, como amigo moi próximo do seu patrocinador, Xosé López Cortón. Este certame foi promovido dende as páxinas de *Galicia, Revista universal de este reino* (Molina, 1989: 49-53) e a convocatoria xorde dous anos despois da de Barcelona, que á súa vez seguía o precedente do renacemento das letras occitanas e doutros pobos europeos, entre eles os do ámbito celta como Gales⁹². Como resultado desta primeira edición dos Xogos consérvase unha publicación presentada co título *Álbum de la Caridad* (1862), que recolle algúns dos textos presentados ao concurso e mais un "mosaico

91 Añón, a pesar da súa popularidade, publicou os seus poemas ciscados por xornais e revistas e non viu a súa obra recollida en forma de libro en vida (Bel Ortega, 1991). Pintos, pola súa banda, foi un escritor case monolingüe en galego e autor do primeiro libro importante do Rexurdimento, *A Gaita gallega*, publicado en fascículos ao longo do 1853, unha obra de intención didáctico-propagandística en defensa da lingua galega. Sobre este autor ver Dobarro Paz (1974) e Ríos Panisse (2000: 171-185)

92 No País de Gales producírase unha temperá recuperación dos *eisteddfodau* ou reunións de bardos, promovidas a partir de 1700 polo gramático e editor John Roderick, e chegan a celebrar cincocentas cerimoniais importantes ao longo do século XIX (Morgan, 2000: 56-62).

poético" de poetas galegos contemporáneos con composicións en galego e en castelán recollido por Antonio de la Iglesia⁹³. Nel conflúen autores da Xeración de 1846 con outros máis novos que pouco despois se converterían en figuras conspicuas do rexurdimento literario galego.

A convocatoria do certame, que premiaba o mellor poema en lingua galega dedicado "A Galicia", propicia a aparición de varias composicións de diferentes autores con este título no volume. Sendo Galicia o tema central, son frecuentes as referencias á súa historia, que comparte protagonismo coa descrición laudatoria da paisaxe. O poema co que participara Juan Manuel Pintos, publicado xa en 1861 (GRU, 23, 1-IX-1861: 364-368), é especialmente ilustrativo de ambas vertentes temáticas e pode ser analizado como paradigma da visión da historia que se pretende transmitir nestas primeiras composicións. Despois dunha enumeración das belezaas e riquezas naturais de Galicia xorde a interrogación que dará lugar a unha visión panorámica da historia:

Pois con taes elementos, ¡ouh Galicia!
 ¿Por que se me presenta a túa imaxe
 cos cabelos voando desparxidos,
 desarrombado o traxe,
 cos ollos mornos, tristes e afrixidos?
 ¿Dos tempos que son idos
 alémbrache a túa lanza tan temida
 que ó lexos centellaba,
 e ó máis valente peito amedrentaba
 si a voz dabas de guerra
 atroando nos fondos e na serra? (Pintos, PreR, 176)⁹⁴

Ante a imaxe de decadencia presente ínstase á patria a recordar un pasado dignificador de pobo loitador, valente e nobre, que se resiste a deixarse dominar polos invasores, e por iso o poeta nomea como primeiro aconte-

93 Os xogos promovéronse dende a revista *Galicia RU*, que publicou a convocatoria recollida no *Álbum* xunto co discurso do Presidente e a memoria do Secretario, nos que se alude á historia destes certames dende Occitania a Barcelona e Valencia. A continuación recóllese unha selección das composicións presentadas a concurso e a devandita antoloxía baixo o título xenérico "A Galicia". Existe unha edición facsímil: *Álbum de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos* (Madrid, Giner, 1980).

94 Cítase pola antoloxía *Literatura galega do pre-renacemento* (PreR).

cimento significativo a batalla do monte Medulio, símbolo da resistencia da poboación nativa fronte á invasión de Roma. Porén, Pintos non fala en ningún momento dos celtas e polo tanto non parece identificar esa poboación prerromana cunha orixe étnica determinada. En cambio aparecen outras ideas que, xunto co celtismo, son tópicos comúns aos historiadores do XIX, como a consideración da invasión romana como unha agresión destrutora da civilización indíxena, a reivindicación do período suevo como un momento de autogoberno ou o papel pioneiro de Galicia no proceso da Reconquista. Algo semellante sucede no resto dos poetas e, de feito, o mundo celta apenas está presente no discurso literario dos escritores en lingua galega ata a aparición da obra de Eduardo Pondal (1835-1917), unha das figuras centrais do renacemento literario galego.

2.2. O mundo celta de Eduardo Pondal

A personalidade poética de Pondal (1835-1917) preséntase intensamente ligada á súa biografía. Licenciado en medicina, exerce a súa profesión como médico militar durante un curto período de tempo, pois con motivo da morte do seu pai pide un permiso e xa nunca se reincorpora ao seu posto, decidido a seguir a súa vocación de poeta con dedicación plena, como un bardo dos tempos modernos. Inda que se dera a coñecer escribindo en castelán xa no banquete de confraternización entre obreiros e estudantes celebrado en Conxo en 1856, a súa produción non verá a luz en forma de libro ata 1877, co poemario *Rumores de los pinos*, que reúne composicións en castelán e galego. Esta será a última contribución de Pondal á poesía castelá, pois nove anos máis tarde, segundo Murguía como consecuencia da profunda impresión que lle produciron os poemas de *Follas Novas* (1880) de Rosalía de Castro, publicará en galego *Queixumes dos pinos* (1886), onde somete a unha significativa reelaboración os poemas do primeiro libro, integrándoos nun conxunto moito máis amplo que constitúe o libro galego. Neste, traduce catro dos oito poemas en castelán, eliminando os outros catro, mantén dous poemas bilingües, engade novas composicións orixinalmente escritas en galego e revisa os poemas galegos de *Rumores...* someténdoo a unha reelaboración formal⁹⁵. Esta circunstancia é unha boa mostra da

95 A maior parte da produción pondaliana quedou inédita á súa morte e foi publicándose progresivamente xa avanzado o século XX (Carballo Calero, 1961, e Amado Ricón

primeira fase de construción dunha literatura nacional en que aínda son vacilantes os criterios caracterizadores, neste caso no referente ao uso da lingua, que Murguía consideraba obxectivo dunha segunda fase (Fortes, 1998: 26). Pondal compón a súa obra inicialmente en galego e castelán, e case dez anos despois fai unha aposta lingüística presentando o libro en galego, no que só se manteñen dous poemas bilingües xustificadas pola intención de realismo.

Pondal escribe, como a maioría dos seus contemporáneos, co obxectivo de rehabilitar a súa terra sumida nunha decadencia de séculos e para iso busca os temas de inspiración na protohistoria de Galicia. O seu mundo poético constrúese arredor do mito da orixe celta de Galicia, nun intento de recreación dunha época situada nun pasado remoto, que coloca o pobo galego á marxe da latinidade e o prové dunha orixe antiquísima⁹⁶. Esta época, caracterizada sobre todo pola vida en liberdade dun pobo guerreiro e indomable, debe recordarse para que actúe como modelo de comportamento no presente e como ideal para alcanzar no futuro esa condición de pobo libre. Por iso a figura dominante no mundo pondaliano é o bardo, o depositario da memoria colectiva sinalado por un destino de entrega a unha misión transcendente, pois a el corresponde manter co seu canto a lembranza das glorias pasadas que alimentan a dignidade do seu pobo, necesaria para erguerse contra o sometemento á condición de servos.

Deste xeito, a obra de Pondal érguese entre o conxunto da produción do Rexurdimento como representante dun dos trazos característicos das literaturas de descolonización que consiste en crear *mitos compensadores*

Virulegio, 1971) ata a aparición do seu longo poema épico *Os Eoas* (1992), pero moitos manuscritos permaneceron inéditos ata a documentada edición completa da súa obra que levou a cabo Ferreiro (1995-2005) que achega unha abundante colección de manuscritos no volume III xunto á nova edición de *Os Eoas* no IV.

96 Ricón Virulegio sitúa a Pondal como representante dunha das tendencias que xorden na época para fundamentar o carácter diferencial de Galicia dende diversos presupostos:

se formaron dos escuelas fundamentales que, luchando al unísono por la misma causa, usaron métodos desiguales. [...] Unos pusieron sus esperanzas rehabilitadoras en la Galicia medieval, mientras que otros se remontaron a los siglos oscuros de la protohistoria celta (1973: 77-78).

Os primeiros agrúpanse no cenáculo do Museo de Pontevedra baixo o liderazgo de D. Celso García de la Riega, mentres os segundos se reúnen na librería de Carré Aldao na Coruña e teñen como mestre a Murguía. Pondal foi o seu poeta portavoz.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

da carencia e a pobreza a que se ve sometida unha cultura dependente (Tarrío, 1986: 400). O mito céltico que el desenvolve poeticamente, arroupado pola historiografía romántica, cumpre unha dobre función: encher o baleiro dunha historia negada aos galegos poñendo os alicerces do seu carácter diferencial, e dignificar a propia condición da galeguidade mediante un pasado heroico. Pero ao mesmo tempo esa creación do mito céltico serve de base a unha nova estética que a crítica vén cualificando de simbolista e que se configura plenamente no seu libro galego⁹⁷, no que supera definitivamente a estética romántica que se observa nas súas primeiras composicións, tal como sinala Ricón Virulegio:

El pensamiento regenerador de Galicia que alimentó y sostuvo la actitud de Pondal durante la época romántica, no desapareció de su poesía durante el período simbolista, sino que se acrecentó; pero el tono ya no era el del "Brindis de Conxo", puesto que el poeta se diera cuenta de que el romantismo carecía de sólidas bases para mantener su poesía de protesta a nivel trascendental, lo cual Pondal consideraba necesario para que su obra fuese efectiva política y artísticamente. (Ricón Virulegio, 1981: 35)

Polo tanto, veremos como o escritor configura o seu mundo poético dende unha posición reivindicativa temperá, na que xoga un importante papel o mito do pasado celta de Galicia, e como este motivo temático vai adquirindo un papel central e propicia unha evolución estética superadora das correntes do seu tempo que lle permite abrir un camiño novo no repertorio galego centrado ata entón en boa medida na reivindicación das formas populares.

97 Os simbolistas franceses tamén mostran un gusto polas resonancias dun pasado histórico afastado que se contempla dende o presente en busca dun modelo de harmonía e de orde establecida das cousas. O redescubrimiento simbolista da Idade Media prefigúrase na obra de catro grandes precursores do movemento: Verlaine, Rimbaud, Villiers de l'Isle Adams e Mallarmé, que inician un uso renovado da Idade Media, diferente do exhausto xénero da recreación histórica:

The Symbolist return to the Middle Ages differed from that of the Romantics in that they were unable to inhabit the past forgetful of the present, or willfully to turn the present into the past. They gazed longing at the past while remaining rooted in modern life. (Dakyns, 1973: 231)

A súa obra complétase con *Os Eoas*, un longo poema épico que non chegou a publicar nin a rematar a pesar de traballar nel durante toda a súa vida. De 1958 data a primeira publicación de fragmentos do poema (López e Ferreiro, 1988), concibido inicialmente como unha epopea protagonizada por un heroe individual, o descubridor de América, Cristobo Colón, e motivado pola intención de demostrar a capacidade da lingua galega para a linguaxe épica e ao mesmo tempo de arrequentar a lingua cun novo rexistro. Máis adiante transfórmao nunha epopea colectiva que recolle os ideais iberistas da Cova Céltica, seguindo unha certa tendencia das literaturas subalternas a crear unha epopea nacional, se ben neste caso o obxectivo non é tanto crear unha epopea galega como facer unha epopea en galego para ampliar os modelos xenéricos do repertorio.

2.2.1. Orixes e fontes do celtismo pondaliano

A orixe das ideas celtistas de Pondal adoita vincularse á súa relación co grupo de intelectuais coruñeses que participaban no faladoiro da chamada "Cova Céltica"⁹⁸ e coa profunda amizade que mantivo dende a súa mocidade con Manuel Murguía, con quen intercambiaba materiais e manuscritos (Varela, 1949). Porén, é significativo constatar que moito antes da existencia de dito faladoiro e da publicación das *Historias de Galicia* de Murguía e de Vicetto xa estaban presentes nos poemas de Pondal as ideas fundamentais que desenvolvería na súa obra posterior. De 1858 data o poema castelán dedicado a "El Gontón", un monte do seu Bergantiños natal, no que a paisaxe cobra protagonismo como transmisora da memoria dese pasado heroico que se manifesta tanto en monumentos prehistóricos como en elementos naturais, neste caso as árbores identificadas con heroes míticos celtas:

El *croimlich* del celta, el canto perezoso
Del *highlander*; su hoguera rutilante,

98 Este faladoiro, en realidade, comeza a facerse moi tardiamente, cando Uxío Carré Aldao (1859-1932) colle en traspaso a librería que tiña Martínez Salazar, polo 1893, e alí empezan as reunións cos seus amigos que pouco despois, cando compra unha imprenta na rúa Real, se trasladan ao novo local. Entre os participantes asiduos destas reunións contábanse Murguía, Pondal, Martínez Salazar, Pérez Ballesteros, Florencio Vaamonde, Eladio Rodríguez González, Luguís Freire, e outros. Algúns tertulianos, como Murguía e Pondal, xa desenvolveran as teorías celtistas nas súas obras anos atrás.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

Dando su cabellera de humo errante:
El *dolmen* gigantesco y misterioso,
que encierra al héroe y su *segur* cortante,
Traían a mi mente transitoria
De los antepasados la memoria.
El pino solitario en la garganta
Inculta, a la primera luz del día
Que su contorno altísimo abrillanta,
El armado *Fingal* me parecía;
El roble a quien el viento audaz quebranta,
Semejaba un guerrero que caía;
Y el aura que azotaba a la colina,
La dulce voz de la infeliz Malvina. (EP, 135)⁹⁹

Dos seus anos de estudante parece datar tamén o poema "Canto de las vírgenes celtas" dedicado a Galicia, que aparece denominada como "verde Erín", nome gaélico de Irlanda. Neste caso Galicia está personificada e cántase para exaltar a súa fermosura, limitándose a trazos caracterizadores xerais e sen entrar na descrición detallada, como sucede coa descrición da dama nas cantigas medievais galego-portuguesas:

Virgen de los celtas:
cual aura de Abril
tu aroma gozando,
es dulce vivir.
Tus vates te llaman
muy bien verde Erín;
quien ve tu hermosura
suspira por ti.
Quien vive en tu seno,
Galicia, es feliz. (EP, 131)

99 Os poemas de Pondal en castelán cítanse pola antoloxía de Amado Ricón Virulegio (EP), onde recolle os poemas casteláns que dera a coñecer en *Novos poemas* (NP), os de *Queixumes dos pinos* pola edición de Ferreiro (PGC), e outros poemas pola edición de Xavier Senín (XS) que reúne as poesías inéditas incluídas na edición da RAG de 1935, os "versos ignorados ou esquecidos" editados por Carballo Calero en 1961 e os "Novos poemas" que achega Amado Ricón Virulegio en 1971.

Estas composicións temperás sêrvenlle de base a Ricón Virulegio para afirmar a orixinalidade de Pondal:

Así pois, Pondal non lles debe a Vicetto nin a Murguía a súa formación celtista, nin deles adeprende a pensar do xeito que o manifesta na súa poesía, senón que o poeta de Bergantiños foi orixinal na súa teoría ideolóxica, e na súa estética poética. Aquela ideoloxía liberal e progresista demostrada no "Banquete de Conxo", foise desenrolando e rubindo a outras esferas máis outas e nidias. (Ricón Virulegio, 1981: 100).

Non obstante, o sistema ideolóxico que subxace nos *Queixumes dos pinos* parece recoller en moitos aspectos ideas xa expresadas por Vicetto, posto que apunta a unha liberación de Galicia que a levará máis aló da reclamación de autogoberno, e resolve a tentación de aspirar á independencia convertendo esta nación en líder dun proceso de reunificación dos pobos ibéricos. Deste xeito paliaríase a inxustiza histórica que representaría o feito de que, sendo Galicia a nación máis antiga da Península, xa formada nos tempos dos celtas, estea sometida a un Estado que xurdira dunha escisión do seu primitivo territorio, o convento asturicense da *Gallaecia* que deu lugar ao reino astur-leonés-castelán. Coa reunificación con Portugal completaría a harmonía primixenia que aínda se reflectía na vella provincia romana e os seus tres *conventus*. A composición onde este ideal se manifesta dun xeito máis claro é a incluída en PGC co número 45 onde, dirixíndose á "raza de Breogán", o bardo agóiralle un "doce destino" que consiste en reunir todos os pobos ibéricos:

Os teus fillos sin conto
[...]
o lazo recio e forte
e garrido serán
qu'os fillos reconcilien
c'antiga e común nai,
e os bos pobos
ibéricos dispersos xuntarán. (PGC, 107)

A idea desenvólvese de novo no poema 75, onde se manifesta a vontade expansionista que implican as arelas de liberdade que canta ao longo da súa obra:

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

A vontade homérica
e propósitos férreos
de facer bos e libres
os españoles peitos,
dos novos ideais
o nobre e forte empeño
non se compren somente
nos límites estreitos
da patria desmedrada
polos antigos erros,
nin deben, non, morrer escuramente
nos xa minguados e cativos eidos. (PGC, 157)

Pero Pondal parece compartir algunhas ideas máis con Vicetto, aínda que deostaba o seu método histórico. Non esquezamos que foi este historiador quen concibía a sociedade celta primitiva como unha sociedade precultural e introduciu o mito dunha Idade Dourada allea á civilización en que o home vivía como un bo salvaxe, en perfecta harmonía coa natureza. Esta mesma idea parece estar detrás do mundo primitivo evocado por Pondal en que o protagonista é só un individuo illado e non se perciben elementos de organización social. Unicamente neste contexto pode entenderse a reiterada aparición de escenas de encontros sexuais nos que o home adopta o rol de animal depredador que contempla a muller como unha presa que pode ser cazada para satisfacer os seus instintos¹⁰⁰. Pondal contesta aos que lle apoñen a ausencia de Deus dos seus poemas aludindo ao carácter primitivo do mundo que pretende recrear na súa obra¹⁰¹ e esa podería ser tamén a explicación dunha vivencia da sexualidade animalizada nos personaxes que poboan os poemas, que se reflicte a través das abundantes comparacións con elementos da natureza, como

100 María Xosé Queizán enumera unha serie de poemas en que se repite o violento encontro do home coa súa vítima feminina e deduce desta actitude poética a actitude persoal de Pondal ante a muller, considerando que "o poeta identifícase plenamente co asaltante e co depredador" (1986: 58). Ver tamén Queizán (1998) e Forcadela (1995: 237-273).

101 J. L. Varela (1958) comenta a procedencia ossiánica da ausencia de Deus no mundo pondalián sinalando que xa Cesarotti, o tradutor italiano da obra de Macpherson, aclaraba ao seu público as razóns dese silencio pola carencia dunha visión precisa da divindade no tempo do bardo primitivo, e na mesma liña sitúanse as verbas de Pondal que el cita: "¿Como citarlo, si en los tiempos que hablan mis héroes, Dios no tenía nombre todavía!" (Varela, 1958: 249)

cando o protagonista dunha composición contesta aos rogos da muller argumentando cunha serie de situacións semellantes no reino animal:

¡Estás fresca, —lle contesto—,
vente a min con oracións!
Non solta nunca o raposo
a galiña que pillou,
astra zugarlle o mel todo
non solta a fror o abellón,
nin a branca e doce pomba
larga o montesío azor. (PGC, 113)

A frecuencia destas escenas valeulle ao autor a acusación de misoxinia por parte da maioría da crítica, que as valora como a punta de iceberg dun sistema ideolóxico dominado pola moral guerreira que lle asigna á muller un papel pasivo e ao servizo do guerreiro e asocia o "femíneo" con valores negativos. No entanto, cómpre non esquecer o marco en que se sitúan estas escenas, pois tal e como subliña Carmen Blanco, hai tamén elementos positivos como, por exemplo, a personificación feminina da comunidade a través da fada Celtia ou a presenza de cantoras e adiviñas que posúen o don da memoria:

Nos últimos anos, o feminismo denunciou a misoxinia inscrita na construción idiolóxica de Pondal. Se ben isto é evidente, cómpre contextualizalo no seu marco literario e histórico, para non sobredimensionar as implicacións ideolóxicas que conleva. Neste sentido, por exemplo, o citado poema "Os pinos" poetiza sen máis os valores sexuais canónicos no contorno galaico tradicional defendidos, de maneira bastante xeneralizada, polo nacionalismo ata finais dos anos sesenta e presentes no groso da tradición literaria galaica, coas consabidas tradicións disidentes na liña subversiva contracorrente representada por Rosalía de Castro. (Blanco, 1997: 103)

Ademais, cómpre lembrar que o desdoblamento enunciativo que converte a figura do bardo en protagonista do discurso pondaliano complica a identificación do eu lírico coa personalidade histórica do poeta e, por tanto, dificulta a posible atribución ao autor das actitudes e sentimentos que se manifestan nos poemas. De acordo con esta particular cosmovisión aparece unha paisaxe que dista moito do entorno amable e bucólico que

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

adoitaban presentar os seus contemporáneos. A paisaxe de Pondal é "como unha ruda intuición, e unha presenza arcana e prehistórica" (Lorenzana, 1955: 155). Fuxindo dos vales fértiles e as paraxes cultivadas escollidas polos que pretenden dar unha imaxe da terra vizosa e maternal, o poeta refúxiase nas gándaras e os montes, nos terreos escarpados, duros e solitarios, cos que se identifica o espírito do seu heroe, bardo ou guerreiro, sempre pronto á loita polos seus ideais e esquecido da vida sedentaria. Este mundo natural, próximo ao dos *Poemas de Ossian* en que se inspira (Montiel, 1974: 187) e tan distante da imaxe tópica dunha Galicia fértil, exuberante e maternal que cultivan os seus contemporáneos, é un elemento fundamental constitutivo da macrometáfora nacional que Pondal constrúe coa intención de fundar unha poesía nacional na que se recoñeza a identidade colectiva de Galicia a partir dunha autodefinición utópica.

Os elementos que delatan a influencia da poesía de Ossian foron sinalados por Varela (1958) e Montiel (1974)¹⁰², quen coinciden en chamar a atención sobre a ausencia de narratividade e de descrición na obra de Pondal, de maneira que non se relatán fazañas épicas e só se encontran apuntes ou escenas coa utilización de motivos esporádicos do mundo ossiánico. Unha desas escenas é a que se recrea no poema número 30 ("En turbia noche de invierno"), que na primeira edición de 1877 levaba o título "El recuerdo de la patria (sobre motivos de Ossian)", e que fai referencia a un momento nocturno durante o asedio que Cairbar e Gundáriz estaban poñendo á cidade de Tura. Esta escena procede da historia narrada en *The*

102 Os supostos poemas de Ossian foron publicados primeiro en 1760 por James Macpherson (1736-1796) co título *Fragments of Ancient poetry collected in the Highlands of Scotland, and translated from the Galio or Erse language*. En 1762 completárase esta primeira entrega en *Fingal, an Ancient Epic Poem in six Books: Together with Several other Poems, composed by Ossian the son of Fingal*. Inmediatamente suscitouse a polémica sobre a súa autenticidade, que dividiu a crítica en dous sectores enfrontados. Dado que Macpherson se baseara en boa medida en materiais de transmisión oral, a investigación suscitada pola aparición destes textos provocou a recolla de valiosísimos materiais do folclore que doutro modo se perderían para sempre. O carácter apócrifo só se demostrará definitivamente a primeiros do século XIX cos informes da Highland Society de Edimburgo de 1805 e da Highland Society de Londres en 1807. Así e todo, a súa influencia xa se estendera por Europa e imitárono dende Byron a Goethe, dende Leopardi a Chateaubriand ou Lamartine (Montiel, 1974: 7-36). Pondal tiña na súa biblioteca a tradución francesa dos *Poemas de Ossian* feita por Christian Pitois no 1867, pero puido coñecer antes a tradución do poema "Carthon" publicada polo galego Rúa Figueiroa no *Semanario Pintoresco Español* en 1852 ou ben o *Fingal e Temora* en tradución de Pedro Montengón de 1800.

Fall of Tura, poema gaélico traducido ao inglés por John Smith¹⁰³. Aquí o bardo Toimil canta o "esplendor dos pasados tempos" con resonancias da evocación "A tale of the times of old" dos *Poemas de Ossian*.

Tamén a morte da intrépida Maroñas no bosque (PGC, n° 41) lembra as heroínas que combaten como guerreiros, tal como Inibaca en *Fingal* ou Colmal en *Calthon y Colmal*. Toda a escena ten resonancias ossiánicas: o bardo Margaride acompaña a Maroñas nos últimos momentos cantándolle unha loa coa súa arpa e, ao morrer, faille a tumba sinalada cunhas antas para que sexa lembrada no futuro. Pondal utiliza a historia de Maroñas para dar unha explicación lendaria sobre un topónimo:

Desde entonces, jough Marañas!,
de Xallas probe lugar,
tomache o nome garrido
da valente sin rival,
pois no teu escuro eido
Marañas descansa en paz. (PGC, 97)

Na poesía ossiánica tamén poden aparecer bardesas, como Oina en *Oina-Morul* ou Minona en *Cam'c-Thura*. A réplica de Pondal é a doce Maimendos (PGC, n° 43), que canta a beleza do castro de Nemenzo "ó son d'harpa gemente".

Como nos versos de Ossian, os personaxes compórtanse dun xeito natural, mostrando con tenrura inxenua os seus sentimentos; cando caen fano coa cabeza erguida, sen soltar as armas das mans — "non xace volto ó chan o vagaroso" (PGC, 35) —, e son nomeados cun epíteto que sinala algún trazo físico ou espiritual que os caracteriza: Cairbar e Gundáriz son "os de corpo ben comprido" (PGC, 63), Gundar é o "bardo dos negros ollos" (PGC, 30), Toimil é o "bardo de nobre andar" e "d'ollos negros" (PGC, 65), Margaride é o "bardo da voz sen igual" (PGC, 94), a boa Bergantiños é unha fada "dos pasos fuxitivos" (PGC, 174) e os bardos son "peregrinos" ou "vagabundos" (PGC, 9). Os elementos da natureza personificados son cualificados con epítetos similares: os castaños de Dormea son "os de corpo ben comprido"

103 Entre os imitadores que aparecen ao redor do Ossian de Macpherson destaca o reverendo John Smith, que conseguiu igualar o seu mestre de xeito que os poemas de ambos aparecen mesturados ao longo dos séculos XVIII e XIX. A súa obra consiste nunha colección de catorce poemas de diferentes bardos traducidos do gaélico e publicados baixo o título *Galic Antiquities*, Edimburgo-Londres, 1780. O texto gaélico publicouse en 1787.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

(PGC, 85), pero con frecuencia o epíteto transfórmase nunha substitución do substantivo polo adxectivo e así os bardos en xeral son "os sonorosos" (PGC, 9), "os vagabundos" (PGC, 10), "o sublime e vago" (PGC, 34), os pinos son "os rumorosos" (XS, 123), as andoriñas son as "vagamundas" (PGC, 140).

Entre os antropónimos e topónimos tan abundantes na obra de Pondal tamén se encontran algúns procedentes dos *Poemas de Ossión* como Tura, Ullín, Erín, Cairbar, e moitos son próximos á toponimia galega: Gundar é un personaxe que aparece no poema *Fingal*, igual que Lugar, que é un caudillo do exército de Cuchulaín, ou Maronnan, heroe de *Fingal e Témore* de sonoridade próxima a Maroñas; Ousinde parece derivado de Oissín ou Ossión, e Rouriz pode relacionarse con Ruro, que aparece en *The war of Inis-Thona*. Pero a maioría dos nomes dos personaxes que poboan o mundo pondaliano son topónimos personificados de resonancias máis ou menos celtas cos que o poeta constrúe un novo Olimpo de heroes autóctonos: Bandomil, Gundariz, Ourens, Brandoñas, Baltar, Ouco...

As apóstrofes e invocacións a elementos da natureza son frecuentes na poesía ossiónica, que apostrofa o sol, a lúa ou a estrela da tarde. Pondal dirixe as súas invocacións a elementos da natureza non anónimos, senón sempre localizados cun topónimo¹⁰⁴. Diríxese ao mazarico do piñeiral do Marico, á terra de Bergantiños, ao salvaxe val de Brantoa, aos penedos de Pasarela, ás uces da terra de Xallas, ao río Languelle, aos aires de Troitosende, ao figueiredo de Mórdomo, ao vello piñeiral de Foxán, á arca antiga da Pïosa, ao garrido castro Nemenzo, á gandra esquiva de Moureda, aos carballos de Carballido, ao monte Branco, aos feros corvos de Xallas, ás silvasmouras das corredeiras de Bergantiños¹⁰⁵. Deste xeito mitifica

104 De novo encontramos o precedente da obra de Vicetto, que xa utilizara con frecuencia o valor evocador dos topónimos, tal como sinala Tobío (1965: 12):

En Vicetto tamén, probablemente, deprende a descubril-a maxia dos nomes xeográficos galegos pois, asegún Murguía, ninguén coma Vicetto "sintió la armonía de los nombres de lugar". [...] E aínda podería arrincar de Vicetto outro elemento do mundo poético pondalián: a vivificación e rexurdimento das cousas esmorecidas e debecentes, que volven ó seu ser antergo, como por arte de desencantamento, atal ese Castro Nemenzo [...]

105 Esta permanente localización da paisaxe a través dos topónimos crea tamén un efecto estilístico polo que o autor parece buscar as resonancias da lingua daquela poboación prelatina, tal como comentou Forcadela (1988: 122):

A toponimia cumpre entón unha función de "linguaxe orixinaria", a mención dos nomes de lugares é o camiño que Pondal segue para falarnos da lingua do "grande

a xeografía concreta en que se sitúa en todo momento, convertendo un escenario natural concreto en protagonista e elemento clave como referente real no proceso de construción mítica. Trátase dun escenario natural constantemente nomeado e, polo tanto, localizado no devir histórico, pois a natureza non interesa tanto por si mesma como polo seu carácter de testemuña e transmisora do pasado.

Tamén as comparacións e metáforas adoitan ter o mundo natural como referente, pero de novo Pondal escolle elementos concretos e localizados xeográficamente. A mocíña que está despertando á adolescencia é "com'a devesa follosa / sobr'a nativa e cara costa de Recemel" (PGC, nº 11), a namorada invócase coa exclamación "¡Ouh rosa de Corcoesto!" (PGC, nº 13), e os ollos negros de Toimil son "como a ala / do corvo do cabo Ougal" (PGC, nº 30).

Episodios, toponimia e antroponimia, escenarios naturais e recursos formais circulan da poesía ossiánica á de Pondal coma nun transvase natural, coma se se tratase dunha nova poetización dun mesmo mundo, de xeito que lonxe da falta de orixinalidade que apuntaba Varela (1958: 249 e ss.)¹⁰⁶ a obra de Pondal consegue poñer en contacto a literatura galega coa tradición literaria dun entorno que se estaba reclamando como irmán dende a historia e a teoría política, o dos países de tradición celta. Ademais, desta forma, Pondal remedia parcialmente a grave carencia da que se lamentaba Saralegui y Medina, de non existiren cantos que recreasen episodios da época celta, como sucede en Escocia ou na Bretaña, se ben a distancia temporal non lle permite elaborar un texto épico narrativo e opta pola construción dunha vaga evocación lírica.

2.2.2. A configuración dunha nova estética

A evolución que se produce dende a publicación do primeiro libro bilingüe ata a aparición de *Queixumes dos pinos* foi estudada en detalle

tempo mítico". Así pois, a toponimia acada en Pondal un curioso fonosimbolismo. Exemplifica a "Vella Música Perdida", a "Fala dos Pais do País".

106 Aínda que lle concede o grao de orixinalidade que corresponde ao autor dunha obra que ofrece variación a partir da imitación, fai afirmacións tan contundentes coma esta:

Por fin, es obligado reconocer su escasa fantasía —¿qué hacen esos valientes celtas, sino añorar?— y el escaso éxito de su vena festiva (67, 96). Pondal era un poeta de una sola y grave cuerda. (Varela, 1958: 251)

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

por Carballo Calero (1981: 296-302) e despois por Forcadela (1995: 187-201), que destacan a evidente intencionalidade do autor de ser un poeta en galego. Pero ademais este último estudoso sinala a importancia das novas adicións e dos cambios estilísticos introducidos no libro galego, que adquire de feito unha entidade completamente nova.

Débase subliñar o significativo aumento cuantitativo, que converte os *Queixumes*... nun conxunto de 91 composicións, entre as cales só 17 proveñen do conxunto inicial de 21 poemas de *Rumores*..., mentres se desbotan catro dos oito poemas que alí se incluían en castelán. Os outros catro aparecen agora traducidos e introducen algúns cambios interesantes: son os números 8, 16, 19 e 20 no libro galego, onde desaparecen tamén todos os títulos, que se corresponden co 8, 7, 13 e 10 da primeira versión respectivamente.

No número 8 os cambios afectan fundamentalmente á métrica, de xeito que os versos decasílabos e hendecasílabos aparecen convertidos en versos de arte menor de cinco e seis sílabas, e no poema 19 apenas se introducen modificacións máis alá do esixido pola propia tradución, pero nos outros dous xa se observan cambios que implican unha clara vontade de estilo, cunha tendencia a afastarse do pormenor descritivo para adoptar o ton intemporal do distanciamento vaticinante que sinala Méndez Ferrín (1984: 26). Este cambio obsérvase no número 20, que adquire un novo valor de indeterminación ao evitar nomear directamente o protagonista do poema que na primeira versión se declaraba dende o título, "El cabo", pois ao longo do poema utiliza o procedemento do desprazamento adxectivo, que consiste en evitar a alusión directa ao suxeito substituíndo o substantivo por adxectivos que o cualifican. Deste xeito, o cabo é agora "o desolado e alto", igual que a muller amada é "aquela qu'o recordo é lava intensa", e todo o poema adquire entón unha estraña vaguidade que o abre a diferentes interpretacións. No mesmo senso operan as modificacións que inclúe o poema número 16 coa substitución da palabra "bardo" por adxectivos que o cualifican, a presenza do helenismo e exemplos dunha nova maneira de construír a imaxe. Forcadela comenta os dous versos novos que substitúen os da versión castelá na primeira estrofa na comparación que se refire ao bardo : "cal un decreto férreo lanzado, / con escuro lóstrego na fronte, / iba o sublime e vago" fronte á primeira versión, "por un parage inculto y desolado, / triste y llevando el peso de su arpa, / solitario iba el bardo:

O primeiro que chama a atención é a introducción dos dous versos centrais en que os sintagmas "decreto férreo lanzado" e "escuro lóstrego na fronte" descubren unha nova maneira de construción

da imaxe. A palabra decreto [...] unida ó adxectivo férreo (duro, constante, de virtudes semellantes ás do ferro) designa a obediencia do bardo a unha lei de absoluta rixidez e dureza. O escuro lóstrego, unha das imaxes máis logradas da poesía do autor, sinala o encontro na súa fronte de dúas tendencias fundamentais na súa imaxinación, as que temos denominado complexo de Icaro e Anteo, o lóstrego abraiante, procedente das alturas e a escuridade da terra e do pasado. (Forcadela, 1995: 197)

Esta imaxe é obxecto de comentario tamén no estudo de Méndez Ferrín, que sinala a modernidade das imaxes de Pondal elaboradas sobre deslocamentos significativos, como as que Bousoño cualifica de "imaxes visionarias" e considera características da poesía do século XX:

Aquí o adxectivo "escuro" debería calificar, dacordo coa retórica do momento, a "frente". Así: "frente escurecida" sería o que os lóxicos e comedidos lectores da segunda metade do século XIX comprenderían. Pero o noso poeta, con xenial irracionalidade, coloca "oscuro" ó pé de "lóstrego", palabra que polo seu significante, alén do significado que comporta, só podería ser modificada por tal adxectivo dentro dunha estética visionaria. (Méndez Ferrín 1984: 25)

Alén diso, observamos que onde antes se describía a realidade externa, a paisaxe ou a propia figura do bardo, agora se introduce unha comparación que alude máis á súa actitude e ás calidades morais cá imaxe observable. Vence, por tanto, a visión subxectiva do mundo, aproximándose ao intrasubxectivismo que Bousoño (1985, I: 230) considera característico do século XX, que se reflicte no irracionalismo verbal da poesía contemporánea e que parte da actitude de que "non importa o mundo senón a impresión que o mundo me produce" (Bousoño, 1985, I: 227), de maneira que as palabras se usan tamén pola impresión que nos producen e non só polos seus conceptos.

Como se pode observar polo dito ata agora, os poemas procedentes de *Rumores*... nin sequera manteñen a súa orde inicial, senón que se van incluíndo dentro dos trinta primeiros poemas do novo libro en posicións completamente alteradas. O mesmo sucede cos dous poemas bilingües que se manteñen como tales: o número 18, que antes ocupaba unha posición central co número 11, xustifica o bilingüismo porque se supón en boca de xentes de Madrid ata que fala Rentar lembrando a súa terra; e o número

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

30, que antes pechaba o libro sendo o número 21, comeza o diálogo en castelán posiblemente por situarse a acción en chan estranxeiro, durante o sitio da cidade de Tura, e protagonizado por celtas daquel país, mentres introduce o galego cando o bardo Toimil entoa os seus cantos lembrando a patria galega¹⁰⁷.

En canto aos poemas casteláns eliminados é especialmente rechamante a supresión do poema que abría o libro de *Rumores...* titulada "Pasajeros rumores de los pinos" que contiña os motivos centrais da poesía do autor: o rumor dos pinos que encanta co seu misterioso son a alma do bardo, o carácter "transeúnte" deste e a identificación dos pinos cunha arpa salvaxe¹⁰⁸. Pero ao tempo que desaparece este poema de presentación, no novo libro introdúcese un procedemento estrutural que recorda ao utilizado por Rosalía de Castro en *Cantares Gallegos*, cun poema inicial, "polo baixo cantando", e outro final, "polo alto cantando", que fan alusión a un personaxe que canta e que enmarcan todo o conxunto de xeito que todos os poemas poderían constituír o canto dese personaxe por un procedemento de desdoblamento dramático. Pero, quen é ese personaxe que canta? No primeiro poema ese personaxe é denominado "o boo bergantiñán" e parece un simple carreteiro que conduce na noite un carro

107 Carballo Calero (1981: 299) sinala a "significación realista" que xustifica o bilingüismo destes poemas, idea que recolle Vilavedra (1999: 135) suxerindo a súa función de manter un "interesado efecto de contraste entre as dúas linguas".

108 Este poema castelán reelabórase nunha versión galega amplificada que é publicada postumamente por Carballo Calero (1961). Pola súa importancia e difícil acceso citamos a primeira versión en castelán:

Pasajeros rumores de los pinos,
Que arrullásteis los días de mi infancia,
Y encantasteis un día mis oídos
Sobre la oscura tierra de Brigandsia.

Pasásteis, mas el bardo transeunte,
Aún recuerda el rumor de vuestras alas,
Y le entretiene aún vuestra memoria,
En los momentos de penosa marcha.

Y vosotros, oh rústicos amigos,
Amados de los vientos de mi infancia,
Compañeros, vosotros sois, oh pinos,
De la montaña las salvajes harpas.

de táboas cantando, pero de seguida encontramos na súa caracterización os trazos dos escollidos:

por cousas que n'exprica
dun fondo e vago afán,
mil escuras suidades
ceibando ós ecos vai
e da patria pungente servidume
parece recordar. (PGC, 5)

Intuímos, polo tanto, que se trata dun bardo, aínda que non se nos di de maneira expresa, igual que sucede cos pinos, que nunca se nomean directamente senón que se alude a eles na segunda parte do poema como aqueles que o protagonista mira ao pasar, escóitao fungar e compáraos cun escuadrón de guerreiros celtas dispostos a loitar¹⁰⁹. Deste xeito introdúcese ao lector no procedemento elusivo que Pondal desenvolve nesta nova etapa e que domina en todo o libro de *Queixumes*... No poema final, que ocupa co número 90 a penúltima posición e non a última, o cantor xa aparece denominado a través dun adxectivo que habitualmente se asocia co bardo: "o sonoro". Os dous poemas son practicamente o mesmo, con lixeiras variacións que se limitan ao cambio dalgún adxectivo e á introdución de catro versos novos no último, perfectamente integrados no conxunto¹¹⁰.

109 Esta presentación dos pinos como un exército de guerreiros celtas en formación dispostos para a loita é interpretado por Forcadela como un sinal da influencia da cultura helénica que se manifesta, ademais de nas abundantes referencias directas a elementos desta cultura, en múltiples motivos diseminados ao longo do texto:

Se o ossianismo, como forma literaria do celtismo, era sobre todo un ollar desde o interior do bosque, unha manifestación do vínculo coa terra, o helenismo acusa unha ollada distanciada, afastada do bosque, de xeito que a protección maternal que este suxería tómasse agora en visión épica e marcial. (Forcadela, 1995: 229).

110 O poema está estruturado en dúas series equilibradas de catorce versos heptasílabos dos que o penúltimo é hendecassílabo, introducindo o recurso de romper o ritmo ao final da estrofa que será característico tamén desta nova etapa. Os cambios inseridos no número 90 afectan sobre todo á primeira parte, onde se engaden catro versos que producen un leve desequilibrio entre as dúas partes; ademais, tamén se altera levemente a estrutura da longa frase que constitúe esta primeira parte, de xeito que se no primeiro había un único núcleo verbal ("ceibando... vai"), no 90 aparecen dous núcleos coordinados ("vai... conducindo... e ceibando... vai"). A segunda parte, que contén a velada referencia aos pinos, mantense literalmente, quitando a variación adxectival do primeiro verso, onde se substitúe "castro verde" por "noto castro".

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

A misteriosa presenza dos pinos a que se alude na segunda parte da composición desemboca nun poema final en que o cantor se dirixe a eles, aínda sen nomealos directamente, nun discurso que establece a identidade entre o canto dos pinos e o do bardo:

Da ruda pendente,
soantes e altivos,
eu ben sei o que din vosos vagos,
monótonos ritmos. (PGC, 191)

E, escoitando o seu canto, "de pasados, futuros destinos, / a alma adivina". Polo tanto, o canto do bardo xorde como eco dun dobre impulso: un que procede do seu interior e das súas propias lembranzas, e outro que provén da contemplación da natureza, que lle transmite unha mensaxe do pasado.

Por outra banda, a estrutura circular que parecen marcar estes poemas refórzase coas referencias ao canto diseminadas no interior do libro, ben dun xeito directo como no poema 65, "canta, bergantiñán, canta", ou dun xeito indirecto tratando o tema do canto do bardo en múltiples poemas como manifestacións diversas dos "queixumes" que dan título ao libro, pois é a voz do bardo intérprete da música universal que transmite o canto dos pinos, esas "salvaxes harpas" que o vento fai soar a cotío. Por outra banda, ese misterioso elemento da paisaxe que o protagonista cantor contempla identifícase cos pinos a través dos versos doutros poemas como os seguintes, que aparecen no interior do número 30, e retoman a comparación entre as árbores e os guerreiros que viramos xa nun dos seus poemas de mocidade:

Os teus pinos desde lonxe,
na pendente do Brumar,
son parecidos ós celtas,
que en orde de guerra están. (PGC, 66)

Non parece casual tampouco que o grupo de poemas que aparecen ao principio, antes de introducir o primeiro poema procedente do libro anterior, teñan a figura do bardo como protagonista, así como o feito de que os poemas casteláns eliminados, fóra do primeiro, tan profusamente substituído, sexan composicións de temática amorosa. Deste xeito dáse prioridade á temática transcendente para a colectividade, pois onde non é protagonista o bardo, sono outros personaxes míticos como heroes guerreiros, fadas e ninfas, ou

ben a propia natureza, ou sentimentos, actitudes e reflexións relacionados coa preocupación central polo destino da patria.

Por iso, se ben pode levar razón Carballo Calero cando afirma que "sería demasiado gratuíto considerar todas as poesías como cantos dun só poema" (1981: 302), parece evidente o cambio na concepción do libro que sinala Forcadela (1995: 200) dende a primeira entrega en que se presenta como simple colección de poemas á elaboración de *Queixumes...* como unha unidade temática en que a función dos poemas marco vén reforzada pola reiteración de motivos e recursos formais.

Ademais desta concepción unitaria, obsérvanse outros moitos cambios xa sinalados polos dous críticos citados, que abranguen dende a reelaboración lingüística (enxebriación do léxico, modificacións ortográficas, etc.) como consecuencia do cambio básico que supón a decisión de ser autor monolingüe en galego, ata as modificacións de carácter estilístico e estrutural: modificacións métricas, substitucións de nomes propios de lugar por posibles razóns de eufonía ("Verde valle de Rouriz" pasa a "Salvaxe val de Brantoa", "Decide ventos de Baura" pasa a "Decide ventos de Xallas", etc.), o incremento do desprazamento adxectivo, a introdución de oposicións cualificativas, a elaboración de imaxes visionarias, e a aparición do helenismo.

Este último elemento constitúe unha importante novidade que contribúe de xeito decisivo a configurar a estética pondaliana e que se impón xa dende a cita que abre o libro e que corresponde a un poema de Tirteo citado a través da *Histoire des Grecs* de Duruy¹¹¹, abrindo unha relación paratextual que se fai presente ao longo de todo o libro¹¹²: "Il est beau pour un brave de tomber aux premiers rangs de la bataille e de mourir en défendant sa patrie" (PGC, 3).

As palabras de Tirteo pertencen ao capítulo dedicado a Esparta neste libro e esta ansia de morrer loitando é unha característica tomada da idea de heroicidade militar espartana que se asimila ao guerreiro ou ao bardo celta co que parece identificarse o propio autor, quen ademais nun dos

111 Pondal tiña este libro na súa biblioteca no orixinal francés e tamén a través do francés, en coidadas edicións bilingües, leu a Homero e outros autores gregos (Bouza-Brey 1925 e Carballo Calero, 1986).

112 A terminoloxía utilizada para as relacións transtextuais segue as definicións de Genette (1982) e concretamente os paratextos abranguen elementos como o título, subtítulo, prefacios, epílogos, notas marxinais, ilustracións, e moitos outros sinais accesorios que achegan un significado ou un comentario ao texto creando un campo de relacións que é, en palabras do crítico francés, "un des lieux privilégiés de la dimension pragmatique, c'est-à-dire de son action sur le lecteur." (Genette, 1982: 10).

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

seus poemas quere emular o espartano Tirteo¹¹³, que tocaba a lira para estimular cos seus cantos o espírito de combate dos guerreiros, e espertar así el tamén o ánimo bélico dos galegos:

¡Quen tivera ditoso
un tan sublime acento
que do seu fondo sono
despertara os galegos!
¡Oh, quen cumprir pudera
tan xeneroso intento
desenterrando a lira,
a lira de Tirteo! (XS, 140)

O helenismo do noso poeta aparece vencellado sobre todo a temas patrióticos e á súa identificación coa función tiraica¹¹⁴, por iso esta erudición adoita facerse presente nos poemas de exhortación á loita e, en cambio, desaparece naqueles que formulan propostas concretas como a reunificación con Portugal ou nos que se centran na loanza da terra (Amado Rodríguez, 1999: 97). Pondal pretende conseguir un ton épico, igual có poeta grego, apropiándose de contidos e recursos formais da épica, e tamén introducindo heroes tomados do mundo helénico como Leónidas, Bráxidas, Lisandro e tantos outros que se erguen como símbolos do espírito patriótico. Deste xeito, un empuxe guerreiro de forza restauradora vén engadirse á saudade dos tempos pasados tirada dos poemas ossiánicos. Esta mestura de helenismo e celtismo conflúe nunha lírica de ton arcaico e heroico en que as formas clásicas son moldeadas polo xenio do poeta visionario.

113 O desexo de morrer na loita, heroicamente, e a aspiración á fama, a vivir na memoria do pobo despois da morte son motivos reiterados na obra de Pondal que poden reflectir a influencia de Tirteo, aínda que non temas exclusivos deste autor, senón ideas que están moi arraigadas no mundo grego e teñen un desenvolvemento case universal (Amado Rodríguez, 1999: 97).

114 Algúns poemas mostran tamén a influencia das odas de Anacreonte, que lle serven como modelo sobre o que crea a súa versión con maior ou menor variación. Ese é o caso do poema 19 de *Queixumes...* e dalgúns inéditos publicados e comentados por Amado Rodríguez (1999) e Ferreiro (2000). Así como o coñecemento da obra de Tirteo é probable que se limitase ás composicións recollidas por Duruy, a poesía de Anacreonte figura na biblioteca de Pondal no volume dunha coidada edición bilingüe grego-francés de 1864, e ademais a finais do século dispuña dunha versión galega de Florencio Vaamonde Lores publicada en 1897 baixo o título *Odas de Anacreonte*. No entanto, estes serán casos contados fronte á liña central en que se manifesta o helenismo, as resonancias épicas arredor de ideas como a morte digna ou a sona inmortal.

Dende os primeiros poemas que Pondal escribe en castelán ata a segunda etapa que corresponde á produción da súa obra en galego obsérvase unha evolución ideolóxica que encontra o seu paralelo na actividade creadora. Nestes anos o poeta vai madurando no coñecemento da historia de Galicia e vaise formando a súa ideoloxía galeguista dentro do liberalismo democrático, mentres que ao mesmo tempo na súa poesía desenvolve con carácter monotemático a idea da recuperación do pasado celta e avanza cara a un monolingüismo comprometido coa creación dun rexistro literario culto do galego.

A vontade suxestiva vai gañando protagonismo e maniféstase en diversos procedementos de ocultación: o xogo perifrástico que utiliza substituíndo un termo por unha longa definición do mesmo, o hipérbato, a acumulación de subordinacións, a cualificación negativa, as referencias mitolóxicas e o propio desprazamento adxectivo. Todos estes recursos contribúen a configurar un lirismo elusivo que Méndez Ferrín (1984: 26)¹¹⁵ considera un dos trazos da escola formalista que se iniciaría con Pondal na literatura galega e se caracteriza por utilizar procedementos paralelos aos do simbolismo e recoller unha tendencia de todo o idealismo europeo á preferencia polos recursos elusivos da linguaxe, paralela ao renacido interese pola visión interior (ou á "ensoñación"). Pero este recurso permanente á elusión e ao desenvolvemento da capacidade de suxestión da linguaxe parece ser unha característica tamén da poesía bárdica, tal como afirma o profesor J. Vendryes nun artigo sobre o tema publicado na revista *Nós*:

Hai poetas escuros. Mais en feito d'escuridade, a poesía céltiga podería levar a palma. É escura porque tradicionalmente os poetas quixérona manter así. Disimula tanto como suxire, e ás veces máis. Semella unha sorte de xogo no qu'o poeta no se descubre mais qu'o tempo preciso para fugir cand'un coida que o pillou. É o xogo de Galatea co pastor que vai atrás d'ela. Niste xogo os poetas céltigos eran mestres. (Vendryes, 1935: 68)

Xunto á vaguidade alusiva, esta escola caracterizaríase, segundo Méndez Ferrín, polo distanciamento vaticinante, é dicir, a actitude aristocrática do

115 No primeiro capítulo deste seu libro recolle Méndez Ferrín as teorías sobre Pondal que formulara xa na tese de licenciatura dedicada ao estudo deste autor en 1960 co título *Aspectos de la poesía de Eduardo Pondal*, que permanece inédita, e resumidas no artigo publicado en *Grial* 26, 1969: 406-412.

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

poeta, que sitúa o seu discurso nun plano ahistórico dende o que canta o pasado lendario e proxecta unha visión profética do futuro. Esta vocación profética ten a súa orixe tamén no Romanticismo, pois a especial sensibilidade que se atribuíu ao artista permítelle unha máis fonda percepción da realidade que o converte en visionario e guía ideal para a sociedade. Polo feito de usar estes recursos Méndez Ferrín considera que Pondal é o primeiro poeta moderno de Galicia¹¹⁶, xa que a súa obra supón un afastamento da actitude ruralizante dos seus coetáneos:

Poeta posromántico orixinal, de raigaña prerromántica e actitude paralela á do parnasianismo francés, obtén achádegos expresivos notorios e singulares. Para min, Pondal é o máis moderno dos poetas galegos do século XIX. Ou mellor diría, sen medo a esaxerar: Pondal é o primeiro poeta galego moderno. (Méndez Ferrín, 1984: 26)

Os *Queixumes dos pinos*, en canto que é unha das obras fundacionais que se erixe como texto canónico da literatura galega emerxente, podería considerarse, dentro da tipoloxía establecida por González-Millán (1995: 75), un texto/etnia, por expor unha determinada concepción da cosmovisión colectiva que inclúe a Galicia dende o punto de vista cultural na tradición celta, pero ao mesmo tempo é un texto/reivindicación, pois resume a súa forza na reclamación dunha determinada imaxe colectiva, a dun pobo de pasado guerreiro e independente que mantén latentes as súas ansias de liberdade, o que afianza as premonicións dun futuro de recuperación nacional.

Varias son as características que a crítica vén destacando na configuración desta cosmovisión pondaliana: celtismo, ossianismo, bardismo, aristocratismo, helenismo, panteísmo, etc. Porén, todos estes adxectivos denominan diferentes caras dunha imaxe identitaria que ten como eixo central a recreación do mito das orixes celtas, o cal, en palabras de Méndez Ferrín (1969: 410), serve para construír unha Galicia heroica, estilizada e ideal, superposta á Galicia real. Para logralo, Pondal apóiase nas fráxiles bases da literatura histórica e na poesía de Ossián. Como xa vimos recole algunhas ideas de Vicetto, pero sobre todo interésanlle as teorías e o método máis rigoroso e documentado de Murguía, con quen intercambia

116 Esta valoración é discutida por outros autores como López Casanova ou Francisco Rodríguez en defensa da modernidade doutros contemporáneos e especialmente de Rosalía de Castro. Un resumo das diferentes posturas da crítica encóntrase en Forcadela (1995: 18-21).

información en asidua correspondencia. Alén diso, os textos ossiánicos sêrvénlle de modelo pois eran naquel momento, como sinala Varela (1958: 229), a mellor fonte para coñecer os celtas do século III¹¹⁷.

Pero ademais o seu coñecemento do mundo helénico sêrvelle para completar a imaxe daquela sociedade celta primitiva, aplicándolle moitos dos valores heroicos da antiga Esparta tal como se describen na *Historia de Grecia*, de Duruy, da que colle a cita de Tirteo que encabeza os *Queixumes*... O helenismo que se incorpora neste libro ao mundo poético de Pondal ten a función de contrarrestar o peso das reminiscencias do pasado e a vontade arqueolóxica do ossianismo, achegando un modelo de comportamento caracterizado pola disciplina e a ética castrense que debe imporse para proxectar no futuro ese ideal do pasado (Forcadela, 1995: 197). Por iso Pondal non ten unha actitude arqueolóxica como a de Macpherson, pois o seu obxectivo non é construír a epopea primitiva de que carece o pobo galego, senón evocar o pasado desde a conciencia plena do presente e cunha clara inspiración profética: o pasado non interesa por si mesmo, senón como modelo para o futuro que se ha de construír.

2.2.3. A figura do bardo

Pondal recrea un pasado céltico galego como unha Idade de Ouro poboada por heroes guerreiros, fadas e bardos, que se opón á decadencia dun oprobioso presente. Por iso a figura do bardo se ergue como un elemento clave, pois é el o que asume o papel do heroe que protagoniza a aventura da recuperación nacional. O bardo é na obra de Pondal quen canta as

117 Sobre a importancia da impostura dos poemas ossiánicos de Macpherson na creación artificial das tradicións de Escocia e a súa revolta cultural contra Irlanda véxase Trevor-Roper (2000 [1983]). Macpherson segue o gusto popular da súa época e o mundo que reflicten os seus versos difire moito do que se representa nos textos auténticos da literatura celta conservados en manuscritos irlandeses ou galeses. O descoñecemento de Pondal das fontes orixinais da poesía celta xustifícase polo inaccesible das fontes e ten o seu paralelo na escasa fidelidade a realidade histórica de que parten a maioría das reutilizacións literarias da época, tal como sinala Dakyns:

In spite of all the "Chrestomathies" published during the eighties, symbolist poets were in the main just as ignorant of medieval literature as their Romantic predecessors. (Dakyns, 1973: 270)

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

glorias do pasado, increpa os seus contemporáneos para que esperten do conformismo acomodaticio que os afunde na escravitude e anuncia o futuro renacer nacional. Porén a súa mensaxe non encontra os ecos desexados e por iso a imaxe que se nos ofrece deste personaxe está tinguida de dor polo fracaso: o bardo cae na melancolía e na marxinación, séntese incomprendido e busca refuxio na natureza, afastándose da sociedade humana que nega o seu mundo pechándose a escoitar a súa mensaxe.

Xa dende os primeiros poemas se apunta a concepción do poeta como un ser entregado a una misión de redención colectiva, asumindo a función que Faraldo e Vicetto atribuían ao historiador. No poema "Orgullo", que data de 1858, encontramos versos coma estes:

Tal vez no moriré, tal vez un día
Se envanezca de mi la patria mía. (EP, 118)

Pero ao mesmo tempo constátase o fracaso a que está destinada esa misión, pois non encontra receptor para a súa mensaxe e moito menos recoñecemento á súa función de transmisor dunha vontade superior que nos poemas de mocidade parece identificarse coa divindade e máis adiante será a forza da historia, da raza ou do destino colectivo. No seu poema "Plegaria" (1862) quéixase desta incompreensión desde unha actitude de superioridade cara a quen non saben escoitar a súa mensaxe:

No comprenden mis cantos y, arrogantes,
Eco yo de tu voz, tu voz no entienden;
No me conocen, pobres ignorantes,
Y en su ignorancia vil no me comprenden; (EP, 119)

A mesma idea xorde unha e outra vez no seu libro en galego, se ben o poeta aparece entón xa plenamente identificado coa figura do bardo, sempre solitario e peregrino, auténtico protagonista dese universo atemporal en que a veces parece ser o cantor das glorias pasadas nun presente decadente, e outras é o habitante do bosque, compañeiro de guerreiros intrépidos e Amazonas daquel tempo remoto e glorioso. Así o proclama a natureza, interlocutor e confidente de excepción para o bardo, no poema 14:

Os bardos son nobre cousa
e grande, e non comprendidos
na súa terrena viaxe

soen asaz ser dos fillos
dos homes, e duros casos,
muitos, proban ós divinos. (PGC, 31)

Pero ás veces esa conciencia do fracaso resólvese en duro ataque ao pobo, o suposto receptor da mensaxe do bardo que o ignora, sumido na molície e na escravitude. Ante o corpo morto dun bardo que xace tirado na soidade dun camiño, exclama a fada Bergantiños no poema 81:

Así tratan os pobos
en baixeza sumidos,
cando rudos ignoran
os seus grandes destinos,
a aqueles que lle ensinan, esforzados,
os groriosos camiños.
[...]
Raza escura, galaica,
de rústicos instintos,
que injusta sacrificas
os teus millores fillos. (PGC, 175)

Quizais é por esa incompreensión polo que os poemas en que aparece o Bardo en *Queixumes*... case sempre nos mostran unha imaxe da desesperación e o fracaso que se manifesta na intensa melancolía ou a reflexión sobre o paso do tempo (poemas 35, 37, 39). Varias son tamén as composicións en que o bardo se caracteriza como un tolo ou aparece morto (poemas 5, 7, 14, 16, 63, 69, 81, 83), sumido no esquecemento do pobo, e lembrado só polo selecto grupo dos escollidos que entenden a súa misión: heroes, fadas, e a mesma natureza, como o salvaxe val de Brantoa que lle fala nestes termos ao bardo que lle pide que acolla o seu corpo despois da morte:

teus vagos e doces cantos,
certo, non desconocidos
me son e non veces poucas
os teño quezais oído
[...]
un bardo que tan ben canta
non debe teme-lo olvido. (PGC, 30)

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

Estes últimos versos son importantes porque dan a clave da concepción do autor sobre o labor poético: o éxito non depende da mensaxe en si, senón da excelencia do canto. O que lle garante ao bardo ser recordado non é o seu sacrificio en prol do ben da comunidade, nin sequera a súa función de transmisor da memoria colectiva, senón a calidade do seu canto. De aquí dedúcese tamén que a calidade do canto é esencial para a transmisión da mensaxe, pois aplicando a relación metonímica, o feito de que o bardo non sexa esquecido implica que os seus cantos coa mensaxe que portan tampouco serán esquecidos. Neste sistema ideolóxico enténdese a estética pondaliana na que a elaboración formal ten un claro protagonismo e non se somete de ningún xeito á necesidade de facilitar a transmisión da súa transcendental mensaxe.

O bardo é o transmisor dunha música universal que debe reproducir con fidelidade, por iso a perfección e a calidade do seu canto é esencial. A súa voz recolle a mensaxe do vento nos piñeiros, o discurso dos vales e dos bosques e o murmurar das augas, e quizais para poder escoitar eses sons que o inspiran é polo que precisa vivir en "soedade agreste", afastado da xente. Esta identificación cunha voz do cosmos aparece tamén xa nun dos seus poemas de mocidade dedicado á súa curmá Emilia en que pretende definir a vida do poeta:

Su voz imita toda voz que sale
de la tierra, del viento y de las aguas. (CC, 84)

A actividade poética, entendida sempre como "canto", coa carga de oralidade que isto implica, é para os bardos un destino ineludible ou unha condición natural, pois son definidos como "[...] aqueles que punza / a fatal lei do canto" (PGC, 10) e ese canto sae inevitablemente do seu propio interior, sen concederlles descanso:

Da alma no fondo
eu levo unhas cordas,
que a cada momento
soando están soas. (PGC, 130)

Pero ademais, no retiro que lle é característico, o bardo "soña antr'as uces / co tempo pasado" (PGC, 11). A permanente rememoración do pasado é ineludible para o bardo, igual cá propia actividade poética, e vai sempre

unida á proxección de esperanzas para o futuro, o que lle provoca unha constante inqueda que lle impide o descanso:

E pois é meu traballo
non poder olvidar...,
nunha cousa convérteme
insensibre e cervical:
[...] várreme da memoria
este soñar audaz;
arráncame da alma
o imaxinar lanzal; (PGC, 141)

Ao mesmo tempo vive dominado por "turbulenta ambición / propósitos de ferro" (PGC, 14), de xeito que esa música do cosmos, da que parece ser un eco, transmítelle unha mensaxe que se sitúa na historia e que trae lembranzas do remoto pasado dos aguerridos celtas nos que ha de afincarse a moral guerreira e a ansia de loita por un futuro tan glorioso como aquel pasado. No mundo poético de Pondal encontrase unha liña de continuidade entre pasado e futuro, en oposición ao presente. A habitual oposición entre pasado e futuro resólvese nunha identidade que comenta José Luis Varela de xeito iluminador a partir dunha estrofa do último poema de *Queixumes...* xa citada:

Pondal encuentra un escape 'para esa antinomia, porque el pasado conserva en él el carácter de profecía. Los mitos no son historia — decía Vicente Risco—, pero la historia se cumple según el mito. [...]

Cal recios acentos
de escura sibila,
de pasados, futuros destinos
a alma adiviña.

En esa coma que separa el pasado del futuro y divide formalmente el verso penúltimo, veo formalizada la contigüidad armónica del tiempo en Pondal. El alma adivina el pasado, pero adivinar el pasado equivale a adivinar el porvenir. (Varela, 1956: 7)

O vencello entre pasado e futuro establécese dende a especial percepción do bardo, que capta unha mensaxe telúrica escoitando os signos da natureza e

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

se converte na figura central arredor da cal se articula todo o universo poético que toma forma nos poemas, de xeito que a evocación ou a contemplación da paisaxe, a vivencia do amor, os cantos aos heroes ou as reflexións directas sobre o destino de Galicia enténdense dende a posición deste personaxe que, en gran medida é un *alter ego* do propio poeta, quen tamén se considera a si mesmo un bardo. Así e todo a identificación do bardo co profeta e o visionario maniféstase en escasas ocasións dun xeito expreso¹¹⁸ e trátase máis ben dun aspecto suxerido coa simple presenza desta figura, aspecto que cobra forma no que Forcadela chama un "momento visionario central" no poema 45, comentado máis arriba, onde o poeta se dirixe ao pobo para agoirarlle os seus "groriosos destinos" e formula a súa ideoloxía iberista co postulado da reunificación dos pobos ibéricos baixo o liderado de Galicia. Podería engadirse aínda un eco dese momento visionario no poema 75, que se articula como unha chamada a manterse firmes nos propósitos que levarán a ese futuro glorioso, pois considérase que sería imposible cun liderado hispánico:

Nos esquivos combates
e nos fortes empeños,
qu'hai que ter polos nobres
ideales ibéricos,
non detéña-la pranta
nos límites estreitos;
non sigas os hispánicos,
políticos pigmeos;
non olvides, joh forte!,

118 Apenas ao final do poema 81 aparece claramente expresada esta característica do bardo:

ai de ti, que así tratas
teus profetas divinos...!
¿A quen ti, necia, debes
saír d'escuro olvido,
dura raza, senón a estes videntes,
nobres e peregrinos? (PGC, 176)

Porén a identificación do poeta co profeta é moi temperá e xa estaba presente en poemas casteláns da súa primeira etapa, como vemos nestes versos do poema "Plegaria", xa citado:

Cada poeta es un profeta ardiente
En medio de esta vida transitoria (EP, 120)

os galaicos intentos:

¡Quebrantemos da serva Lusitania

tamén os duros e oprobiosos ferros! (PGC, 158)

As consecuencias formais desta actitude resumiríanse no uso de frases exclamativas, na reiteración dun "¡oh!" enfático precedendo os momentos culminantes do discurso e no uso de formas verbais en futuro e imperativo. Pero sobre todo interéсанos o que significa de cara á superación da concepción do eu propia do Romanticismo, posto que o conflito do individuo coa sociedade do seu tempo resólvese nunha actitude de loita que mira o futuro con esperanza.

Esa ansia de gloria para o individuo toma a forma de aspiración a unha morte en combate, que o dignificaría, independentemente do logro ou o fracaso do obxectivo final da súa loita. Este motivo encóntrase nunha serie de poemas en que se manifesta con máis claridade o helenismo de Pondal, e especialmente a influencia das súas lecturas dos líricos gregos arcaicos:

deixar de min quixera

un radioso lóstrego

e morrer con honor como morrera

Brásidas valeroso. (PGC, 7)

¡Oh, quen morrer poidera

coma o forte Leónidas,

envolto en duro ferro

noutras rudas Thermópilas (PGC, 16)

Pero esta morte heroica redúcese a un desexo que forma parte dos soños e os ideais dun bardo que vive nun tempo decadente no que se vai facendo vello e lle van minguando as forzas, ata que o seu peregrinar sen destino determinado encontra acougo coa morte. Por iso abundan os momentos en que o invade a melancolía pola perda dalgún ben pasado:

Suidades de non sei que,

recordos quezais do espírito,

dalgunha perdida patria

ou d'antigo ben perdido,

nesta peregrinación

miña van sempre comigo (PGC, 29)

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

Esta constante insatisfacción co presente que provoca a rememoración dun ben perdido é comentada por Forcadela (1995: 274 e ss.) en relación coa figura de Luzbel, que posiblemente recolle Pondal do poema *Lost Paradise* (1667) de John Milton, do que tiña unha edición crítica na súa biblioteca. A imaxe do anxo caído conserva alí unha beleza que é testemuña do perdido esplendor primeiro, e polo tanto vincúlase co tema da fatalidade, pero tamén presenta connotacións enaltecedoras pola súa procedencia divina. Tanto o poeta como Luzbel están marcados por unha lei fatal que os expulsa do paraíso, identificándose este no caso do bardo cun pasado biográfico máis ou menos inmediato ou un pasado remoto evocado, en ambos os casos un tempo irrecuperable de harmonía e plenitude:

O tema da caída adquire unha singular importancia na cosmovisión pondaliana. A infancia, a etapa arcádica, a era céltica e o amor son os lugares dos que se cae, en definitiva: o paraíso. Pero, como veremos, tamén se cae da esperanza centrada no triunfo dunha ideoloxía. O mito de Luzbel non será máis que o mito da perda, da carencia e, como di Durand, do castigo. (Forcadela, 1995: 279)

Efectivamente, a pesar do coidado silenciamento do cristianismo resulta rechamante a recorrente alusión á figura de Luzbel, que non adoita aparecer como representación do mal, senón da derrota e do desamparo, e suscita asemade compaixón pola súa desgraza e admiración pola súa orixe celestial. Así o poeta compárase co príncipe das tebras no poema 5:

de mil suidades fondas
o túrbido escadrón,
com'a Luzbel, privara
do primeiro esplendor.
Son os bardos sapientes,
que lei fatal lanzou
soñadores e vagos
de súa condición. (PGC, 14)

E o solitario cabo do poema 20 co que parece identificarse o bardo, curtido polo paso do tempo que consumiu a imaxe enérxica dos seus primeiros anos, tamén se asocia co anxo caído:

De Luzbel compañeiro na derrota
compre quezais unha fatal condena. (PCG, 42)

Esta caracterización do bardo, porén, deixa aberta unha porta cara ao futuro limitando a derrota ao momento presente, pois o anxo caído tamén é un anxo rebelde que exerce o seu poder na escuridade e que aspira a vencer algún día as forzas dominantes.

Configúrase así a dualidade significativa do bardo como heroe admirado, por unha banda, e por outra como antiheroe, illado e marxinal, mesmo identificado como tolo, incomprendido e ignorado pola sociedade do seu tempo. Ambas imaxes alternanse ao longo dos diferentes poemas en que se presenta, ora como cantor dun pasado glorioso e transmisor dunha mensaxe telúrica que profetiza un futuro esperanzador, dono dun discurso imperativo e disposto a unha morte heroica, ora sumido na melancolía e consumido polo paso do tempo e a conciencia de fracaso. Esta dualidade vén imposta pola oposición entre o tempo presente e a liña harmónica en que se unen pasado e futuro como tempo do ben perdido que se ha de recuperar.

2.2.4. *As figuras femininas e a Terra*

A personificación dun país na imaxe dunha muller, común a varias literaturas europeas, foi utilizada con frecuencia para a representación de Irlanda, que conta co remoto precedente de Amergin, o primeiro poeta irlandés segundo o *Libro das Invasións*, que parece ser o primeiro en utilizar a figura feminina de Eirin para cantar a beleza de Irlanda (Sainero, 1988: 102). En Pondal aparece con certa frecuencia a mitoloxización do espazo físico da nación na figura dunha muller moza. Un exemplo claro é o poema "Extramil", onde aparece a fada Patria ou Celtia, tamén chamada Erím polos bardos, que se loa pola súa beleza lanzal e voz doce, para invocala ao final como guerreira para que se apreste á loita

De Urban nobre filla
de corpo especil [...]
tu, Patria, asomellas
os xuncos do Andriz
que saen lanzales
da doce raíz.
[...]

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

Levántate, apréstate,
¡Oh, Celtia xentil!
O tempo é chegado
do arco brandir. (XS, 197)

Segundo Carmen Blanco (1997), é nas composicións máis apegadas á realidade cotiá do escritor onde se manifesta a erótica de cazador e guerreiro dirixida ás mulleres do pobo, que considera a muller como presa natural destinada ao exclusivo pracer do home, combinada con outra erótica idealista de inspiración cortés e romántica dirixida ás mulleres de clase superior. Fronte a estas imaxes da muller, dentro da construción do mito celtista aparecerían outras proxeccións da figura feminina que se resumen na moza guerreira, a fada e a virxe¹¹⁹. Un exemplo deste ideal feminino dentro de *Queixumes...* é a virxe guerreira Marañas, que cae no combate contra os romanos e recibe a loanza do bardo Margaride:

Maroñas, boa Maroñas,
¡jouh! virxen do seo albar,
como a espuma das Basontas
cando sinten tempestá;
tan lixeira como os corzos
que foxen no carballal;
cal pino da costa de Ures
de esbelto e dereito van;
a valente entre os valentes,
a quen ben as armas stán; (XS, 65)

Outra forma deste ideal encárnaa a doce Baltar, lixeira compañeira do guerreiro que lle dá forzas no combate. Dentro de *Queixumes...* aparece no poema "O escuro Brandoñas", evocada pola súa fermosura e aérea presenza, e nos poemas publicados postumamente desenvólvese esta evocación en "Baltar" e "Os fillos dos celtas" co lamento pola súa morte e a chamada

119 Para esta estudosa as mulleres do glorioso pasado celta da obra de Pondal serían emanacións de Maeve (Mebd na forma irlandesa), heroína raíña das fadas, activa amante e guerreira. No entanto, este personaxe do ciclo épico do Ulster é considerado tamén o arquetipo de muller de voracidade sexual e vigor guerreiro que non concorda co carácter etéreo e virxinal das fadas pondalianas.

para que esperte do seu sono atribuíndolle características guerreiras, o que suxire a súa identificación coa patria sometida:

Os fillos dos celtas
do corpo lanzal [...]
en ti cuidadosos
e tristes están;
que como non sinten
teu paso fugaz,
silbar túas frechas,
teu casco brillar,
con fúnebre acento
te soen chamar:
Desperta do sono,
desperta, Baltar. (XS, 195)

Nestes cantos confúndese o amor humano e o amor patriótico, pois a figura da muller idealizada conforme a uns valores heroicos confírelle un carácter etéreo e provoca a identificación co amor á terra asociada á ansia de liberdade. Pero tamén aparecen representacións da patria identificada cunha muller desfeita polo peso da dor. Este é o caso de "A guerra dos escravos", onde a situación da muller reflicte unha progresión das desgrazas, da soidade á miseria, nunha clara alegoría de Galicia frecuente xa en moitos poetas da época:

Cando te vexo, joh! filla
de Breogán, nobre e boa,
cando te vexo triste,
desvalida e chorosa,
entonces sin querelo
vén á miña memoria,
as guerras dos escravos,
as guerras dos ilotas.
[...]
Cando te vexo pobre
chamando ás duras portas,
aspeada e tolleita
cos teus fillos nas costas,
entonces me parece

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

que en torno de min soan
as guerras dos escravos,
as guerras dos ilotas. (XS, 166)

Igual cá imaxe da muller nova, forte e loitadora, esta imaxe ten unha función mobilizadora, pois o contraste entre a nobre orixe e a humillante situación presente lembra a necesidade dunha loita pola liberación.

2.2.5. A significación da achega de Pondal ao sistema literario galego

Despois da obra de Pondal o celtismo impregna a literatura galega e maniféstase nos escritores das xeracións seguintes tanto na invocación dese pasado glorioso prehistórico como en alusións directas ao elemento celta do pobo galego, e ata Rosalía de Castro é cualificada de "musa celta" ou "céltica cantora" nos poemas que lle dedican despois da súa morte. Por tanto a súa obra actúa ampliando repertorios específicos do sistema literario galego e servirá de base para unha fecunda rede de referencias intertextuais activa ata a actualidade. O éxito da proposta do poeta bergantiñán é notable no ámbito literario e serán eses ecos epigonais os que avancen polo camiño da difusión popular do mito, se ben o obxectivo último do canto do bardo, que era espertar a autoestima e o espírito de loita do pobo para conquistar a súa liberdade, non se concretou en movementos sociais significativos.

A decisión de producir literatura en galego por parte dos escritores do Rexurdimento constitúe de seu unha actitude de resistencia á asimilación e primeiro paso decisivo para a elaboración dun contradiscurso cultural, incluso con independencia do contido dos textos. A importancia da elección lingüística continúa tendo esta significación ata a actualidade e non só afecta á construción do discurso, senón á totalidade do fenómeno literario, tal como explica Barbara Harlow:

The very choice of the language in which to compose is itself a political statement on the part of the writer [...] The debate on language is crucial to a discussion of resistance literature, involving as it does questions of writer and background as well as issues of readership and audience. (Harlow, 1987: XVIII).

No caso de Pondal a cuestión lingüística é aínda máis conflitiva, posto que a elección de idioma e as conseguíntes limitacións que impón na difusión da súa obra invalida parcialmente a propia razón de ser do seu discurso, concibido como o canto que ha espertar a conciencia dun pobo durmido na submisión e a molicie. Porén o uso do galego é un factor constitutivo irrenunciable no seu sistema ideolóxico e estético, pois para Pondal a lingua é, por unha parte, un testemuño do pasado arcaico prerromano, tanto polos vocábulos conservados como pola forza que exerce como substrato do latín que explicaría a súa deturpación dando lugar a unha variante lingüística diferenciada e, por outra parte, a súa subsistencia fronte á presión do castelán demostra a operancia presente desa forza telúrica que lle permitiría impregnar e moldear o latín. Polo tanto, a lingua é un signo de identidade determinante e un nexos de conexión con ese pasado nobre e esplendoroso que se quere evocar.

O ambiente propicio ao uso das linguas vernáculos forxado polo movemento romántico ben seguro que favorece o progresivo interese de Pondal polo galego, que se inicia coa publicación do poema "A Campana d'Anllóns" en 1861. Con todo, superando a novidade romántica de aproximación da lingua literaria á lingua popular, o poeta galego opta por unha actitude claramente clasicista no tratamento da linguaxe, o que para Forcadela (1995: 138-139) constitúe un dos aspectos centrais da súa peculiar personalidade literaria e unha mostra da tendencia ascensional da súa imaxinación, que opón o elemento simbólico da terra e a lingua popular a esa vontade de crear unha lingua clásica e imperecedoira.

Para concluír, a obra de Pondal, enmarcada no rexurdir celtista que se inicia no século XVIII en diferentes países europeos, amosa unha vontade de desmarcarse do contexto literario español e de buscar modelos directamente noutras culturas europeas, e mesmo noutras culturas emerxentes como a bretoa e a irlandesa, fuxindo das correntes en voga na literatura castelá. Pero ao mesmo tempo os contidos do discurso son elixidos en función da ideoloxía subxacente e, polo tanto, condicionados por un fin extraliterario: a rexeneración política de Galicia. Por tanto a creación literaria concíbese como un espazo de resistencia dende o que se intenta proxectar unha imaxe unitaria da identidade nacional e construír ou consolidar un imaxinario colectivo galego. Esta sobrecarga ideolóxica do discurso comporta o recoñecemento implícito de que a literatura actúa como espazo privilexiado para a produción de signos étnicos e esta función imponse á súa consideración de experiencia estética. Porén, o perigo de subordinar as esixencias estéticas a outros fins é superado en parte

III. O CELTISMO E A MATERIA DE BRETAÑA NA LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XIX

por Pondal quen, como xa vimos, á hora de elaborar a súa obra antepón o efecto estético á efectividade ideolóxica. A autonomía discursiva da literatura galega e o correspondente cuestionamento das macrometáforas lexitimadas polas diferentes tendencias do ideario nacionalista, non obstante, é un logro que queda reservado ás xeracións futuras e cara ao que se avanzará moi lentamente, á par do difícil proceso de normalización lingüística, social e cultural.

BIBLIOGRAFÍA

- AA. VV. (1955). *Paisaxe e cultura*. Vigo: Galaxia.
- AA. VV. (1980). *Álbum de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861, seguido de un mosaico poético de nuestros vates gallegos contemporáneos*. Madrid: Giner. [Cit. pola edición facsimilar orixinal].
- AA. VV. (1984). *O mundo de Cunqueiro* (Extra nº 2). Vigo: A Nosa Terra.
- AA. VV. (1986). *Eduardo Pondal. Home libre, libre terra* (Extra nº 7). Vigo: A Nosa Terra.
- AA. VV. (1989). *Ramón Cabanillas. Camiño adiante* (Extra nº 10). Vigo: A Nosa Terra.
- AA. VV. (1991). *O mundo de Cunqueiro. Edición ampliada* (Extra nº 2). Vigo: A Nosa Terra.
- Abellán, J. L. (1992). *Historia crítica del pensamiento español* (Vols. 1-8). Barcelona: Círculo de Lectores.
- Almeida, I. (1993). Amadis de Gaula. En G. Lanciani e G. Tavani (Coords.), *Diccionario da Literatura Medieval Galega e Portuguesa* (pp. 49-50). Lisboa: Editorial Caminho.
- Alonso Montero, X. (1970). *Constitución del gallego en lengua literaria. Datos de una problemática cultural y sociológica en el s. XIX*. Lugo: Ediciones Celta.
- Alonso Montero, X. (Ed.) (1979). *Obra Completa de R. Cabanillas* (Vols. 1-3). Madrid: Akal.
- Alonso Montero, X. (1989). Don Ramón Cabanillas confésase con Don Ramón Otero Pedrayo. En AA. VV. *Ramón Cabanillas. Camiño adiante* (Extra nº 10, pp. 4-10). Vigo: A Nosa Terra.
- Alvar, C. (1982). Prólogo. En J. d'Arras, *Melusina o la Noble Historia de Lusignan* (pp. IX-XVIII). Madrid: Siruela.

- Alvar, C. (1991). *El rey Arturo y su mundo. Diccionario de mitología artúrica*. Madrid: Alianza Editorial.
- Alvar, C. (Ed.) (1980). *Demanda del Santo Graal*. Madrid: Editora Nacional.
- Alvar, C. (Ed.) (1987-88). *Lanzarote del Lago* (Vols. 1-7). Madrid: Alianza Editorial.
- Alvar, C. (Ed.) (1988). *La muerte de Arturo*. Madrid: Alianza Editorial.
- Alvar, C. (Ed.) (1989). *La historia de Merlín* (Vols. 1-2). Madrid: Siruela.
- Alvar, C. (Ed.) (1994). *María de Francia*. Lais. Madrid: Alianza Editorial.
- Alvar, C. (Ed.) (1996). *La muerte del rey Arturo*. Madrid: Alianza Editorial.
- Álvarez, R. e Vilavedra, D. (Coords.) (1999). *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Amado Rodríguez, M. T. (1999). Os gregos e Pondal. En R. Álvarez e D. Vilavedra (Coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero* (Vol. II, pp. 95-107). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Amor Couto, M. (1988). A obra de Xosé Luís Méndez Ferrín. En A. Ansedo Estraviz e C. Sánchez Iglesias (Dirs.), *Historia da literatura galega* (Vol. 5, pp. 1473-1504). Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- Anderson, B. (1999) [1983 e 1991]. *Imagined Communities. Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. Londres: Verso.
- Angueira, A. (1992). Con pólvora e magnolias de Xosé Luís Méndez Ferrín. Pontevedra: Do Cumio.
- Angueira, A. (2010). *A espiral no espello*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

BIBLIOGRAFÍA

- Ansede Estraviz, A. e Sánchez Iglesias, C. (Dirs.) (1996). *Historia da literatura galega* (Vols. 1-5). Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- Araújo, M. T. (1997). Fontes de Fría Hortensia: Branwen, filia de Llyr. *Boletín Galego de Literatura*, (18), pp. 125-129.
- Arbois de Jubainlle, H. d' (1981). *El ciclo mitológico irlandés y la mitología celta*. Barcelona: Visión Libros.
- Armada Pita, X. L. (1999). Unha revisión historiográfica do celtismo galego. En *Os celtas da Europa Atlántica. Actas do 1º Congreso Galego sobre a Cultura Celta* (pp. 229-272). Ferrol: Concello de Ferrol.
- Armesto Faginas, X. F. (1987). *Cunqueiro: unha biografía*. Vigo: Xerais.
- Ashe, G. (1992). *Le roi Arthur: rêves d'un âge d'or*. París: Éditions du Seuil.
- Axeitos, X. L. (1993). O celtismo na poesía galega. En AA. VV., *Anuario de Estudios literarios galegos 1992* (pp. 95-106). Vigo: Galaxia.
- Barreiro Fernández, X. R. (1981). *Historia Contemporánea (ss. XIX-XX)*, III. *Historia de la cultura gallega*. A Coruña: Ediciones Gamma.
- Barreiro Fernández, X. R. (1982). *Liberales y absolutistas en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Barreiro Fernández, X. R. (1986). A recreación do mito celta. En AA. VV., *Eduardo Pondal. Home libre, libre terra* (Extra nº 7, pp. 27-29). Vigo: A Nosa Terra.
- Barreiro Fernández, X. R. (1991). *Historia Contemporánea. Política (s. XIX)*. En F. Rodríguez Iglesias (Coord.), *Galicia. Historia* (Vol. VII). A Coruña: Hércules Ediciones.
- Barreiro Fernández, X. R. (1993). A historia da Historia. Aproximación a unha historiografía galega: de Murguía a Risco. En J. G. Beramendi (Coord.), *Galicia e a historiografía* (pp. 183-210). Santiago de Compostela: Tórculo.

- Barthes, R. (1957). *Mithologies*. París: Éditions du Seuil.
- Baudri, R. (1998). *Graal et littératures d'aujourd'hui*. Rennes: Terre de Brume Éditions.
- Bel Ortega, F. (1991). *Vida e obra de Francisco Añón*. Pontevedra: Fundación Barrié de la Maza.
- Beramendi, J. G. (1981). *Vicente Risco no nacionalismo galego* (Vols. 1-2). Santiago de Compostela: Edicións do Cerne/minor.
- Beramendi, J. G. (1986). Os referentes nacionais en Rosalía e no provincialismo galego. En *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* (Vol. III, pp. 381-394). Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela.
- Beramendi, J. G. (1988). *Manuel Murguía*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Beramendi, J. G. (decembro de 1998b). Murguía e os alicerces da nación galega. *A Nosa Terra*, (19), pp. 7-13.
- Beramendi, J. G., Máiz, R. e Núñez Seixas, J. M. (Eds.) (1994). *Nationalism in Europe. Past and Present*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Bermúdez, T. (1996). Gonzalo R. Mourullo na narrativa galega. En AA. VV., *Anuario de Estudios literarios galegos 1995* (pp. 39-61). Vigo: Galaxia.
- Bermúdez, T. (2001). Introducción. En R. Mourullo, *Nasce un árbore. Memorias de Tains* (pp. 7-92). Vigo: Xerais.
- Blanco, C (1987). Méndez Ferrín o el poder de la imaginación, *Ínsula* (493), pp. 14-15.
- Blanco, C. (1992). Da escritura e da revolución na narrativa de Méndez Ferrín. *Boletín galego de Literatura*, (7), pp. 41-51.

BIBLIOGRAFÍA

- Blanco, C. (1994). A espiral permanente: Aproximación á figura literaria de X. L. Méndez Ferrín. En AA. VV., *Anuario de Estudios literarios galegos 1993* (pp. 11-45). Vigo: Galaxia.
- Blanco, C. (1997). Mulleres na utopía celta de Eduardo Pondal. *Unión Libre. Cadernos de vida e cultura*, (2), pp. 101-118.
- Blanco, C. e Rodríguez Fer, C. (1991). Introducción. En X. L. Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias* (pp. 12-51). Vigo: Xerais.
- Bloom, H. (1973). *The Anxiety of Influence*. Oxford: Oxford University Press.
- Bobillo, F. (1981). *Nacionalismo gallego*. La ideología de Vicente Risco. Madrid: Akal.
- Bobillo, F. (1981b). Introducción. En F. Bobillo, *Obra Completa de V. Risco*. 1. *Teoría nacionalista* (pp. 5-24). Madrid: Akal.
- Bogdanow, F. (1960). The relationship of the Portuguese *Josep Abarimatia* to the extant French MSS. of the *Estoire del Saint Graal*. *Zeitschrift für romanische Philologie*, (76) (pp. 343-375). Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- Bogdanow, F. (1966). *The Romance of the Grail. A Study of the Structure and Genesis of a Thirteenth-Century Arthurian Prose Romance*. Manchester: Manchester University Press.
- Bogdanow, F. (1978). La trilogie de Robert de Boron: le Perceval en prose. En J. Frappier e R. R. Grimm (Dirs.), *Grundriss der romanischen Literaturen des Mittelalters. Les Romans jusqu'à la fin du XIIIe siècle*, IV(1), pp. 513-535.
- Bonilla y San Martín, A. (1907). *Libros de Caballerías. Primera parte: Ciclo artúrico y ciclo carolingio*. Madrid: Bailly Bailliére e hijos.
- Booth, W. (1974). *A Rethoric of Irony*. Chicago: University of Chicago Press.
- Botelho, A. e Braz Teixeira, A. (1986). *Filosofía da saudade*. Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.

- Bourdieu, P. (1979). *La Distinction: Critique sociale du jugement*. Paris: Minuit
- Bourdieu, P. (1995). Las reglas del arte. *Génesis y estructura del campo literario* (T. Kauf, Trad.). Madrid: Anagrama [Obra orixinal publicada en 1992].
- Bousoño, C. (1985) [1952]. *Teoría de la expresión poética*. Madrid: Gredos.
- Bouyer, L. (1986). *Les lieux magiques de la légende du Graal: de Brocéliande en Avalon*. París: O. E. I. L.
- Bouza-Brey, F. (1 de xaneiro a 1 de abril de 1925). A formazón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus Queixumes. *A Nosa Terra*, (208-211).
- Bouza-Brey, F. (1981). *Obra literaria completa*. Vigo: Xerais.
- Brea, M. (1994). Evolución lingüística externa. *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, VI(2) (pp. 80-97). Tübingen: Max Niemeyer Verlag.
- Buckley, R. (1982). La materia de Bretaña en la obra de Álvaro Cunqueiro. En R. Buckley, *Raíces tradicionales de la novela contemporánea en España* (pp. 191-210). Barcelona: Península
- Bugallal y Vela, J. (1974). Galicia. En S. Cañada (Ed.), *Gran Enciclopedia Gallega: Tomo XV* (pp. 43-65). Xixón: Silverio Cañada Editor.
- Cabanillas, R. (5 de outubro de 1920). A saudade nos poetas gallegos. Discurso de Ramón Cabanillas. *A Nosa Terra*, (129), pp. 2-5.
- Cabanillas, R. (1 de agosto de 1921). O cabaleiro do Sant Grial (Saga). *A Nosa Terra*, (145), pp. 1-5.
- Cabanillas, R. (15 de xaneiro de 1926). A espada Escalibur (Duam). *Nós*, (25), pp. 1-6.
- Cabanillas, R. (1979). *Obra Completa I*. Madrid: Akal [Edición e limiar de X. Alonso Montero].

BIBLIOGRAFÍA

- Cabanillas, R. (1979b). *Obra Completa II*. Madrid: Akal [Edición e limiar de X. Alonso Montero].
- Cabanillas, R. (1980). *Obra Completa III*. Madrid: Akal [Edición e limiar de X. Alonso Montero].
- Cabanillas, R. (1988). *Na noite estrelecida*. Vigo: Xerais [Edición e introdución de X. R. Pena].
- Cacho Blecua, J. M. (1987). Introducción. En G. Rodríguez de Montalvo, *Amadis de Gaula* (pp. 19-216). Madrid: Cátedra.
- Calinescu, M. (1991) [1987]. *Cinco caras de la modernidad. Modernismo, vanguardia, decadencia, kitsch, posmodernismo* (F. Rodríguez Martín, Trad.). Madrid: Tecnos.
- Camba Sanmartín, X. (1996). A Nova Narrativa. En A. Ansedo Estraviz e C. Sánchez Iglesias (Dirs.), *Historia da literatura galega* (Vol. 5, pp. 1283-1312). Vigo: Asociación Socio-Pedagóxica Galega.
- Campbell, J. (1959). *El héroe de las mil caras. Psicoanálisis del mito*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Capelán Rei, A. (1992). Lectura a contraño de “A nova narrativa galega” de M^a Camino Noia. *Boletín Galego de Literatura*, (8), pp. 61-77
- Capelán Rei, A. (1996). Invitación á viaxe. En X. L. Méndez Ferrín, *Retorno a Tagen Ata* (pp. 7-43). Vigo: Xerais.
- Carballo Calero, R. (1976). Prólogo. En R. Cabanillas, *Na noite estrelecida*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Carballo Calero, R. (1977). Cartas de Cabanillas. En AA. VV., *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento* (pp. 38-45). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Carballo Calero, R. (1981). *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia.

- Carballo Calero, R. (1986). Sobre o helenismo de Pondal. En AA. VV., *Eduardo Pondal. Home libre, libre terra* (Extra nº 7, pp. 49-53). Vigo: A Nosa Terra.
- Carreira López, M. (2021). *Transcendencia e cidadanía. Estudo mitocrítico dos relatos de X. L. Méndez Ferrín*. Colección Textos e Estudos. Universidade do Algarve: Centro e Estudos Galegos da Universidade do Algarve.
- Casas, A. (1994). Pragmática y poesía. En D. Villanueva (Comp.), *Avances en Teoría de la Literatura (Estética de la Recepción, Pragmática, Teoría Empírica y Teoría de los Polisistemas)* (pp. 229-308). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- Casas, A. (2000). A poesía galega entre 1916 e 1936. En A. Tarrío (Coord.), *Historia da Literatura Galega, volume III: O século XX. A literatura anterior á Guerra Civil* (pp. 85-213). A Coruña: Hércules Ediciones.
- Cátedra, P. M. e Rodríguez Velasco, J. (2000). *Creación y difusión de "El balandro del sabio Merlín" (Burgos, 1498)*. Salamanca: Seminario de Estudios Medievales y Renacentistas.
- Chevalier, J. e Gheerbrant, A. (1982) [1969]. *Dictionnaire des Symboles*. París: Éditions Júpiter.
- Cirlot, M. V. (1982). Introducción. En M. V. Cirlot (Ed. e Trad.), *Mabinogion. Relatos galeses* (pp. 9-73). Madrid: Editora Nacional.
- Cirlot, M. V. (Ed. e Trad.) (1982). *Mabinogion. Relatos galeses*. Madrid: Editora Nacional.
- Cirlot, M. V. (Ed. e Trad.) (1986). *Perlesvaus o el alto libro del Graal*. Madrid: Siruela.
- Cirlot, M. V. (1987). *La novela artúrica*. Barcelona: Montesinos.

BIBLIOGRAFÍA

- Cirlot, M. V. (1991). La estética literaria del Amadís. En G. Rodríguez de Montalvo, *Amadís de Gaula* (pp. XXXIV-XLVI). Barcelona: Planeta.
- Cirlot, M. V. (1998). Mitos de la Europa arcaica. En I. Bonnefoy (Dir.), *Diccionario de las mitologías, IV. Las mitologías de Europa* (pp. 27-32). Barcelona: Destino.
- Cores Trasmonte, B. (1974). Faraldo, Antolín. En S. Cañada (Ed.), *Gran Enciclopedia Gallega: Tomo XI* (pp. 90-101). Xixón: Silverio Cañada Editor.
- Crécy, M. C. d. (Ed.) (1997). *Ponthus et Sidoine*. Xenebra: Droz.
